46 outubro novembro decembro 1974

GRIAL



PILAR VÁZQUEZ CUESTA: Curros, os escritores portugueses e o Ultimatum.

VICENTE RISCO: Encol do simbolismo do Grial.

ADOLFO SNAIDAS: "Aura" e a novela hispanoamericana.

XOSÉ LESTA MEIS: Manecho o da rúa.

XESÚS FERRO COUSELO: Dona Tereixa, fundadora e raiña de Portugal.

CARLOS DURÁN: A epistemoloxía de Karl Popper.

VIGO

GRIAL REVISTA GALEGA DE CULTURA

N.º 46 - OUTUBRO, NOVEMBRO, DECEMBRO 1974

SUMARIO

ENSAIOS — Páxinas

Curros, os escritores portugueses e o Ultimatum, por PILAR VÁZQUEZ CUESTA 385

Encol do simbolismo do Grial, por VICENTE RISCO 426

"Aura" e a nova novela hispanoamericana, por ADOLFO SNAIDAS 434

ESCOLMA

Manecho o da rúa, por **XOSÉ LESTA MEIS** 442

A cabra do señor Seguín, de Alphonse Daudet, trad. de X. BABARRO 461

Tres poemas, de BERNARDINO GRAÑA 465

PENEIRA DOS DÍAS

Dona Tereixa, fundadora e raíña de Portugal, por XESÚS FERRO COUSELO 468

Carta de Barcelona: Dous cincuentenarios, por XESÚS GONZÁLEZ GÓMEZ 472

A epistemoloxía de Karl Popper, por CARLOS DURÁN 475

"A revolta e outras farsas", de Mariñas del Valle, por SERXO LÓPEZ CASTRO 479

"Lo gallego" en la primitiva poesía popular uruguaya, por CARLOS A. ZUBILLAGA BARRERA 485

Encol da publicación do "Léxico de la comarca compostelana", por FRANCISCO FERNÁNDEZ REI . 494

LIBROS, por *Aurora Marco, Carlos Durán, A. G., Ricardo Palmás* e *S. G. B.* 499

O REGO DA CULTURA 508

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Director periodista: **Xosé Landeira Yrago.** — Codirectores: **Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego.**—Consello de Redacción: **R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega - X. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos - Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.**

CURROS, OS ESCRITORES PORTUGUESES E O ULTIMATUM

Para o Antonio Cruz Rosón, irmán na Galiza.

A bruteza do Ultimatum que no 11 de xaneiro de 1890 apresenta a Inglaterra a Portugal para que éste deixe inmediatamente o seu papel de competidor na carreira contra o relox que as dúas nacións estaban a rifar naquel intre polo dominio da actual Rodesia (zona de rozamento por resultar ao mesmo tempo indispensábel para a realización do soño lusitano do *ma-pa cor-de-rosa* —unha Africa Austral portuguesa sin solución de continuidade da Angola ao Mozambique— e o proiecto británico de unir O Cabo co Cairo polo interior do Continente Negro baixo da bandeira da Sua Graciosa Maxestade) desperta na España unha viva corrente de simpatía de cara ao veciño país.

A ofensa ao pobo irmán e a tremenda crisis non somentes constitucional mais tamén moral que ela trai consigo son vividas na España durante máis dun ano como cousa da casa. Surxen de sotaque, fortes e insospeitados, sentimentos de solidaridade ibérica que as renxelas tan comúns entre nacións lindantes abafaran deica entón. A custión luso-británica ocupa as primeiras follas dos xornáis i é aproveitada en inumerabeis artigos para replantear o vello problema das relacións entre os dous Estados peninsulares ás que se tiña de tender para o futuro. Todos os acontecementos da vida política portuguesa —tan axitada e conflitiva naqueles momentos— recóllense prolixamente na nosa imprensa. E a resposta ás chamadas que grupos interesados nelo por motivos políticos fan ás xentes sen partido para que se manifesten a favor de Portugal é sempre cálida e multitudinaria.

Todo esto explícase dunha parte como a reacción natural de xente nobre que ve o feble asoballado polo poderoso. Doutra, polo feito de ter sofrido a España, pouco tempo denantes, unha humillación moi semellante —a custión das Carolinas—, o que lle permitía apreciar en toda a súa magnitude a dor e a raiba lusíadas. Nefeito, había soio cinco anos, no 1885, unha nación non latina

como agora a Inglaterra —a orgullosa Alemaña de Bismarck— tiña tentado tamén sen ningún direito, arrapiñar con unha pequena parte do patrimonio histórico español (a illa de Yap no lonxano Oriente) i este atentado á integridade colonial española dera lugar a unha tan violenta e unánime protesta pola parte das masas que se tiña visto obrigada a desistir dos seus propósitos. E, por suposto, non podemos facer a menos neste caso a persoalidade do agresor: a mesma potencia cobizosa e sen escrúpulos que coa ocupación de Xibraltar mantiña aberta, dende había cáxeque dous séculos, unha ferida na nosa xeografía e no noso orgullo.

Pro hai que engadir a estas razóns outra moi poderosa que, ao axuntárselles, potenciábaas. Por unha sorte de conciencia difusa do vencello existente entre os procesos de desenrolo histórico español e portugués —conciencia que en certo modo proviña da difusión que conseguiran entre nós as obras de Oliveira Martíns e sobor de todo a súa *História da Civilização Ibérica*—, nos circos políticos máis diversos do país pensábase que a transformación en república de calqueira dos dous reinos peninsulares ía traguer con ela inevitábelmente a do outro. Dahí que, mentras liberáis e conservadores se angoixaban pola sorte da dinastía de Braganza como si dos Borbóns se tratar, os republicáns esperasen con impacencia o destronamento de D. Carlos, convencidos de que arrastraría na súa queda ao rei-neno Alfonso XIII.

Signo e premonición do que lles agardaba nun futuro moi próximo, non se podía esixir aos partidos políticos españóis que adoitasen en relación coa crisis lusitana a actitude dun simple espectador. Participaron nela apaixonadamente e, aínda que de lonxe, uns e outros tentaron por todos os meios que tiñan á man axudar aos seus correlixionarios da outra banda da fronteira.

Agora ben, como, debido á prudente mais pouco fachendosa actitude de cara á Inglaterra adoutada por D. Carlos e os dous gabinetes *progressista* e *regenerador* que se suceden durante este periodo no goberno, o movimento de resistencia patriótica ás pretensións inglesas era cáxeque un feudo republicán, os nosos monárquicos non podían axudar aos seus conxéneres portugueses máis que ignorando no posíbel este —ao que atribuirían bastardas intencións partidistas—, restándolle importancia ao conflito lusobritánico e invocando a doutriña da non intervención nos asuntos internos dun outro país. Por contra á oposición republicana o destino tíñalle reservado un papel moito máis simpático: o de exaltar a fraternidade ibérica facendo denuncia da tremenda inxusticia que naquel intre se estaba a cometer coa veciña nación e a falta de patriotismo do monarca lusitán que antepuña os seus propios intereses aos do pobo que lle correspondera rexer.

Boicotados polos canovistas e sagastinos (que conxuntan admirábelmente a súa actuación neste senso) pro secundados afervoadamente polas masas cuios sentimentos naturáis polarizaban, son os republicáns os grandes organizadores desa longa serie de actos (ma-

nifestacións, mitis, convites, homenaxes e recebimentos) no favor da causa portuguesa que están a sucederse sin interrución durante o ano 90 por todo o territorio español [1], aitos cos que, ao mesmo tempo que daban solta á súa sincera simpatía polo país irmán, cuidaban favorecer ao republicanismo luso e de reviravolta tamén favorecérense. Son tamén eles quenes, por meio da imprensa, os estudantes e a súa propia minoría parlamentaria, exercen presión pra que a España defina oficialmente a súa postura do favor do veciño peninsular, e os que en discursos e artigos exaltan as virtudes heroicas do pobo portugués, o cal, abandonado polas clases dirixentes, leva el soio sobor de sí o peso da acción contra os que tan criminosamente atentaban contra a honra da patria. É por eso nos xornáis das diversas fracciòns nas que naquel intre estaba dividido o republicanismo español —fracciòns ás que por un momento o obxetivo común sirve de aglutinante— onde atoparemos un maior número de noticias sobor de Portugal, e non somente noticias de carácter político senón tamén histórico e literario. Pois desa conxuntural popularidade de que goza naquele momento entre nós todo o portugués saen tamén beneficiados os escritores. E será cicáis esta, ao correr do tempo, polo que á España se refire, a consecuencia máis importante desa formidábel crisis de fe no rumo do país que provoca o Ultimatum, adiantado 98 lusitano aínda que de carácter menos intelectual e minoritario que o español por significar non o comenzo senón o remate dun proceso de análisis profundo da vida nacional no que Portugal sácanos unha ventaxa de tres decenios.

A soio tres días da declaración do Ultimatum e dous de ser este coñecido na España, o 14 de xaneiro de 1890 publica "El Liberal" co tídoo *Portugal y sus hombres*, catro pequenas biografías de Teófilo Braga, Antero de Quental, Oliveira Martíns e Latino Coelho considerados por este xornal as persoalidades que máis ilustraban a Portugal naquel intre. No primeiro de febreiro aparecerá en "El Imparcial" un longo e documentado artigo de Carracido sobor de Teófilo Braga (daquela segredario do Directorio Republicán portugués) no que, sin facer referencia á súa actuación política, sulíñase a inxente laboura docente e investigadora do Catedrático do Curso Superior de Letras de Lisboa. E vai ser tamén éste o ano en que vexa a luz o amplo ensaio de D. Juan Valera sobor do *Portugal Contemporáneo* de Labra e a súa gabanciosa crítica das *Viagens na Galiza* de Silveira da Mota, libro que merece tamén unha laudatoria reseña de D. Hermenegildo Giner de los Ríos aparecida o 23 de agosto en "Las Dominicales del Libre Pensamiento". É, emporiso, "El País" —xornal de tendencia zorrillista— o que, aínda dentro do campo unánimemente lusófilo da imprensa republicana do tempo, distínguese durante os trece meses que dura á crisis e máis algún pola atención que adica á literatura portuguesa contemporánea.

[1] V. Pilar Vázquez Cuesta —*Un 98 portugués: el Ultimatum de 1890* (en *Historia de España*: 12 *estudios*. Director José M.ª Jover. Planeta. Barcelona, 1974).

Ademáis de publicar en folletín (do 13 de marzal ao 22 de maio) a tradución de *O Monge do Císter* de Herculano por Salustiano Rodríguez Bermejo, no 19 de abril un anaco da *Marcha do odio* de Guerra Junqueiro (que viña de aparecer naquel intre en Lisboa en folleto ilustrado por Bordalo Pinheiro) e, no 3 de xuño, unha longa nota necrolóxica sobor de Camilo Castelo Branco, co pretexto de dar a coñecer aos seus leitores a patriótica actitude que toda (!!!) a intelectualidade lusitana tiña adoutado perante o Ultimatum, fai desfiar pola súa sección "El Album de El País" nada menos que a trece escritores portugueses viventes, todos eles precedidos do correspondente retrato.

Somentes catro destes artigos —os adicados a Guerra Junqueiro, Antero de Quental, Teófilo Braga e Manuel Duarte de Almeida— están firmados por M. Curros Enríquez. Outros catro —os consagrados a Oliveira Martíns, António Feijó, Ramalho Ortigão e Luis de Magalhães— levan ao pé a inicial C. Un —o do Eça de Queirós— unha T. E os outros máis —sobor de Magalhães Lima, Xavier de Carvalho, Camilo Castelo Branco e Alves da Veiga— son anónimos. Pola súa confeición i estilo semellan, non embargantes, obra dunha mesma man. ¿A qué se debe logo todo ese complexo xogo de nome completo, inicial significativa, inicial desorientadora e anonimato no que anda Curros na que se chama a sí mesma "pequeña galería de celebridades portuguesas contemporáneas" escomenzada, no 14 de xaneiro, co héroe do momento —o africanista Serpa Pinto cuia expedición ao Shire e territorio dos makololos e mashonas tiña provocado xustamente o Ultimatum inglés— pro na que despóis non atopamos máis que literatos. Coidamos ter achado pra este feito que, de inicio, nos sorprendéu, unha explicación bastante satisfactoria.

Entusiasta republicán-progresista e grande amigo de Portugal, o poeta ourensán sigue con verdadeira paixón todas as interquenancias da crisis do Ultimatum. E elo é tan chamadizo que, cando casi un cento de estudantes das tres Universidades portuguesas de Coimbra, Lisboa e o Porto veñen a Madrid en vacacións de Pascoa pra agradecerlle aos seus compañeiros españóis a solidaridade de que tiñan dado probas e ao mesmo tempo fundar a *Federación Escolar Ibérica,* alén de visitar por dúas veces a redacción de "El País", van presentar os seus respeitos a Curros Enríquez[2], honra que non conceden máis que a figuras tan ilustres do republicanismo como Pi y Margall e Salmerón ou a D. Rafael M.ª de Labra, o diputado que xa por dúas veces (no 27 de xaneiro e no 28 de marzal daquel ano) tiña tratado no Congreso de facer presión sobre o Goberno pra que, no enfrentamento luso-británico, se definir oficialmente no favor de Portugal.

Entre os xornalistas que con máis fervor defendían a idea dunha confederación peninsular consideraría pouco despóis a Curros o di-

[2] Ibidem.

reitor de "O Século" e gran propagandista republicán Magalhães Lima[3] de cuio libro *La Fédération Ibérique* reproducimos os seguintes parágrafos: "M. Curros Enríquez, sympathique autant par sa personne que par son caractère. Le Portugal litteraire et politique lui doit beaucoup. Nous profitons de l'occasion pour le remercier publiquement des services rendus pour lui à la cause de la fédération peninsulaire"[4].

Mais Curros Enríquez, antes que militante era escritor, e un escritor que coñecía e ademiraba de antigo a moderna literatura portuguesa, a cual, como galego, non lle oferecía dificultades lingüísticas. Noutro traballo aparecido hai anos nesta revista[5] puxemos de relevo a súa arela de difundir na España a poesía lusitana de vanguarda e as súas extraordinarias condicións de tradutor. Teófilo Braga, Guerra Junqueiro e Antero de Quental tiñan sido recreados máis que verquidos ao castelán por Curros nos dez anos anteriores ao Ultimatum, i espallados aos catro ventos da imprensa periódica pra que aqueles que non eran capaces de enfrentarse direitamente cos orixináis portugueses soupesen polo menos da existencia no Oeste da Península dunha literatura que estaba a vivir unha nova Edade de Ouro. Non pode pois estrañarnos que tratase agora de aproveitar ao máximo o ensexo que o momento político lle oferecía pra levar a bon termo unha verdadeira campaña de promoción das Letras portuguesas contemporáneas na que, sacrificando a efímera verdade xornalística á verdade eterna, oferece ao público español suxestivos retratos de todos os que no veciño país significaban verdadeiramente algo dentro do campo da literatura sen ter pra nada en conta as súas ideas políticas nin a súa militancia en calqueira dos dous grandes bandos en que a custión lusobritánica tiña dividido Portugal: o dos que antepuñan a defensa das institucións vixentes á conservación do imperio colonial e o dos que desexaban a caída dun réximen que se revelara pouco doado pra salvagardar o patrimonio histórico da nación.

Agora ben, "El Album de El País" era unha sección que viña sendo adicada únicamente a presentar aos leitores as persoalidades máis ilustres do republicanismo nacional e internacional. Por tanto a aparición nel de literatos portugueses en relación coa crisis do Ultimatum somentes se xustificaba na medida en que se lograra amostrar que eles eran afervoadamente partidarios do movimento antibritánico, o que na conciencia racionalizadoramente optimista dos republicáns españóis equivalía a declaralos inimigos da antipatriótica monarquía bragantiña.

Guerra Junqueiro, Antero de Quental ou Teófilo Braga —magníficos escritores— non oferecían neste senso problema algún, dada a súa activa participación nas organizacións de resistencia ao Ulti-

---

[3] *La Fédération Ibérique*. París, ¿1892?, p. 125.
[4] Ibidem, p. 130.
[5] *Sobre la lira lusitana de Curros Enríquez: poesías perdidas y nuevamente halladas* (Grial, 20, Vigo, 1968).

matum. A máis, podíase decir dos tres, con maior ou menor razón, que eran grandes amigos da España, facendo supor aos leitores que comungaban co ideal ibérico. Emporiso firma Curros os artigos que lles adica.

O feito de que un poeta de menos importancia que os devanditos, como é Manuel Duarte de Almeida, lle mereza o honor doutro traballo firmado, explícase non tanto pola súa fervente actitude patriótica na custión lusobritánica como polas súas comovedoras demostracións de ademiración e respeito á España.

No que toca a Magalhães Lima —director de "O Século"—, Xavier de Carvalho —fundador sendo cáxeque un neno, no Porto, de "O Combate", "O Estado do Norte" e "O Norte republicán" e participante máis tarde en París na orgaización da "Fédération Universelle des Peuples"— o Alves da Veiga —fundador de "A República Portuguesa" e "A Discussão"—, a súa inclusión en "El Album de El País" era por completo normal posto que se trataba de activos militantes republicáns. Non encaixaban, en troques, probábelmente no proieuto de divulgación da literatura portuguesa contemporánea que tiña en mentes Curros por seren xornalistas —excelentes xornalistas, sen dúbida— pro non escritores. E cecáis por elo non firma as súas biografías considerándoas parte da súa tarefa diaria de redactor-xefe de "El País".

Polo que atingue a Camilo Castelo Branco, xa vello e cego, estaba dabondo situado por enriba do ben e do mal como para que for perciso xustificar o consagrarlle un artigo, anque nel non se fixese alusión algunha á súa actitude cara o Ultimatum. Este artigo publícase sen firma i é reproducido no día 3 de xuño ao dar o xornal a naticia da súa morte.

Outro era, non embargantes, o caso daqueles intelectuáis de primeirísima categoría que, tendo aínda idade pra actuar, non souperan ou non quixeran reaccionar como debían —como debían, é claro, dende o punto de vista republicán— perante a aldraxe inglesa. Daqueles intelectuáis que, como Oliveira Martíns, Eça de Queirós e Ramalho Ortigão, en vez de responderen con raiba ao Ultimatum fixérono comedida e fríamente sacrificando o honor da patria a prol da conservación do orde e das institucións establecidas. ¿Qué facer con eles, sobor de todo cando un é poeta e admiróunos toda a vida compartindo moitas das súas ideas noutros tempos tan progresistas?

Por outra parte, omitir estas grandes figuras —tan coñecidas na España[6]— nunha "galería de celebridades portuguesas contempo-

---

[6] Oliveira Martins era neste intre popularísimo en España. A súa *História da Civilização Ibérica* —cuia 3.ª ed. con adicamento a D. Juan Valera dera a éste ensexo para tres longos ensaios aparecidos en 1887 na "Revista de España"—, profusamente anunciada dende 1885 en "Las Dominicales del Libre Pensamiento" e outros periódicos avanzados, líase e comentábase moito nas nosas Universidades. Sobor da súa *História de Portugal* tiña escrito en 1884 un gabancioso escrito na "Revista de España" Castelar e do *Portugal contemporáneo* decíase que constituía unha especie de libro de cabeceira de moitos políticos españóis. Cando no mes de abril de 1890 estivera en Ma-

ráneas" oficialmente apolítica poidera percisamente servir pra denunciar a súa postura situacionista perante a crisis, o que de ningún xeito conviña ao partido republicán xa que restaba forzas e prestixio ao movimento antibragantiño que aquí tanto se gababa. Emporiso Curros dá entrada en "El Album de El País" a Oliveira Martíns, Eça e Ramalho escudándose no seu pasado revolucionario —pasado do que máis ou menos naquel intre todos renegaran— e no caso do primeiro no seu suposto iberismo. Mais, como ten que facer verdadeiros xogos de mans para presentalos aos leitores, senón como republicáns, polo menos como bos demócratas, non quer poñer o seu nome ao pé destes traballos, que firma somentes con un C. ou un T.

Por motivos semellantes aparecen baixo a protección do semianonimato —firmados soio con un C.— os artigos que "El Album de El País" adica a António Feijó e Luis de Magalhães, escritores máis mozos e de menor relevo que os denanteriores mais cuio nome tiña acadado xa traspasar a fronteira española [7].

Escomencemos por analizar os artigos firmados por Curros co gallo de comparalos aos que levan somentes unha inicial.

O primeiro é o adicado a Guerra Junqueiro e aparece o día 1 de febreiro. Nel, após de reivindicar para os grandes poetas a gloria de faceren arraigar nos pobos o sentimento da nacionalidade (sen D. Diniz e os trovadores medieváis, sen Gil Vicente, Camõens e Herculano, non tería agora Portugal sabido responder á ofensa británica coa altiva dignidade con que o fixera), Curros apresenta ao

---

drid como delegado de Portugal na Conferencia de Propiedade Industrial alguén exclamara: "¿Cómo es que un país pequeño ha podido producir un hombre tan grande?".

Toda unha crónica das que a Pardo Bazán enviaba dende París sobor da Exposición Universal de 1889 fora adicada a contar o seu tanto tempo arelado encontro con Eça de Queirós, cuio *O primo Basílio* citara en *La cuestión palpitante* (1882-83) moi gabanciosamente. En 1885, nas críticas a *Pedro Sánchez* de Pereda, *El idilio de un enfermo* de Palacio Valdés e *Tormento* de Galdós, Clarín referiríase tamén eloxiosamente ao novelista portugués, cuia obra *A Relíquia* logo de aparecida en Portugal, merecería un amplo comentario á "Revista de España". Non atopamos a tradución en libro de *O crime do P. Amaro* —publicado simultáneamente en portugués e castelán na bilingüe "Revista Ocidental" en 1875-76— a que fai referencia Labra no *Portugal contemporáneo* (onde se adican máis de cinco páxinas ao xenial novelista, de oito a Oliveira Martins e de catro a Ramalho) mas de *O primo Basilio* existe unha de 1884 feita por un misterioso "aprendiz de hacer novelas".

Ramalho Ortigão estivera en Madrid en 1881 como xornalista convidado pola Comisión organizadora das Festas conmemorativas do Segundo Centenario de Calderón, e dende o ano 83 era colaborador habitual de "La Ilustración Ibérica" de Barcelona.

[7] António Feijó (1862-1917) e Luis de Magalhães (1859-1935) foran citados por Curros nun comentario ao libro de José Ojea *Célticos, cuentos y leyendas de Galicia* no 1884. En 1885 eran apresentados a Galdós e Pereda por Oliveira Martins na redacción de *A Provincia* do Porto. Dende o 1883 o primeiro colaboraba en "La Ilustración Ibérica", e do segundo —sabémolo por C.— Baldomero Escobar tiña traducido *Odas e canções*.

autor de *A Morte de D. João* como unha das tres figuras máis sobresaintes da lírica portuguesa contemporánea; as outras dúas son Antero de Quental e João de Deus. "Poeta de los desheredados, de los irredimidos, de los que sufren, de los que esperan" —no decir de Curros— o escritor lusitán consagrárase á defensa da democracia e "firmemente convencido de que la presente decadencia de su patria está sostenida por las caducas instituciones históricas, acaricia un ideal de regeneración que ha de tener realidad práctica en el triunfo definitivo" daquela, que prevé pra moi axiña.

A tan soio vinte días da declaración do Ultimatum —poderosa triaca espiritoal que o fai pasar do que poderíamos chamarlle esquerda dinástica ao republicanismo—, Guerra Junqueiro non tiña publicado aínda, nin probábelmente escrito, a *Marcha do ódio* —o canto da xenreira á pérfida Albión—, *O Caçador Simão* —o seu poema de incitación ao rexicidio—, nin *Finis Patriae* —violenta diatriba contra a monarquía— xa que os dous primeiros non aparecerían deica o mes de abril e o derradeiro en decembro. Pro tíñase producido nel unha fonda trasformación ideolóxica e quen pouco tempo denantes era diputado dun partido dinástico —o *progressista*— e animara a Oliveira Martíns a enxertarse na engranaxe da política constitucional afastábase agora dos seus vellos amigos do Cenáculo e compañeiros de "vencidismo" pra rifar violentamente con el rei D. Carlos —deica facía pouco o seu amigo— e ingresar nas fileiras do partido republicán do que viría a ser firme puntal propagandístico.

¿Sabía desto Curros, que tanto o admiraba como poeta? Coidamos que non, pois era natural que o tivese aproveitado dalgunha maneira sobor de todo cando dispuña de tan poucos escritores verdadeiramente republicáns e víase obrigado a facer tantos equilibrios pra traguer aparentemente a este campo a quenes na realidade militaban no oposto.

No artigo adicado a Antero de Quental —que se publica no día seguinte— a relación do poeta co Ultimatum apreséntase moito máis evidente. O reivindicador para a poesía de "cuanto hay digno de interesar el espíritu humano en la esfera religiosa, científica, social y política", o sustituto de Herculano na educación intelectual da xuventude portuguesa, que peregriña ao seu retiro de Vila do Conde como denantes o facía a Val de Lobos, acababa de ser eleito —según decía un telegrama de axencia— Presidente da "Liga Patriótica do Norte". I esto significaba, na opinión de Curros, que "la republicana ciudad de Oporto" lle tiña concedido "la honra de dirigir las corrientes del sentimiento popular" en "momentos de profunda crisis para Portugal". "Patriota convencido" —escribe o poeta galego— comprendió desde muy joven que las instituciones viejas eran incompatibles con la felicidad de su país y a combatirlas se dedicó resueltamente en el club, en el periódico y en el libro, donde su ardiente palabra y su pluma elegante y cáustica ha obtenido triunfos

que jamás explotó ni bastaron a engreirle ni desvanecerle". Por outra parte "Antero de Quental, como todos los representantes de la juventud ilustrada del reino vecino, es un brioso mantenedor de la alianza hispano-portuguesa, tal y como la define su amigo Oliveira Martins en su magnífica *Historia de la Civilización Peninsular*". Era, pois, totalmente inxustificábel que non fose coñecido en España, anque na indiferencia xeral que existe aquí polas cousas portuguesas non soio debamos ver ignorancia senón tamén unha parte de ciumes e de envexa. Porque "nadie se ha cuidado, si por acaso las leyó, de traducir sus obras" —di Curros—, por máis que acabe de publicar un libro de *Sonetos*, esgotado en pouco tempo, cuio mérito é tal "que no hay en Europa lengua a que no haya sido traducido".

En efecto, a reacción que en Antero producira o Ultimatum fora exemplarmente patriótica. Retirado dende oito anos denantes á calma provinciá de Vila do Conde en precura dunha paz que xa somente coidaba poder atopar na filosofía, o antigo capitán da mocedade escolar da súa época non tiña dubidado en deixar a vida contemplativa e voltar á loita no intre en que estudantes que podían ser seus fillos llo pediron. I esto sabendo que con elo a súa saude perigraba e a súa reputación, até entón sin chata, podería lixarse.

Porque, como outros tantos, Antero de Quental era víctima dun espellismo que lle fixo trabucar o conflito lusobritánico co aquela catástrofe salvadora coa que durante tantos anos tiñan soñado os intelectuáis da súa xeneración nun derradeiro esforzo por resolveren, ao menos nun senso persoal, a contradición existente entre a súa lúcida visión crítica da realidade lusitana e a imposibilidade en que se achaban de trasformala. Dahí que acollese cáxeque con ledicia a aldraxe inglesa coidando que podería ser o detonador que provocara o estoupido de todo aquele latexante estado de insatisfación que por sorte aínda subxacía por debaixo da aparencia, perfeita atonía política da sociedade portuguesa. E dahí tamén que non quixese refugarse a participar na transcendental laboura de darlle canle a todo o manantío de enerxía liberado polo patriotismo ferido cara a metas fecundas e positivas. Pois era eso, e non unha revolución republicana, o que se propuña facer a Liga Patriótica do Norte, xuntanza de persoalidades dos máis diversos credos políticos nun intento de resolver dunha vez para sempre todos os problemas da nación.

A soberbia e asoballante actitude adoutada pola Gran Bretaña respeito a Portugal e a incapacidade deste pra responder coas armas tiña posto de manifesto unha manchea de fallas na organización do Exército e da Mariña que alporizaban ao gran público. Mais as xentes ilustradas sabían que a meirande gravedade da situación residía na situación económica e financeira do país decote colocado, dende séculos atrás, baixo a tutela inglesa; e que esta situación era en gran parte consecuencia dun pésimo sistema educativo e dunha absoluta falta de moralidade social, polo que non abondaba con

resolver a custión colonial ou mellorar os meios de defensa senón que se percisaba reformalo todo pra ter unha patria auténticamente libre e soberana.

"Portugal ou se reformará política, intelectual e moralmente ou deixará de existir" —tiña escrito Antero o 26 de xaneiro nun artigo publicado en "A Provincia" do Porto co tídoo de *Expiação*. Engadindo: "Mas a reforma, para ser efectiva e fecunda, deve partir de dentro e do mais fundo do nosso ser colectivo: deve ser antes de tudo uma reforma dos sentimentos e dos costumes. Enganam-se os que julgam garantir o futuro e assegurar a nacionalidade com meios exteriores e materiais, com armamentos e alarde de força militar" [8]. Máis tarde, nun discurso do 7 de marzal ao pleno da Liga reunida pra aprobar os seus Estatutos, o poeta azoreano proporía "un plano de emancipação económica, de restauração das forças produtoras, de levantamento do nível intelectual e de garantia e defesa da integridade nacional, plano de ordem, justiça e moralidade sociais" [9] que nada tiña de violentamente revolucionario. Por eso atrevémonos a pensar que, cando, poucos días denantes, ao explicarlle os representantes estudantís da futura "Liga Patriótica do Norte" os obxetivos da mesma, pedíndolle que aceitase a súa Presidencia, exclamara Quental: "Mas o que me vem propor é a revolução! Vamos para a revolução!" [10], revolución non significaba pra ele reviravolta política, nin moito menos derrubamento da monarquía como querían crer os republicáns, senón esa mudanza de mentalidade que dende tempos atrás consideraba indispensábel para que as transformacións político-sociáis fosen profundas e verdadeiras.

Na verdade somentes un iluso ou un ignorante da liña política do Antero podía supor que, aínda nas difíceis circunstancias que vivía Portugal, o vello militante socialista fose capaz de aderir aos ideais republicáns. Por razóns diversas, a loita entre republicáns e socialistas tíñase encetado en Portugal cáxeque no intre de nacer tales credos, e dende logo denantes da súa cristalización en partidos. Por outra banda o "pequeno Lassalle português" [11] da década dos 70 sentía polos republicáns unha xenreira especial, unha xenreira tan violenta que nalgunhas ocasións tiña sorprendido mesmo aos seus correlixionarios socialistas. E a súa grande amistade con Oliveira Martins —non "o valido de El-Rei" que decían os iconoclastas redactores de "A Pátria" pro sí o máis cotizado dos ministrábeles— impedíalle actuar de xeito que pexase a laboura dele no intre en que a hecatombe ía permitirlle facer miragres. Proba desto é que, após de entrevistárense os dous en segredo perto do Porto, Antero destruiría un *Manifesto ao país* que acababa de escribir e que era —según Bulhão Pato— unha "crítica dos partidos em Por-

---

[8] *Prosas*, III. Coimbra, 1931, p. 144.

[9] Idem, p. 147.

[10] Francisco Reis Santos —*O movimento republicano e a consciência nacional* (en *História do Regime Republicano em Portugal*, I, p. 328).

[11] O propío Antero dáse este nome nunha carta autobiográfica a Wilhelm Storck (en *Cartas de Antero de Quental*, 2.ª ed., Coimbra, 1921, p. 4).

tugal desde 34" [12]. I esto por saíren nel abondo mal parados pra a estabilidade do réxime os dous grandes partidos constitucionáis —*regenerador* e *progressista*— que dende facía anos viñan disfrutando alternativamente do poder.

¿Coidaba Antero que se podía implantar en Portugal un Socialismo de Estado? ¿Tiña soñado cicáis, o mesmo que os seus amigos os "vencidos", con facer dende enriba e contando con D. Carlos a revolución social que Portugal percisaba? Nono sabemos. Do que sí estamos certos é de que "las instituciones viejas" que —según Curros— dende moi xoven combatera Antero non eran da monarquía senón do capitalismo. Porque xa no 1873 escrebera ele nun artigo tidoado *A República e o Socialismo*: "As *repúblicas de facto* são entre as combinações políticas mais uma combinação política apenas; não representam a renovação social; não abrem uma idade nova na vida das nações: sob outros nomes continuam as tradições governamentais da monarquia constitucional, com o mesmo equilíbrio instável de interesses antagónicos, o mesmo sistema autoritário de centralização administrativa, o mesmo militarismo, as mesmas influencias bancárias e capitalistas, a mesma agiotagem da dívida pública..." [13]. Na realidade Antero de Quental comungaba co seu amigo e camarada José Fontana —fundador con el en 1871 do primeiro núcleo portugués da Internacional e da seición lusitán da Alianza da Democracia Socialista— na creencia de que "Enquanto não houver igualdade económica a igualdade política será uma mentira, enquanto o capital for senhor o traballo será escravo" [14].

Algún comentario é tamén perciso facermos encol da afirmación de Curros de que Antero de Quental "como todos los representantes de la juventud ilustrada del reino vecino" era "un brioso mantenedor de la alianza hispano-portuguesa tal y como la define su amigo Oliveira Martins en su magnífica *Historia de la Civilización Peninsular*" (e hai que salientar a extraña confusión de Curros ao citar un libro aquí tan coñecido empregando a palabra peninsular en troques de ibérica). Porque, en primeiro termo, non se podía considerar a Antero "representante de la juventud ilustrada del reino vecino" posto que tiña xa 48 anos. Pro ademáis, anque na súa primeira mocedade fora un fervente iberista en contacto con "demócratas de Madrid (partido de Castelar)" [15] pra colaborar nun xornal democrático e ibérico que os mesmos pensaran fundar pouco despois da Revolución de Setembre, i escribira un panfleto —*Portugal perante a Revolução de Espanha*— en que non soio propugnaba a federación de toda a Península sinón que incluso chegaba a renunciar —retóricamente, claro é— á nacionalidade lusitana, a verdade

---

[12] *Memórias*, III, Lisboa, 1907, p. 177.

[13] *Prosas*, III, p. 196

[14] César Nogueira —*Notas para a História do Socialismo em Portugal* (1871-1910). Lisboa, 1964, p. 49.

[15] Dunha carta de Antero a Alberto Sampaio reproducida no traballo de éste *Antero de Quental. Recordações* (en *Antero de Quental. In Memoriam*. Porto, 1896, p. 20).

é que no ano 90 facía moito que tiña desistido daquela vella arela do iberismo "à força de golpes brutais e repetidos da experiência" [16]. E tanto é así que nin xiquera tiña xa gran fe nos beneficios que un mellor coñecimento mutuo podería traguer ás literaturas peninsulares. Vémolo na carta que en 1884 dirixira a Joaquim de Araujo a deitar auga no seu entusiasmo pola idea de Clarín de formar unha "Liga Literaria Hispano-portuguesa": "labora em erro o Alas no seu artigo quando prevê uma influência e mútua penetração das duas literaturas consequente ao conhecerem-se bem. É erro porque as literaturas influem umas sobre as outras em razão directa das dessemelhanças e não das semelhanças. É a grande lei dos contrastes" [17].

¿I era tan descoñecido en España Antero como asegura Curros Enríquez? Sen ter obtido a popularidade de Oliveira Martins, o seu nome facía moito que tiña conseguido pasar a fronteira española. Citado xa en 1869 por Romero Ortiz como "demócrata republicano" en *La literatura portuguesa en el siglo XIX*, cáxeque duas páxinas do seu *Portugal perante a revolução de Espanha* aparecen traducidas en *Mi misión en Portugal* (¿1878?) de D. Angel Fernández de los Ríos, onde atopamos tamén unha referencia ás *Causas da decadência dos povos peninsulares nos últimos três séculos*. Doutra parte o feito de ter fundado e dirixido, xunto con Batalha Reis, a bilingue —hispano-portuguesa— "Revista Ocidental" (1875-76) á forza teve de poñelo en contacto con españois ilustres que nela colaboraron como Pi y Margall, Cánovas, Labra, Patricio de la Escosura, Octavio Picón, Serafín Olave, etc. Sabemos que se encontrou con Salmerón en París o 22 de agosto de 1877 e que conversou con el durante tres horas "sobre metafísica, filosofia e história religiosa" [18]. E, ás súas relacións de 1868 con demócratas de Madrid de que antes falamos, hai que engadirlle as que en 1871 mantén con Anselmo Lorenzo, Francisco Mora y González Morago, os tres membros do Consello Federal español da Internacional de Traballadores que aproveitan a súa estadía de tres meses en Lisboa fuxindo da persecución sagastina pra faceren proselitismo.

Tampouco pode decirse que se ignorase totalmente en España a súa extraordinaria valía poética. O propio Curros, nun comentario ao libro de Xosé Oxea *Célticos, cuentos y leyendas de Galicia*, citara en 1884 a Antero de Quental, João de Deus, Guerra Junqueiro, António Feijó e Luis de Magalhães como exemplo de poetas "que huyen de las grandes capitales al suburbio para inspirarse en la Naturaleza y producir obras magistrales" [19]. E Clarín referírase a ele nun artigo sobor da *Lira íntima* de Joaquim de Araujo e despóis adicáralles aos seus *Sonetos* unha longa e gabanciosa crítica incluida en *Nueva Campaña* (1885-1886), situándolo "a la altura del mejor poeta moderno, salvo Víctor Hugo, que haya escrito versos con asunto

[16] *Carta autobiográfica a W. Storck*, p. 6.
[17] *Cartas de Antero de Quental*, p. 211.
[18] Ibidem, p. 254.
[19] "El Porvenir", 9 de diciembre de 1884.

análogo" [20] e lamentando, após de traducir pouco afortunadamente por certo os dous tercetos de *Espiritualismo,* non ser el mesmo poeta para poder verquer ao castelán o libro enteiro.

Coa "Cuestión y Escuela de Coimbra" tiña escomenzado a terceira das conferencias encol da literatura portuguesa contemporánea que Labra pronunciara un ano denantes en "Fomento de las Artes" de Madrid. Nela considerábase a Antero propagandista por excelencia da "nueva Escola" definíndoo como "un talento robusto, una inteligencia extraordinariamente cultivada, un serio aficionado a los estudios filosóficos y a la literatura extranjera", "un estilista de primera fuerza, un poeta sustancioso e inspiradísimo, un folletista vigoroso, un orador tan fácil como apasionado, un político resuelto y una actividad, una iniciativa y una perseverancia verdaderamente excepcionales y que sólo han podido quebrantar la amenazadora enfermedad que le atajó el camino en estos últimos tiempos y de que felizmente va triunfando para alegría de sus amigos y ventaja indudable de su patria" [21]. Da súa obra citábanse non soio libros en prosa —*Portugal perante a revolução de Espanha, Causas da decadência dos povos peninsulares nos últimos três séculos, O que é a Internacional* e *A dignidade das letras e as literaturas oficiais*— sinón tamén de versos como *Primaveras românticas, Odes modernas* e os *Sonetos,* colocándoo para mellor comprensión do público español entre Heine e Amiel.

Pro é que ademáis, pouco tempo denantes, Curros tiña traducido —ou mellor recreado en castelán— os seus sonetos do seu *Elógio da Morte* e un tal Baldomero Escobar *Quia aeternus, Ignotus* e *Os Vencidos.* I é natural que estas traducións aparecesen en publicacións periódicas españolas —que temos conseguido localizar— denantes de ser recollidas no "apêndice contendo traduções em alemão, francês, italiano e espanhol" da 2.ª edición (1890) de *Os Sonetos completos de Antero de Quental publicados por Oliveira Martins* a que semella aludir "El Album de El País". Coidamos, pois, que esaxera un pouquiño Curros ao afirmar que para a meirande parte dos leitores do seu xornal o nome de Antero probábelmente era descoñecido. A moitos inteleituáis españóis, e tamén aos republicáns e socialistas, á forza tiña que decirlles algo.

Un mes despóis da aparición do artigo adicado a Antero de Quental, o 2 de marzal de 1890, Curros apresenta en "El Album de El País" a Teófilo Braga como "el Jefe del Partido Federal portugués" anque destacando sobor de todo a importancia da súa obra literaria tanto de caráiter poético como histórico-filosófico e a súa condición de infatigábel traballador intelectual que, cando o visitara por derradeira vez Carracido, somente algunhas noites deixaba a *História da Universidade de Coimbra* que estaba a escrebir daquela para asistir ás reunións do club de propaganda republicana.

---

[20] Madrid, 1887, p. 331.
[21] Madrid, 1889, p. 219.

Non falla —é claro— no artigo a equívoca alusión ao españolismo de Braga coa reprodución duns parágrafos da súa *História* da *Literatura Portuguesa* onde semella darse a entender que estaba disposto incluso a abdicar da nacionalidade lusitán e da frase que lle atribuira Carracido no final do seu devandito traballo de "El Imparcial": "Uno de los títulos de que me siento más orgulloso es el de verme inscrito entre los miembros correspondientes de la Academia Española".

Nefecto, ao Teófilo fixéralle grande ilusión que a Real Academia Española o nomease en 1883 membro correspondente a proposta de intelectuáis tan ben pensantes como Cánovas, Menéndez Pelayo ou D. Juan Valera no intre en que a "Academia de Ciências" do seu país pecháballe as portas polo seu republicanismo. Sabémolo por unha carta que Valera —entón Ministro de España en Lisboa—, de quen tiña partido a idea da nomeación, lle escribe a D. Marcelino, na que se califica o feito de golpe moi político sen telo querido dar [22].

Agora ben, si Teófilo Braga tiña afirmado algunha vez que, por ter tido o seu orixe a nacionalidade portuguesa (aquí nacionalidade quer decir máis ben Estado) nun artificio monárquico, a literatura do seu país carecía de orixinalidade, isto non significaba nin moito menos, que estiver disposto a renunciar —antipopularmente según recoñece Curros— do seu portuguesismo. Toda a súa obra encamíñase percisamente a buscarlle raigames históricas anque para elo teña que inventar unha raza "mozárabe", única depositaria da "alma nacional" e creadora da auténtica literatura portuguesa, que é a popular. Porque a literatura culta somentes ten interés para Teófilo naqueles casos excepcionáis nos que o peso da tradición estranxeira i esterilizante de que preferentemente se mantén é neutralizado pola infiltración de rasgos de xenio procedentes da tradición popular.

Respeito ao suposto iberismo de Braga, a idea federalista —que tivo certa forza no movimento republicán portugués a comenzos da década do 70— tiña sido absorbida, no 1880, pola corrente unitaria ao cristalizaren en partido as distintas tendencias do republicanismo luso á ardencia das conmemoracións do Tricentenario de Camõens. É certo que na súa *História das ideias republicanas em Portugal*, publicada aquel ano, aínda opinara: "Pela pequenez do nosso território a forma republicana deve ser a unitária; pela nossa nacionalidade deve ser federal. As duas formas não são incompatíveis, pelo contrário são conexas na dupla relação da independência interna e na relação também independente nos Estados Unidos Peninsulares" [23]. Mais as declaracións que, perante a crisis do Ultimatum, fai á imprensa española como Segredario do Directorio Republicán portugués caracterízanse xa por unha extremosa prudencia ao referirse ás relacións que os dous Estados ibéricos terían que manter cando se convertiren en república. Así, por exemplo, nunha carta a Labra agradecéndolle a súa intervención nas Cortes en favor de Portugal

[22] *Epistolario de Valera y Menéndez Pelayo*. Madrid, 1930, p. 142.
[23] Lisboa, 1880, p. 221.

emprega para definilas unha palabra tan inocua e pouco comprometedora como "aliança": "Las elocuentes palabras de usted han ejercido saludable influencia en la opinión portuguesa orientando la aspiración nacional en el sentido de una alianza entre dos pueblos hermanos separados por odios ficticios que han sido fomentados por las ambiciones de la casa de Austria y por la egoísta rapacidad de Inglaterra" [24].

Pro é claro que non lle podemos esixir a Curros unha maior agudeza e sensibilidade política que a que revelan a maior parte dos republicáns españóis do seu tempo, incapaces de percibiren a dramática situación na que se achaban naquel intre os seus correlixionarios portugueses, quenes, aínda que sinceramente agradecidos ás mostras de solidaridade que daquí lles chegaban, vivían temerosos de que as imprudentes declaracións iberistas proferidas a esta banda da fronteira lles tirasen a simpatía do pobo, que tiñan gañado percisamente co seu nacionalismo.

O derradeiro artigo firmado por Curros en "El Album de El País" é o adicado, o 9 de novembro, a Manuel Duarte de Almeida. Trátase dun poeta parnasiano de segunda ringleira, seis anos máis vello que Guerra Junqueiro e somentes dous máis xoven que Antero, cuias estancias a D. Enrique o Navegante foran premiadas no ano anterior pola "Sociedade de Instrução do Porto" e que, poucos días denantes do Ultimatum, compuxera unha elexía á morte de D. Luis, o pai de D. Carlos, tidoada *Ramo de lilazes*. Non era por tanto un poeta a que se puder considerar antibragantiño senón máis ben todo o contrario. O que acontece é que a aldraxe inglesa impresionárao deica tal punto que o decidira a deixar a poesía "para dedicarse por completo a sentir los supremos dolores y a anonadarse en las momentáneas tristezas de la patria" —según nos dí Curros. I emporiso tiña posto o subtídoo de "Ultimos versos" ao seu libro *Vae Victoribus* —berro de indignación e de xenreira a Inglaterra— que acababa de publicar.

Non embargantes, o que verdadeiramente conmove a Curros e o empuxa a escreber sobor del un traballo é que este canto de odio á Inglaterra remate como un "himno de amor a España, himno de una religiosidad, de una unción, de un entusiasmo tan grande por nuestras glorias, por nuestro genio, por nuestra raza, que es imposible leerlo sin que el corazón rebose en gratitud y se sienta emocionado por tanto cariño y tanta ternura". E porque lle adicara á España "las postreras notas de su lira al romperla sobre la frente del leopardo inglés", o poeta galego considérase na obriga de darlle as gracias en nome dos escritores españóis e de refugar, non xa como español senón como peninsular, a posibilidade de que tan crudel sacrificio chegue a consumarse, aproveitando o ensexo para insistir na súa tesis de que o artista e o poeta exercen un grande influxo na sociedade pois son eles que manteñen viva a idea de pa-

[24] "Las Dominicales del Libre Pensamiento", 1 de marzal de 1890.

tria e para suliñar o carácter xenuinamente nacional da literatura portuguesa posto de manifesto en "los trabajos publicados ya o próximos a publicarse de Ramalho Ortigão, Oliveira Martins y Teófilo Braga, entre los críticos e historiadores, y los de Guerra Junqueiro, Gomes Leal y Duarte de Almeida entre los poetas".

Pasemos agora aos artigos firmados con un C., ou sexa coa inicial do primeiro apelido de Curros Enríquez.

Os tres primeiros —adicados a Oliveira Martins, António Feijó e Ramalho Ortigão— aparecen en días cáxeque seguidos: o 10, 14 e 15 de xuño. O carto —sobor Luis de Magalhães— sai aproximadamente un mes dempois: no 14 de xullo. Todos eles teñen de común a particularidade de resolver cunha frase intencionadamente ambigua, e incluso cunha *boutade*, o problema do aliñamento político dos biografiados.

Así, por exempro, do autor da *História da Civilização Ibérica* (que por certo C., como denantes Curros no seu artigo sobre Antero, chama "peninsular"), ao que se apresenta como un magnífico historiador, autor de máis de cuarenta libros con pouco máis de cuarenta anos, e tamén como guía dos pobos ibéricos capaz de arrincalos "del pantanoso lago del pesimismo y duda que nos rodea" e de conducilos "como al pueblo de Israel la columna de fuego tras la tierra prometida de las solemnes y legítimas reivindicaciones", asegúrase:

> **"Oliveira Martins es además un entusiasta de España y un demócrata que aún no tuvo tiempo de pensar en las formas de gobierno. Pero pensará, porque hay un dato.**
>
> **El rey D. Carlos le ofreció una cartera al subir al trono. Oliveira Martins escribía un libro entonces: levantó la cabeza, cumplimentó al rey, se excusó y continuó escribiendo."**

E remata desta maneira extraña, cáxeque sibilina para un leitor de hoxe, inda que intelixíbel para os da época, a quenes se lles daba a entender algo que non era certo, a biografía do xoven poeta António Feijó, cuia obra amostra coñecer moi ben C.:

> **"António Feijó es muy joven y apenas recibió la investidura de licenciado en Derecho fue nombrado cónsul de Portugal en Mozambique.**
>
> **Como se ve la monarquía por allá como por aquí no pierde ripio y apenas apunta un talento trata de echarle el guante.**
>
> **Feijó está de vuelta en todos los sentidos. No es de extrañar. Ha ido por Francia y ha regresado por el Brasil."**

Respeito a Luis de Magalhães, cuia participación na creación da Liga Patriótica do Norte daba xa pé para consideralo antimonárquico pero que na realidade era un "socialista de la escuela histórica" —como tamén se dí—, C. volta a asegurar que non se tiña definido por falta de tempo, reproducindo parte do discurso que un ano denantes pronunciara en Aveiro co gallo da inauguración da estatua do seu pai (o ilustre tribuno setembrista José Estévão) como proba de que debería ser adscrito "a la causa de los oprimidos, a la causa de los vencidos":

"Como político o no ha querido o no ha tenido tiempo para definirse todavía. Le conocemos como partidario de la unión ibérica, en el único sentido en que creemos debe realizarse, esto es, bajo la base de la autonomía de los dos pueblos y de una península independiente, fuerte y soberana en el concierto de las naciones."

.....

E namentras, a Santa Comunidade do Graal caéu na meirande miseria, e está de todos esquecida e iñorada. O vello Gurnemanz, cheio de tristura foise a faguer vida de ermitaño penitente, nunha probe choupana e Kundry estáo servindo. E un día chega á choupana de Gurnemanz o Cabaleiro Negro Parsifal. E ao velo, o vello Gurnemanz recoñece a lanza de Lonxinos e mais tamén recoñece ao rapaz que un día levóu ao Monsalvato. E aquel día é Viernes Santo, e Gurnemanz dí a Parsifal que non debe levar armas. E Parsifal quítase a armadura e chanta a lanza no chan. Entón Kuntry lávalle os pés, e Gurnemanz únxeo por Rei de Monsalvato. E Parsifal bautiza a Kundry.

E cando chegóu ao Monsalvato, os Cabaleiros celebran os funeráis do vello Rei Titurel. E pregan a Anfortas que descubra o Graal, mais Anfortas non quer, porque somentes quer que veña a morte. E nesto entra Persifal, e Gurnemanz e Kundry. E Parsifal coa punta da lanza do Lonxinos toca a ferida que tén Anfortas no peito, e a ferida de Anfortas fica curada.

E Parsifal rube ao estrado, e descobre o San Graal i ergue a Copa cara o Ceo, e do Ceo baixa a Pomba branca...

VICENTE RISCO

"AURA" E A NOVA NOVELA HISPANOAMERICANA

Unha das obras máis curiosas e intrigantes para a crítica tén sido AURA (1926), o breve relato ou *nouvelle* escrito polo novelista mexicán Carlos Fuentes. O crítico uruguayo Emir Rodríguez Monegal apunta que é "unha historia de rebiretes sobrenaturáis que require unha leitura moi afinada para captar a súa clave profunda" [1] e o norteamericán Frank Dauster sinala que AURA tense interpretado variadamente por toda a gama que vai desde fantasía pura deica ataque político [2].

A percura do modelo que inspirara a Fuentes deu lugar a interesantes e múltiples comparanzas. Suxírense fontes como *The Abasement of the Northmore* e mais *The Jolly Corner* de Henry James [3]. Estúdianse as coincidencias con the *Aspern Papers* e pescúdanse *La Sorciere* de Jules Michelet e *Encantamento e maxia* de Castiglione como textos auténticos para as deslumbrantes escenas de rito e maxia que se revelan en AURA [4]. Ao mesmo tempo este riquísimo relato semella un perfecto exemplo da simboloxía de arquetipos proposta por Carl Jung [5].

As explicacións non cesarán porque Fuentes arranxóu xenialmente o seu relato con unha anécdota que se presta a múltiples leituras complementarias, sin que ningunha delas sexa a definición exclusiva do significado. Esta ambiguedade de AURA é exemplar das creacións que a crítica destaca como a "nova novela" ou a actual novela hispanoamericana. As características xeráis da "nova novela" axudan entón a comprender a intención da ambigua anécdota de AURA.

A crítica semella concordar en que a "nova novela" tén como fundadores principáis a tres escritores que pola década do 50 afianzan os triunfos que os farán mundialmente famosos.

---

1 Emir Rodríguez Monegal, "El mundo mágico de Carlos Fuestes", *Imagen,* 16, (15-30 enero 1968), p. 12.

2 Frank Dauster nun estudio moi sobrio e estimulante sobre os contos de Fuentes examina diferentes xuicios críticos sobre AURA. Ver "La transposición de la realidad en las obras cortas de Carlos Fuentes", KRQ, 19, núm. 3 (1972), pp. 301-315.

3 Rodríguez Monegal, p. 12.

4 Consultar a coidadosa investigación de Ana María Albán, "Estudio de las fuentes de AURA de Carlos Fuentes", *Comunidad,* 2, 8 (agosto 1967), pp. 396-402.

5 Ver o estudio de Gloria Durán, "La bruja de Carlos Fuentes" na antoloxía de estudios críticos de Helmy F. Giacoman, *Homenaje a Carlos Fuentes: Variaciones interpretativas en torno a su obra,* (Madrid: Las Américas, 1971). Tambien é importante o artigo de Richard J. Callan, "The Jungian Basis of Carlos Fuentes AURA", KRQ, 18, (1971).

Pódense mencionar outros nomes, mas Jorge Luis Borges (1899), Miguel Angel Asturias (1899) e Alejo Carpentier (1904) indiscutiblemente sobrancean pola calidade da súa creación [6]. Un segundo grupo que sigue sintonizado á onda dos primeiros mestres estaría representado por Juan Carlos Onetti (1909), Julio Cortázar (1914), Juan Rulfo (1919). O terceiro grupo que se nutre das contribucións anteriores, achegando ademáis importantes estilos orixináis, está formado por novelistas que nacen pola década do 30. Gabriel García Márquez (1927), Carlos Fuentes (1929), Mario Vargas Llosa (1935) sobrancean entre os novelistas deste grupo.

Raúl Silva Cáceres e Angel Flores resumen acertadamente os elementos estruturáis que unen aos tres grupos de autores que crearon a "nova novela" [7]:

1. Uso de espacios fragmentados con moitas rupturas na narración que corresponden a unha visión análoga, non conceptualizada da historia.
2. A narración ou anécdota celebra a ambiguedade porque a realidade que circunda ao home tamén é contradictoria.
3. O tempo convírtese nun elemento esencial para acadar unha conceición total do home.
4. A alegoría, o mito e a lenda son estruturas preferidas porque axudan a entender ao home americán desde as súas orixens deica o presente. Un tipo de conciencia mítica aparece nestas novelas que libera ao home dunha perceición habitual e concreta para lle ofrecer un panorama máis total e universal.
5 A novela actual é unha invención que se completa cando o leitor lle engade a súa propia interpretación. As novelas son máis ben abertas e esixen a participación de cada leitor para que as acabe. Por analoxía a realidade exterior tamén se completa só coa participación activa do home. Estas cinco características son básicas para identificar a actual novela hispanoamericana.

É importante agora enfocar con máis coidado a certos autores dos mencionados grupos para amostrar a súa persoal achega á nova novela. No seu propio ensaio crítico *La nueva novela hispanoamericana,* Carlos Fuentes sinala as contribucións destacadas destes autores [8]. Borges é "o primeiro narrador centrado totalmente na cidade, fillo da urbe que corre polas súas veas con palabras, rumores, silencios e orquestacións de pedra, pavimento e vidro..." (p. 25) e a súa prosa ("sin a cual non

---

6 Esta clasificación básase na introducción de Angel Flores e Raúl Silva Cáceres á súa antoloxía crítica *La novela hispanoamericana actual: Compilación de estudios críticos,* (Madrid: Las Américas, 1971), pp. 9-19.

7 Flores y Cáceres, p. 18.

8 Carlos Fuentes, *La nueva novela hispanoamericana,* (México: J. Mortiz, 1972).

habería simplementes moderna novela hispanoamericana") (p. 26) imaxinativa e universal crea unha nova linguaxe, libre da sumisión ao realismo. Asturias tamén libera a novela hispanoamericana da súa función documental utilizando mitos e unha linguaxe de estirpe surrealista.

Alejo Carpentier fascina a Fuentes porque as súas obras, que captan o real maravilloso, provócanlle visitas dos fantasmas desas obras. O uso maxistral carpenterián do tempo circular e do mito para encontrar a esencia americana resultan para Fuentes —nunha dialéctica tráxica— solucións a problemas que son ambiguos, que son ao mesmo tempo un sí e un nón. Escribe Fuentes que "A obra enteira de Carpentier é unha doble adivinación: á vez, memoria do futuro e predicción do pasado" (p. 51). O escritor mexicán descubre que Carpentier é tamén o primeiro novelista en língua española que logra desentrañar co seu estilo "o real" da realidade exterior. A linguaxe de Carpentier non representa a realidade: consciente de ser artificio desafía ao leitor a usar a súa imaxinación e obrígao "a penetrar os nivéis do real que a realidade cotián lle nega ou oculta" (p. 56).

Por favorecer a nova novela sobre a rexionalista, Fuentes tamén considera que Juan Rulfo agota a temática criollista da revolución coa súa obra maestra *Pedro Páramo.* O mito e a imaxinación consolídanse aquí para se sobreporen á provinciana novela documental e outorgar bases universáis á experiencia mexicana. Gabriel García Márquez sobresái porque *Cien años de soledad* celebra o mito, o tempo absoluto por enriba da epopeia (tempo positivista) e a utopía (tempo nostálxico). Ademáis, esta novela válese da linguaxe novelesca para invalidar os documentos históricos que encubren a realidade. A obra de Julio Cortázar tamén é unha invención, un mundo ficcional creado a base da comedia, o azar e o xogo. *Rayuela* é o libro que pretende suplantar "radicalmente á vida ou, mellor, que convertira a nosa vida nunha vasta leitura de tódalas combinacións do escrito" (p. 69).

No seu breve pero nutrido ensaio, Fuentes tén un propósito semellante ao de Alejo Carpentier cando este define as características que debe ter a novela hispanoamericana[9]. Ambos autores refugan o estilo e mailos propósitos da novela tipicista/realista e abogan por unha novela nova, máis imaxinativa e de forma aberta, que amostre as relacións entre o home americán e o universal. Os dous novelistas negan que a novela é un xénero agotado ou morto e propoñen a tese de que a nova novela creará un home mellor. *Los pasos perdidos* é a novela que ilustra o ensaio de Carpentier "Problemática de la actual novela hispanoamericana", e AURA presenta análogamente ele-

[9] Consultar o importantísimo ensaio de Alejo Carpentier, "Problemática de la actual novela latinoamericana" en *Tientos y diferencias,* 2.ª ed. (Montevideo: Arca, 1970), pp. 9-41.

mentos esenciáis do libro crítico *La nueva novela hispanoamericana.*

En 1962, ano en que se publica AURA, Fuentes ofrece explicacións sobre a súa idea da novela que preparan o camiño tanto para AURA como para a súa visión máis completa en *La nueva novela hispanoamericana.* Encol da relación realidade/fantasía anota o seguinte:

> Sempre coidéi que toda expresión literaria válida, independentemente dos casilleiros en que a aloxen, é unha expresión da realidade, xa sexa naturalista, fantástica, simbólica, crítica. Si se siguen as correspondencias reáis inda que invisibles que existen entre as cousas, chégase a un mundo que en aparencia tamén é fantástico. Non hai unha construcción lóxica da primeira realidade, tal como se presenta na vida. Pola contra, é irracional e só un esforzo intelectual, lóxico, dálle a esa realidade cotián máis evidente que a realidade creada, que é a realidade que construímos mentalmente e que nos permite vivir, permítenos abandonar esa irreductibilidade lóxica do dado (p. V)[10].

Este conceito da realidade aclara o seu tratamento literario (realismo simbólico) de dous temas que sempre lle preocuparon. Velaquí o que di:

> Aquí (*Los días enmascarados*) aparecen dous temas que sempre me preocuparon: a cidade de México —tan misteriosa e nalgúns sentidos tan abominable— e a realidade social do país. Un e outros temas están alí enfrentados ás supervivencias do México antigo. Alí, atópase, asimesmo, a miña principal preocupación literaria, a do realismo simbólico. Aspiro a me expresar mediante un realismo que só pode ser comprensible e totalizante a través de símbolos, entendidos na súa acepción máis clara. Na linguaxe vulgar símbolo e alegoría entrecrúzanse, confúndense (p. V).

A alegoría é para Fuentes unha táboa de verdades pre-establecidas mentras que o símbolo é unha referencia de algo en dúbida a algo que se percura. É un procedimento crítico coa intención de "percurar a verdade, de promover a dúbida imaxinativa, de pór en crisis os dogmas revelados" (p. V).

Este estilo que anuncia Fuentes (realismo simbólico) é unha continuación entón dos procedimentos literarios de Borges, Carpentier, Cortázar e sirve moi ben para clasificar (como se verá) e entender a AURA dentro do campo magnético da "nova novela". A seguinte cita sitúa a novela de Fuentes frente ás novelas realistas:

> Aos escritores da miña xeración planteóusenos, frente a certas herencias que recibimos, o problema de cómo superar a novela realista, naturalista, de tese, sin verdadeira validez literaria, e, ao mesmo tempo, cómo superar o exercicio artificial do arte polo arte. Persoalmente resolvín o problema con o que chamo realismo simbólico. Quizáis se poida afirmar, e a clasificación é arbitraria, que se escriben únicamente tres tipos de novelas; as que só cobran sentido mediante referencias e alusións que proveñen do mundo exterior (a novela naturalista); as que só exis-

---

[10] Esta cita e as seguintes de Carlos Fuentes aparecen na importante entrevista feita por Emmanuel Carballo. Ver "Conversación con Carlos Fuentes", *Siempre.* Cultura en México, núm. 465 (mayo 23, 1962), pp. V-VII.

ten para sí e se consumen a sí mesmas (as de Robbe-Grillet, por exemplo); e as grandes novelas que teñen ao mesmo tempo, unha validez interna dentro da súa estrutura novelística e unha validez externa. Ou sexa, que a táboa de realidade externa só tén validez en función da novela mesma, e viceversa. É este o tipo de novela que me interesa escribir (p. V).

O primeiro libro de contos de Fuentes, *Los días enmascarados* (1954), contén un conto ("Tlactocatzine, del jardín de Flandes"), encol da emperatriz Carlota, que xa contén esta mistura de elementos realistas e de fantasía. A continuación Fuentes destaca a temática deste conto e a súa relación con AURA:

É un texto importante non só dentro de *Los días enmascarados*, senón no conxunto da miña obra e das miñas preocupacións. É o intento de recrear a historia, sin caer nos vicios propios do reportaxe sobre o pasado. O pasado aparece alí como nostalxia, como espírito que actúa sobre o presente e inflúe nas súas proporcións e texturas. É un conto sobre a perseverancia do amor a través dos anos. Este tema vólvoo a tratar nunha narración máis ou menos extensa que publicaréi axiña: AURA (p. V).

O pasado como espírito que inflúe ao presente e a perseverancia do amor sobor dos anos son as dúas accións centráis tamén da *nouvelle*, AURA. Estas dúas accións están perfectamente enfiadas para crear un mundo de ficción en que o tema do pasado (realidade) e o amor (fantasía) confúndense e enlazan ao leitor para se completaren. Un breve resumen de AURA ilustra ben estas dúas accións.

Felipe Montero, xoven historiador que se gana a vida ensinando a nenos desinteresados, decide acudir a unha vella casa no centro da capital, intrigado por un anuncio con unha magnífica oferta de traballo. O anuncio describe perfectamente —mesmo semella terse escrito expresamente para el. Felipe entra na misteriosa casa e acepta a proposta dunha vella, Consuelo, de ordenar e completar os papéis do xeneral Llorente, seu marido, morto hai sesenta anos. A pesar seu, Felipe acepta, mais ben engaiolado pola aparición dunha belísima xoven, Aura, da quen se namora súpetamente. Felipe sacrifica a súa afición pola investigación (descobrimento e conquista de América) para internarse na escura casa completando, por diñeiro, os papéis dun fantasma que escribía en francés e aceptaba que a honra do exército debía triunfar no caso Dreyfus. Enfrascado no traballo e seducido pola práctica de ritos eróticorelixiosos, Felipe chega á revelación de que Aura é a encarnación temporaria da xoven dona Consuelo. Felipe, ao ver unha vella foto do xeneral tamén se reconoce a sí mesmo. Ao cabo, dona Consuelo, na cama con Felipe, pídelle que se quede con ela deica que volva a memoria encarnada da súa mocedade, Aura.

A creación, desenvolvemento e desaparición da memoria encarnada corresponde á trama fantástica de AURA. Ana María Albán demostra claramente as fontes do complicado montaxe

que sirve de fondo á recreación de Aura [11]. Esta trama é a que predomina na obra e os seus elementos fantásticos non son un escape, senón que cadran con patróns míticos junguiáns que lle outorgan trascendencia universal. Aura é o símbolo da alma. Consuelo é a nai. A casa escura é o laberinto do mundo. Felipe intérnase neste laberinto, complicado montaxe, para reconocerse a sí mesmo e atopar o seu pasado e o seu futuro. A trama fantástica, Consuelo-Aura, forman o paradigma cíclico que fixara o destino de Felipe.

A trama realista de AURA, análoga á fantástica ou simbólica tradúcese á acción de a) reconocerse no pasado; e b) sentirse víctima de reiteración dese pasado. Esta trama corresponde na súa perfilación fantástica a a) recreación de Aura; e b) arrepiante destino de esperar á constante e temporal reaparición. O maxistral tecido destas dúas tramas crea coloridos variantes de interpretación en que se demostra perfectamente o conceito fuentesián de realismo simbólico: estilo típico da nova novela hispanoamericana.

Elementos esenciáis da nova novela, que se mencionaron máis arriba, tales como o uso do tempo e do mito para liberar ao home dunha percepción habitual e concreta pódense percibir claramente seguindo a acción realista de Felipe Montero. Esta pista realista trascende constantemente pola súa reflección na trama fantástica.

Tempo e mito poderían reducirse á arela do novelista actual hispanoamericán de captar a "intrarrealidade" do seu continente [12]. Si os escritores realistas se interesaban na epidermis realista, os novos queren enfocar a intradermis: a América invisible pero universal. Cortando a través do tempo e utilizando mitos pódese moi ben facer unha radiografía novelística. Algúns exemplos deste método utilizado por Fuentes en AURA comentaranse agora.

Na primeira parte de AURA, Felipe Montero por razóns pecuniarias vai á vella casa no centro de México [13]. Por intermedio dunha narración na segunda persoa Carlos Fuentes dános descripcións que captan nun obxeto o paso do tempo: son os guións dun paréntesis. Velaquí algúns exemplos:

> Camiñas de vagar, tratando de distinguir o número 815 neste conglomerado de vellos pazos coloniáis convertidos en talleres de reparación, reloxerías, tendas de zapatos e expendios de augas frescas. As nomenclaturas foron revisadas, superpostas, confundidas. O 13 acarón do 200, o antigo azulexo numerado —47— enriba da nova advertencia pintada con tiza: agora 924 (p. 11).

---

11 No estudio citado arriba, traza moi ben as raíces do aparello máxico (escuridade, colores, gatos, comida, ritos, etc.), a autores como Jules Michelet e Castiglione.

12 Raúl R. Castagnino explica claramente o método da "intrarrealidade" que os novelistas hispanoamericáns aprenderon de Faulkner. Consultar "Algunas cuestiones de sociología literaria frente a la nueva novela hispanoamericana", *NNH*, 2, núm. 2 (1972, pp. 39-41.

13 As citas do texto de AURA veñen da quinta edición (México, Era, 1970).

Tocas en balde con esa manivela, esa cabeza de can en cobre, gastada, sin releves: semellante á cabeza dun feto canino nos museus de ciencias naturáis. Imaxinas que o can che surrí (p. 11).

...antes de entrar ollas por derradeira vez sobor do teu hombreiro, contraes o ceño porque a longa fileira detida de camións e autos gruñe, pita, ceiba o fume insán da súa presa. Tratas inútilmente de reter unha sóia imaxen dese mundo exterior indiferenciado (p. 12).

Nestas citas bótase de ver cómo Fuentes logra mostrar unha intradermis de tempo por intermedio de descripcións realistas-obxetos cotiáns. Este método de descripción, semellante ao que Carpentier describe nos seus contextos, é un perfecto microcosmos da estrutura da novela. É unha fórmula básica que se repite na estrutura total de AURA onde Felipe atopa o seu doble no pasado.

A casa mesma en que Felipe se interna, coa súa ubicación realista (a calle Donceles), tamén se convirte en símbolo do México conservador e prerrevolucionario. A escuridade da casa e o ambiente en que o pasado aínda rixe ao presente poderían moi ben servir como escenarios para as obras teatráis de Xavier Villaurrutia. Esta casa é a influencia viva do século XIX mexicán no presente.

É importante agora suliñar a actitude e evaluación de Felipe (historia, dór e mestre fracasado) ante dúas épocas da historia de América. O seu ideal de escribir a obra de conxunto da época renacentista vese sacrificado pola oferta que o induce a ordenar e terminar no estilo de Llorente os "tediosos papéis do militar do Imperio" (p. 31). Si Felipe se tivera comprometido no estudio do período do Descobrimento e a Conquista sería non só máis sincero consigo mesmo, senón que se tería conocido o período máis importante de América. Por outra banda, Felipe e o seu mundo indiferenciado non poderían identificarse nunca cos homes do Renacimento. No fío realista da narración, a decisión de Felipe non é arbitraria senón necesaria para a revelación da súa persoalidade. Mercando o seu tempo, Consuelo obriga a Felipe a analizar unha época menos importante para reconocerse e ver a raíz da súa propia visión materialista.

Felipe Montero fracasa na *nouvelle* ao quedar esclavizado en brazos de Consuelo e o seu mundo do Imperio. Nembargantes, o triunfo de Fuentes é o de lograr artísticamente a revelación de que a época do Imperio vive no presente. Felipe reconócese no xeneral Llorente. Fuentes usa o mito (Aura como concpto da Ánima de Jung) con elementos realistas para comunicar a súa interpretación histórica nunha metáfora (*nouvelle*) de realismo simbólico.

AURA encarna moi ben, como obra de ficción, as interpretacións históricas de Carlos Fuentes sobre términos como utopía, epopeia e mito. Utopía é a América descuberta e pensada

como unha utopía. As necesidades concretas da historia causan que a utopía se convirta en epopeia. Predominantemente, América vivíu baixo o signo da epopeia e o seu arte foi épico. O mito é a posibilidade presente. Velaquí cómo a define Fuentes:

> ...no momento en que se agota esta capacidade épica, semella que non nos queda senón unha posibilidade mítica, unha posibilidade de recoller ese pasado, de saír dese pasado, que é pura historia, historia mostrenca, para entrar na dialéctica. Saír da historiografía, da redacción da historia, para entrar na dialéctica, que é facer a historia e facela cos mitos que nos dan os fíos de Ariadna de todo ese pasado utópico e épico para convertilo noutra cousa. A través do mito, re-actuamos o pasado, reducímolo a proporción humana. Este é o sentido das deslumbrantes novelas do noso gran clásico moderno Alejo Carpentier [14].

Poderíase traducir fácilmente esta interpretación á novela que estamos estudiando. Consuelo/Aura son a Ariadna que manteñen os fíos míticos que toma Felipe. A historia do Imperio reencárnase cando Felipe se identifica co xeneral Llorente. AURA é a dialéctica: a historia convertida nunha creación ficcional máis ampla onde o leitor tén que intervir con un sí e un nón para completar os seus significados.

Carlos Fuentes creóu en AURA unha obra que encaixa perfectamente coas coordenadas da "nova novela" hispanoamericana. Comprendendo as intencións e propósitos destes novelistas o sentido de AURA aclárase. Tramando hábilmente unha anécdota de concentrados significados donde se misturan a historia e o mito, Fuentes enlaza o leitor e enrédao no "realismo simbólico". A anécdota que reta ás novelas tradicionáis/realistas de Hispanoamérica sirve para destacar un intrarrealismo e unha visión máis universal do home americán. AURA, ambigua á man tenta, convida ao leitor a considerar a súa propia vida e historia con imaxinación. Por estas razóns, AURA seguirá irradiando significados e estimulando pluráis interpretacións da crítica.

ADOLFO SNAIDAS
New Brunswick, N. J.

---

[14] Consultar a entrevista con E. Rodríguez Monegal que aparece en *Homenaje a Carlos Fuentes*, obra citada arriba. Ver p. 49.

MANECHO O DA RÚA

Esta novela curta publicóuse o ano 1926 na colección "Lar". Según Carballo Calero, trátase dun relato direito, auténtico, sobrio, ceibe de retórica. O tema da emigración está tratado sin prexuicios. A obriña non tenciona demostrar nada, senón refrexar vivencias humás. É un relato realista, malia o seu final poemático; esquemático, como corresponde á súa brevedade e á abondancia de materia tratada; centrado arredor dun persoaxe refrexado con humanidade e sen afectación.

A aqueles días en que a miña alma tuvo os primeiros soños de HOME.

I

Nunha pequena aldea que hai cerca da Cruña vivía unha familia que lle chamaban "a da rúa". Non sei por qué. Na aldea non había rúas, como as non hai en ningunha aldea. Sitios por alí que tiveran este nome tampouco sei de ningún. O caso é que para referirse a calquera dos da familia, despois de nomealo encanabamos: "a da rúa", ou "o da rúa", según que fose muller ou home.

Compoñíase dun matrimonio e catro fillos. El chamábase Xaquín, ela Xuana. El era alto, delgado e ben feito. Inda que vello, víaselle que no seu tempo fora bó mozo. Aínda me parece estalo vendo comer na broa sentado á porta da casa, recollendo cunha man as frangullas que lle caían da outra. Despois de peneiralas un pouquiño pra que se lle xuntaran, metíaas na boca dun pulo. Ela era unha muller pequena pero feituca como un carto e moi da sua casa. Nunca se vía máis que da casa ao curral ou á eira. Sempre, dendes das dez hastra as doce da mañán, andaba cun carabullo de toxo na man, queimado polo bico. Debía de facer o lume con el.

Non recordo vela sentada nunca nin leriando con ninguén. As galiñas, o gato e o cocho conocíana como unha persoa á outra que se visen arreo, entendíana tamén. Podo xuralo. Ela faláballes o mesmo que â xente: con agarimo unhas veces e con carraxe outras; según estivera. Pero cáseque sempre con agarimo.

—Ídevos de ahí —decíalle ás galiñas cando a seguían pra que lles dera de comer—; inda non é hora, inda non é hora. Peteirade por ahí un pouco mais. ¡Boh! ¡Xa cho creo! ¡Vouvos estar dando sempre! ¡Así, era a nai! ¡Non teño cousa de mais présa! ¡Agardade que agora!...

E metíase na casa. As galiñas quedábanse á porta un pouco. Despois encomezaban o seu ¡coróooo co-co-co-co! Pero nun istantiño

calaban. Tíñaas afeitas a se conformaren co que lles dixera e íbanse arredando pouco a pouco, bicando aquí e alí, como ela decíalles.

Cando era hora de lle dar o millo, a señora Xuana botaba unha cunca acubulada del no mandil e salía pra o curral. Poñíase pé do cabazo enriba de unha pedra de moer na casa que estaba alí deitada e chamaba por elas:

—¡Churiñas! ¡Churas! ¡Churas! ¡Churas!

E collendo unha presa na man, erguendo o brazo canto podía deixábao caer dende o alto no mandil, decindo ao mesmo tempo:

—¡¡Chúuuuu chu, chu, chu, chu, chu, chu, chu!!

En oíndoa viñan as galiñas correndo canto podían, cas âs abertas e a cabeza estirada pra diante, saltando unhas por riba das outras. A señora Xuana íballes botando o millo pouco a pouco e arrecadándoas. Unha que lles sacaba os gras de diante âs outras era reprendida pola señora Xuana.

—¡Isca de ahí, loba! ¡Condanada, pra comer eres xente! ¡Non eres así pra poñer os hovos! ¡Malía o berce que te abalou! ¡Volve, volve!

Outras veces era o cocho que andaba por alí adiante; ao vela achegábaselle co fuciño levantado e as orellas crechas rosmando pola encaldada, ou polo caracho de millo, ou polas codias de pan. Tamén decíalle algo a señora Xuana; si era hora, ou se estaba acercando, de darlle de comer, entonces disculpábase:

—Agarda un pouco, agarda. Xa está cocendo. Xa sei que é hora xa; xa sei...

Con quen falaba pouco era co gato. O gato salía sempre atrás dela co rabo direito pra riba como unha vara, ou facendo figuras, dando voltas ao redor da señora Xuana rozándolle nas saias. A non ser cando se lle deitaba no millo que poñía a secar ao sol enriba dunha manta. ¡Hai daquela a señora Xuana rosmáballe! Hastra algunhas veces íbase pra el chea de carraxe ca escoba na man ou co carabullo de facer o lume. Pero como ao velo sempre berraba, o gato oía; e antes que ela chegara ao pé del, subíase pra o cabazo. Alí como ventaba seguro, deixábaa rosmar como si rosmara o vento.

Os fillos deste matrimonio iban ao monte, como iban daquela moitos mais da aldea, o mesmo rapaces que homes. Era costume ir ao monte buscar leña: toxos, queiroas, carqueixas, cepos e o que lle cadraba. O costume non autorizaba máis que a coller a penica que caía dos pinos, e algún carabullo ou pola seca que houbera por alí. Pero como esto non abondaba facía cada un o que podía.

Os fillos dos da rúa eran femias todos menos un: chamábase Manoel. Na aldea era conocido por Manecho o da rúa. Era o terceiro dos irmáns. Tiña 17 anos. Cando iba ao monte sempre traía menos leña que todos. Ainda que aqueles que tiñan menos anos e menos corpo que él. Non digamos xa dos do seu tempo. Esto deulle sona na aldea de palanquín.

Cando chegaba ao monte arredábase dos outros e poñíase a escoitar o canto das labercas que andaban polas nubes. Ou quedábase mirando un anaco de mar azul que se vía lonxe, nas mañás claras, por entre os curutos dos montes. Tamén as montañas e o ceo entretíñano horas enteiras de pasmada ademiración. O ceo, o mar e os montes, os tres sitios por onde anda de cote o misterioso mais alá, facíano esquencerse dos seus compañeiros, da leña, e das tolerías do seu pai. Despertaban na súa alma suxestións arelantes de cousas que non conocía nin lle falara ninguén. Non sabía cáseque poñer o seu nome; soletraba algo nada máis. Pero o mar, o ceo, e os montes abríanlle na alma deseos grandes de vida nova, chea de luz e de espazo. Moitas veces dáballe gana de botar a andar polo monte adiante cara aló, onde se vían aqueles cumes altos, tan altos que tocaban no ceo. E hubérao feito, a non ser por ese tembror que nos pon nas pernas o medo ao desconocido, sobre todo cando somos rapaces.

Hasta o canto dos paxaros do monte tiña para él unha atraición fonda. Non digamos xa esas aves que acostuman a pasar moi altas en figuras raras de A ou N, e soltan de vez en cando un chío que parece que nos fire no corazón, obrigándonos a erguer a testa e mirar pra elas, pensando no que dirán, a onde irán e de onde virán. Sobre todo os mazaricos cando os oía ceibar ese asobío que teñen, e os vía ir voando tan altos por riba dos pobos e dos montes faciano refrexionar moito. Inda que era un rapaz que non lera nin vira outros libros que os da pobre escola da súa aldea, a onde fora un pouco tempo en meses salteados, facía comparacións á sua maneira entre a vida das aves que vía voar e a dos homes da sua aldea. Lle non cabía na cabeza que tendo o home un poder creador e unha voluntade de facer levara a vida que levaba envolto na terra, na estrume, e no esterco; sendo un animal mais entre os que tiña pra o seu servicio. Sin salir en toda a vida das casas e terreos que labraba, como si o mundo fose somente aquelo. El dende o monte, nunha sola ollada vía todo o que era a vida dos seus veciños: unha chouza, unhas terras, a eirexia e o camposanto. O que había entre cada sitio destes era o de sempre: recorrer aqueles carreiros e corredoiras, coller leña no monte e bourar nas terras, sin outra cousa nin esperanza dela. O que xa el que non tiña máis que uns poucos anos, estaba cheo de facer.

Esta era a causa de que nunca trouxera un feixe tan grande como o dos demais, e de que lle chamaran lacazán. Na casa non era moi querido tampouco polo mesmo. Encomezaron a sentir despego por el, i el encomenzóu a sentilo pola casa.

Un día foi â Cruña, enterouse como había que facer para meterse de polisón nun barco e desapareceu.

II

Xa estaba no mar onde tantas veces puxera a vista chea de arelas do mais alá. Non sabía onde o levarían. Pero esto, que a outro poidera lle facer tremer, a el dáballe máis folgos. Xa se vía máis home que todos os da súa aldea. Posto na proa do barco parecialle que iba da cabalo dunha daquelas montañas que sempre miróu con misteriosa inquietude. O misterio que cobizara tanto abríaselle agora na sua alucinante inmensidade.

Non levaba maleta nin baúl, nin mais roupa que a posta. Pero el non pensaba nesto. No seu afán de ver mundo, e no seu gozo de atoparse camiño deso non pensaba nada máis. Unicamente algunha que outra vez se lle viña â memoria a aldea. De noite, debruzado na baranda decía:

—A tal hora están aparellando a cena, ou sentados â porta falando de min, de como estarei, a donde iría...

Pero esto pasábaselle axiña. Erguía a cabeza, botaba a ollada ao lonxe e quedaba outra vez suxestionado polo misterio. Algunhas veces xa se vía de volta, feito un americano, entrando na sua aldea cun traxe novo e unhas botiñas das máis caras, indo tras del as olladas e quereres das mozas do lugar, e parándoo todas onde o atopaban para oílo falar e ver o bó mozo que viña. ¡Cánto lle tardaba xa chegar â Habana para encomezar a ganar cartos.

A vida de abordo é a mesma sempre para os de terceira, sacando algún ou algúns días que o mar se enfurruña. Podía ter algún interés de estudo para quen soupera vela. Manecho o da rúa ainda non podía chegar a tanto. Non era moi boa que digamos a comida, nin moito menos o trato. Pero el non viña afeito a telo mellor. Así que lle non chamaba a atención o que vía. Nin siquera que cada un tivera que lavar o prato, se quería comer nel limpo. Escoitaba con algunha tristura os cantos que sobre da cuberta do barco, sobre todo de noite, cantaban us e outros cada un a estilo do seu pobo ou lugar.

Estes cantos facíanlle na alma un efecto somellante ao que lle producía no monte, alá na súa aldea, o asobio dos mazaricos. Tamén lle facían pensar en seus pais, e irmáns, e veciños, e compañeiros. Nestes momentos víñanlle arelas do monte e da aldea que deixara.

Aos dez días empezou a verse como unha nube gorda e branca.

—¡Terra! —berraron todos a unha— ¡Terra!

E encomezaron a aganchar polas cordas dos paus do barco, e a se subir a todos os sitios máis altos que podían. Uns cantaban de ledicia, outros calaban estremecidos de inquietude; algúns puxéronse tristes... Un deles foi Manecho o da rúa. Tembraba. Sentía ese temor a non sei qué que nos colle a todos cando nos vemos solos nun sitio desconocido por primeira vez na vida, sin saber pra donde ir nin que camiño coller, e temos, por forza, que tomar unha resolución.

Tamén pasóulle axiña. Volvéu o seu ánimo a cobrar o valor de sempre e xa deseaba pisar aquel chan que ainda non podía ver ben. Despóis dalgunhas horas empezóuse a ver o Morro, e as chimineas máis outas das fábricas da Habana. Foise achegando o barco. Foise vendo todo mellor. A xente deu en guindar ao mar vasos e pratos de lata, botellas, cestos, todo o que usara a bordo.

A entrada da Habana lle non gustou. Á man esquerda acaba o mar a rentes da terra como nas praias. A paisaxe era de monte pelado. Sin alturas, sin árbores. Solo unha que outra palmeira. Non veu campos verdes. Dentro da baía foi mais grande a sua desilusión. Aqueles caes de madeira vella, despintada, déronlle unha idea de pobreza que nunca coidara atopar na Habana. Despois aquelas casuchas tamén de madeira feitas de calquera xeito. A mesma Cabaña de que tanto oíra falar, dende alí non era nada. Unha muralla que subía polo lombo do monte do seu nome, caleada e todo como calquera outra muralla de calquera outro sitio.

Perto xa da noite desembarcaron Manecho o da rúa e outros polisóns. Leváronos a Triscornia. Tamén foron algúns pasaxeiros de terceira. Leváronos por unha carretera feita de mala morte, da cor do barro, queimada do sol.

Triscornia lle non pareceu tan mal como oieu decir. É unha agra grande cerrada todo arredor con aramios de picos. Dentro hai casas de madeira. Alí comen e dormen os emigrantes hasta que os veñen buscar os amigos, as familias, ou capataces e axentes para os inxenios. Cóbranlle a cada un tanto por día. O importe págao quen veña buscalo. Cando entra un capataz ou axente a contratar os homes van todos correndo a pé del pedíndolle que os leve. O capataz vai escolmando os mellores si hai fartura. Busca os mais gordos e fortes. Míralles as mans. Despóis, do que ganen co traballo, descóntalles o que pagóu por eles en Triscornia. O malo é que os emigrantes destó non saben nada. Non hai quen lles diga ao salir en canto van empeñados. O capataz ou axente pode facerlles as contas que queira.

Esto parecerá increible habendo na Habana un Centro Galego como hai. Pero é verdade. Unha verdade moi triste.

A Manecho tocóulle de ir nun fato que levóu un axente para o inxenio "Feliz", na provincia de Matanzas. Saliron de Triscornia un día âs once da mañá e âs duas xa estaban metidos no tren que os iba levar ao inxenio. As catro horas que tardaron en chegar foi Manecho mirando polas ventanas. Non veu a un lado e outro máis que canavales con algunhas palmeiras aquí e alí esparxidas, e algún que outro "bohio" rodeado de platanales e algún árbore. Estes "bohios" son unhas casuchas feitas de catro táboas e cubertas con follas de palmeiras. Parécense moito aos nosos alpendres. O que lle chamóu moito a atención foron os pretos que traballaban entre os canavales, espidos do medio corpo. Erguíanse para ver pasar o tren, e co sol e o suor brilláballes o corpo como as áas do corvo, cando escorren por elas as raiolas do sol.

III

Un inxenio é unha fábrica de zucre mais ou menos grande, con mais ou menos interés, según a sua importancia industrial. No aspeito xurídico-político social é un aparte da vida xeneral de Cuba. Os hábitos da escravitude consérvanse nos máis deles. Eisisten os maiorales. Antes, cando nono podía usar ninguén, levaban machete e bergallo. Hoxe, que todo o mundo pode andar con machete, andan eles con revólver, ademais de levar machete tamén. O dono do inxenio, ou quen o represente, fai e desfai. Para eso ten guardias postos por él, mandados por él, e pagados por él. Esto abonda para que se comprenda que toda a xente do inxenio está sometida â sua voluntade. Si sucede algún percance, os autores son levados a diante del polos guardias, e él decide o que ha de ser. Sómente casos graves chegan a conocimento do Xuzgado, que está a unha ou dúas leguas desviado do inxenio. Hasta recorrer esa distancia, non se atopa, polo xeneral, o primeiro pobo.

A xente do inxenio componse cáseque toda de galegos e pretos. Algunhas familias brancas do país que hai ocupan os cargos principales. Con esas ninguén se mete. Son dos que mandan. Tampouco hai mais que unha fonda e unha tenda, onde teñen que gastar os que viven alí.

Foron a agardalos á estación algúns capataces e guardias. Antes de salir contáronos a ver si faltaba algún. Estaban compretos. Botaron a andar. Polo camiño Manecho decatóuse que os capataces e guardias viñan para coidar que non fuxira ninguén. Decatouse porque cada vez que a un se lle ocurría algo os guardias daban a voz de alto, e ademáis iban uns adiante e outros detrás levándoos a eles no medio.

Chegaron ao inxenio de noite pechada. Inda que xa o dono sabía que iban, ninguén ocupouse de que tiveran que comer ao chegar nin onde dormir. Por fin abriuse a tenda e déronlles unhas latas de sardiñas con pan. Dormir tuveron que dormir no chan, enriba de táboas, cada un como puido.

Esto si que entristeceu moito a Manecho. Era a primeira vez que tiña que dormir así. ¡E esto sucedialle na América, nada menos, ao primeiro día de chegar, e nun sitio a onde o levaron empregado! ¡Cánto se lembrou da sua aldea ,e dos seus pais, e do monte, e do asobío dos mazaricos! Poido pechar ollo unha ou duas horas da noite porque estaba moi canso. Pero así e todo ¡ben lle custou!

Ao outro día, cando se ergueu levárono â fonda para desaunar. A "fonda" era unha casa porca, escura, negra: cas paredes esburacadas e cheas de manchas brilantes de grasa. As teas de araña víanse a eito. Tiña tres mesas con tres categorías: unha de primeira, outra de segunda e outra de terceira. As tres eran da mesma feitura. As de primeira e de segunda estaban nun ban co chan de ladrillo todo desfeito e cheo de polvo e de papeles. Polos currunchos onde non había ladrillos, as galiñas emborcallábanse âs suas anchas. O mantel da mesa estaba cheo de manchas de prebe, de viño e de grasa. O non tiña mais que a de primeira. A de terceira estaba fora, debaixo dun alpendre. Cando chovía había que mollarse, ou agardar, ou non comer. A cociña era como o demais; toda porca e toda negra. Non tiña unha cousa onde gardar nada. As cazolas, as culleres, tixolas, etc., tisnadas todas colgaban das paredes sucias, en cravos negros de fume, grasa, polvo e feluxe. Eran os donos dous chinos. Cando sacaban o prato de arroz acubulado asentábano cas mans. Despois limpábanse ao pantalón.

A Manecho causoulle moi mal efeito todo esto, a pesar de que non viña afeito a finezas.

Puxéronlle diante un pouco de auga tépeda, que chamaban café, nun pucillo, sin máis nada. Non lle tocóu. Foi para o traballo moi triste. Preguntóulle a un compañeiro se non había outro sitio onde

poder comer. Contestoulle que non. Unicamente si él, Manecho, quería cociñar. Alí faciano cáseque todos os galegos. A Manecho lle non gustaba cociñar. Nunca tal oíra nin vira máis que aos xitanos. ¡E él non era xitano, nin quería selo, nin facer nada que fose de xitanos!

Chegou a hora de almorzar, âs dez da mañán. Us foron para a fonda e outros para os seus cuartos. Manecho sentóuse â mesa dos de terceira, como os demais traballadores, porque para comer nas outras lles non chegaba o que gañaban, e esperou. Trouxéronlle un prato acubulado de arroz cocido en branco, con unhas frangullas de tasajo enriba e noutro un caldo de fabas negras.

Non probóu nada. Non sabía siquera como había que comer aquelo. Fixouse nos demais. Collían o prato de caldo de fabas negras e vertíanno no do arroz. Despois ca culler íbano remexendo e comían.

¡Algúns recuncaban!

Manecho ergueuse da mesa sin probar bocado. Un dos que o veu díxolle que si lle non gustaba aquela comida que fora â tenda e que pidira algunha cousa; sardiñas en conserva, queixo, dulce de guaiaba. Así o fixo: comeu unha lata de sardiñas con dous bolos pequenos de pan. Na tenda dábanlle ao traballador o que quixera, sempre que non gastara mais do que gañaba. Despois o mesmo tendeiro, que era o encargado de pagar, xa lle descontaba a cada un o que lle debera... ou o que lle cadrase. Como tiña o cobro pola man facía as contas que quería.

Ás once entrou ao traballo. Pero antes xa lle caeran algunhas bagullas. ¡Aquelo era o fin do mundo! Non faltaron compañeiros que o consolaran dicíndolle que tamén eles cando viñeran lles pasara o mesmo; despois fóronse afacendo. Aos poucos días xa pasáralles toda a pena, e comían todo o que lles daban, con gusto. Estas palabras, e o non haber outro remedio foron calmando a Manecho. Pero por eso non deixou de se arrepintir moito de salir de sua aldea de cabo dos seus pais.

Ás cinco da tarde acábase alí o día de traballo. Como pola mañán, us foron â fonda a comer e outros aos seus cuartos. Manecho o da rúa xa foi direito para a tenda a comprar as sardiñas e o pan. Arrimouse por alí a un lado e comeu como puido. Non lle pasaba a tristura.

De noite leváronno a un cuarto dos que había nun barracón do tempo da escravitude. Era de madeira vella, sin pintar nin calear; co chan esburacado, porco e cheo de pulgas. Tería seis metros cuadrados e durmían catro nel. Así pasaba nos demáis. Para o barracón entrábase por unha porta grande, tamén do tempo da escravitude. Na maioría daqueles cuartos vivían familias negras, e frente a cada un había montós de basura, bacinillas rotas, olas desfeitas, lorchos vellos, pezas de roupa esfarrapada con manchas de varias côres; escobas gastadas, botellas... Todo o que usaban no seu diario vivir aquelas pobres xentes. As cubertas dos cuartos estaban remendadas con latas vellas, postas de calquer modo con troncos de árbores enriba para suxetalas. De cando en cando entraban e salían negras, moi perenes, moi cheas de "rassón", en chinelas comidas por detrás, levando medio pé dentro e o outro medio fora, arrastrándoo polo chan; cás saias de coores moi rechamantes, recollidas enriba da cintura, e lucindo as pernas sin medias como tizóns apagados. Os negros cativos, de cinco a oito anos, andaban por alí compretamente en coiro, revoltos con toda aquela porcallada, onde tiñan festa moscas, mosquitos, galiñas e cás. Enriba da porta por onde se entraba ao barracón estaba o cuarto do maioral. Tiña ventanas aos catro ventos. Dende él víase todo o barracón por dentro como dende un piso o salido dunha casa.

Pola noite á porta do barracón había un sereno armado de guardia para ver quen entraba e salía. Ese guardia, âs nove da noite tocaba unha campana grande. Daba unha sola badalada. Era a si-

lencio. Dende esa hora se non permitía barullar nin andar por alí polo "batey", a non ser que o xefe da guardia o consintira.

Manecho ouservou ben todo esto porque era unha cousa que se lle cravaba na alma ao máis distraído. Tomóu posesión da súa parte de cuarto que lle marcaba a hamaca. Sitio onde poñer baúl ou maleta non había. Esto a Manecho non lle preocupaba porque non tiña maleta nin baúl. Non tiña mais roupa de reposto que un pantalón e unha camisa de dous que levara postos cando subeu ao barco na Cruña.

Como se acomoda un a todo cando lle non queda outro remedio. Manecho foise afacendo tamén. Os primeiros días pensou traballar moito e aforrar canto máis poidera para volver para a súa aldea e vivir sempre ao pé dos seus pais. Pero como o xornal era pequeno íbaselle en comer, e vestir, e pagar a lavandeira. Foise resinando. Un pouco hoxe outro pouco mañán acabou por conformarse con aquela vida. As circunstancias dominárono, sometérono. Era un vencido. Chegóu a comer o arroz en branco, calcado no prato polas mans dos chinos como él vira facelo ao primeiro día. E houbo vez que recuncou tamén ¡A él mesmo parecíalle imposibre!

IV

Xa sa sabe que cando perdemos unha ilusión a nosa alma busca outra sea como sea. Si non é boa é mala. Si non é de verdade é de mentira. O bô e o malo dependen moito do momento en que se producen. O valor de todas as cousas pra un mídese sempre pola necesidade que teñamos delas, un peso cando non temos nada no peto fainos mais e querémolo mellor que dez cando temos vinte. E así tamén no orde moral.

Manecho, perdida a ilusión de deixar aquela vida, empezóuna a estudiar e a vela pola cara máis agradabre. A primeira cousa que notóu foi que os galegos alí eran moi mal mirados, en xeneral. Pero parecéulle atopala razón. Eran mal mirados os galegos polo descoidados que viven no vestir e na limpeza. Cáseque todos lavaban a súa roupa ou andaban con ela sen lavar; facían a comida de calquera cousa e comíana de calquera maneira, como xitanos. Andaban barbudos e peludos hasta que uns a outros se facían este labor, sin saber, a como saíse.

Daba door velos os domingos ou as horas de descanso lavando a fatos na roupa; catro farrapos, que sempre quedaban moi mal lavados e daban máis noxo que antes de os lavar. Ou sentados á porta dos cuartos, botando remendos, fregando as cazolas e as cuncas, pelando patacas, acendendo o lume, e cousas así. Este mal vivir e o moito traballar e o crima tíñaos feitos esqueletes. Parecían uns condenados. A Manecho dábanlle lástima porque sabía que o tiñan que facer así si querían mandar unhas pobres pesetas ás súas casas para que comeran pan os seus fillos e pagar as débedas. Os cubanos non teñen en conta estas razóns. Coidan que o fan por cobiza e téñenlles xenreira.

Manecho non facía nada desto. Daba a roupa a lavar sempre, andaba limpo, comía na fonda e iba ao barbeiro unha vez todas as semanas. As horas de descanso adicábaas a ler e a estudiar a vida daquel pequeno mundo, onde se vía polo seu mal.

Esto chamóu a atención dos do país, e gabábano. Todos lle querían. Invitábano a tomar café nas súas "casas". Manecho aceptaba. En pouco tempo era distinguido por todos. Deixábano ir aos seus "bailes de santos" e rumbas, espricábanlle o que querían decir algunhas cousas da xerga deles que non comprendía. Chamábanlle *compae* (compadre) tratamento que se dan eles entre sí. Decían del:

—¡Qué gaieguito ma simpático! Acaba de iegá de su tiera y ya paese un cubano.

—Ya se aplatanó.

—Ese no vueve ma a Epaña.

Unha negra preguntóulle:

—¿Te gutan la mulata, Manué? Tienen fina la sintura y le dan dusse a la bola.

Manecho ría e calaba.

Algunhas noites xuntábanse varios negros e mulatos no barracón cantando "guagiras" ao compás de unha guitarra. Cantaban mulleres e homes, cada un pola súa vez, décimas moi bonitas donde se gababa o ceo de Cuba, a muller cubana, as palmeiras, a "dusse" caña e a independencia. A Manecho entusiasmábano aqueles cantos. Eran dunha melodía encantadora. A través deles vía algo do que soñara na súa aldea; algo do máis alá do curuto das montañas e do asobio dos mazaricos cando pasaban polas nubes, deixando na súa alma arelas que non sabía espricar.

Ao pouco tempo cantaba coma eles, e chegóu a ser un máis dos do fato. Sempre que empezaban e non o vían, preguntaban:

—¿Y el gayeguito?

Manecho nunca faltaba. En oíndo a primeira "guagira" íbase correndo. Todos os libros de cantos populares cubanos que vía mercábaos e aprendíaos de memoria. Esto permitíalle moitas veces estrenar alí décimas que eran unha novedade para aquela pobre xente, que non sabía ler nin escribir, e que escoitaban ademirados.

Esta amistade de Manecho cos negros tiña desacougados a moitos galegos que había naquel inxenio. Temían que lle deran *bilongo* no café; algunha bruxería que o atara por sempre a eles e non poidera volver máis a Galicia. Decíanllo de boa fe. Manecho nunca fixo caso. Tomaba café en todas as casas de negros e mulatos que o convidaban. El correspondía dándolles cigarros puros. Nunca lle pasóu nada. Sempre víu neles xenerosidade e nobreza.

Un día namoróuse del unha negra gorda darriba abaixo como un bocoi. O negro con quen vivía (nos inxenios non se casan: arrímanse) era encargado de cuidar os bois que quedan de noite en algún terreo do inxenio. Non había por que temerlle. A hora convida foi Manecho ver a negra. Eran as doce da noite. Ao chegar á porta da súa casa viuna en pelico virse a él cos brazos abertos e asustado fuxeu como un lóstrego.

Gustábanlle as mulatas. Un día pasóu polo lado dunha moi guapa. Coidóuse obrigado a lle botar un piropo, porque sempre o miraba con moita cousa. A mulata aplastóuno:

—¿Po quien me ha tomao uté, señó? ¿Que confiansa son esa? E uté moi atrevío y confiansú ¿sabe? Recójase, eh, recójase. Mucho cuiaito conmigo. ¡Míralo qué parejero! Como se lo sepa mi mario no va uté ma a Epaña.

Manecho quedóuse frío. Asustóuse. Non quixo saber nada máis cas mulatas. Pero como no inxenio solo hai un camiño pra ir á tenda, que é o punto a onde todos teñen que acudir, atopáronse aos dous días. Manecho pasóu de largo. Nin siquera lle botóu unha ollada. A mulata volvéuse cara a él:

—Oiga uté, Manué, etamo peleao?

E quedóuno mirando abrindo moito os ollos e sorríndolle.

Manecho paróuse. Viu que a cousa iba de veras e contestóulle:

—Eu nunca peleo con unha mulatona tan rebonita como ti.

—¿Entonse? poqué no me saluda?

—Porque o outro día...

Interrumpíulle ela:

—¡Si fué jugando, viejo! ¡Paese mentira que no me lo conosiera!

Manecho pasóu adiante:

—Ademáis eu sei que ti tes un negro que te trae de "lao".

—Que va, viejo —respondéulle ela—. Yo no quiero negros. Por no me gutá lo negro, no me guta ni el café. A mí me guta lo blanco o lo moreno, como el asuca de mi Cuba.

Chegóuse un ao outro. A mulata era unha muller de moito rosmillo. Tiraba máis ao moreno que ao branco. Era alta e ben feita. Tiña os ollos grandes e as cellas abultadas e negras. Os peitos arrumbábanlle como dous melóns, e a cada movimento dela tembrábanlle ríxidos e duros como dúas pelotas sensibres. Polos brazos e polo armón do lombo, o mesmo que o nacer das patillas, tiña unha peluxa fina e graciosa que engaiolaba a vista.

—A ti che non gustan os galegos —díxolle Manecho.

—Los gayegos como tú, sí, mi paresito. Contigo, me voy hata España.

Quedaron en que Manecho iría a tomar café á súa casa o outro día pola mañán.

Foi. Serían as once. A mulata estaba tendida ao través dunha hamaca nova con frecos. As pernas e o brazo esquerdo colgábanlle ao desdén. Vestía unha bata branca de tela fina e trasparente cunha cinta azul polo escote que lle estaba que lle fervía. Na man direita tiña un abanico dándose aire. Nos pés unhas chinelas de color azul, froridas, e unhas medias brancas de seda. De cando en cando espetaba a punta do pé no chan e dáballe impulso á hamaca sangoneándose.

Manecho quedóuse bobiño. Nunca tal vira nin soñara.

—¡Qué guapa estás, mulatona! —díxolle todo atolondrado.

Ela preguntóulle:

—¿Y a qué vienes?

E siguéu como estaba. Esto acabóuno de aturdir.

—A verte —puido decir, por fin, sin darse conta siquera.

—Y a tomá café también vendrás... ¿no? —preguntóulle, sorrindo.

Manecho entróu. Entróu sin se decatar. Non daba conta de sí.

Ardíalle a cara, bailábanlle os ollos, tembrábanlle as pernas... A mulata saltóu da hamaca, e botándolle un brazo polo pescozo arrimóulle a cabeza ao seu peito, suspirándolle ao ouvido:

—¡Ay gayeguito! ¡Tú me tienes embrujá!

... ...

Seguiron as visitas e os encontros de amor. A mulata tiña un negro. Manecho, díxollo de broma o primeiro día en que se viron camiño da tenda, e resultóu verdade. Xa lle estrañóu que tivera unha hamaca, e que vivira con certo luxo. O negro viña a vela de vez en cando, montado nunha egua dende unha colonia que tiña. Chegóu aos seus oídos que lle andaba o galego ca mulata. Debéronlle dar moi ben as señas de Manecho porque en canto o víu un día que entraba polo inxenio, tiróuse abaixo da egua, e sacando un machete que lle chegaba da cintura hasta os pés, botóuselle enriba fero como un lobo, dicíndolle:

—¡Haí gayego! ¡Ahora me las vas a pagá!

Manecho deu en correr e o negro tamén atrás del, mentras a xente berrabá: "¡Que o mata, que o mata!". Un guardia que acertóu a estar por alí salvóuno. Porque o negro iba disposto a cortarlle a cabeza:

—"Le he de arrancá e pecuezo" —decía, preso e todo.

Aquel mesmo día saléu Manecho secretamente do inxenio acompañado de dous paisanos. Un deles xa estivera na guerra que tivo alí España, e tiña sona de valente. Gastaba machete tamén. Polo camiño non encontraron a ninguén que os estorbase. Chegaron ao pobo, e Manecho colléu o tren e foise para a Habana.

V

Manecho non conocía a Habana pouco nin moito.

Na vira máis que ao vir do muelle ao tren, cando saléu de Triscornia. Gracias a unha recomendación que lle deron puido entrar na casa dun catalán a dormir, entramentres non atopaba empreo. Este catalán era un home vello, cheo de enfermedades e de pobreza, que despois de corenta anos de Cuba, traballando sempre de toneleiro, que era o seu oficio, veuse reducido a ter que facer tapóns de madeira para pipas e bocois; eses tapóns cativos que teñen pra o sitio da mangueira, por onde os enchen. Pagábanlle o cento a catro e cinco pesetas. Facía un par deles no día, cando podía traballar, pois, como digo, estaba enfermo, e con esto iba tirando. Vivía outro vello con él, tamén toneleiro e tamén cheo de males. Xa o operaran dúas veces. Non pasaba unha semana arreo ben. As enfermedades por un lado e os poucos cartos por outro tiñaos afeitos a pasalo de calquera maneira, e a conformarse. Axudábanse un ao outro como dous irmáns ben levados. Non había máis que un peto. Cando entraba unha peseta na casa pagábase o que se debía. Si quedaba algo "alí" estaba pra o que fixera falla. O traballo de facer tapóns era descansado. Facíanse cunha aixola enriba dun cepo, sentado.

Aos poucos días saleulle a Manecho un empreo. Era nunha refinería de zucre. Tiña que andar con sacos de catorce arrobas, por peso e medio de xornal, e un día veu escadrillado. Facía oito namáis que traballaba.

Para poñerse ben, tivo que estar quince días na casa sin poder traballar. O home non era moi forte que digamos, e aconsellárono que non volvera máis a aquel sitio.

Mentras estivo enfermo foise fixando como facían tapóns os vellos. Cando un deles non podía traballar, Manecho sentábase, collía a aixola e facía tapóns. Aínda tiña a súa chencha. De primeiro non lle deixaban, porque os vellos temían que os non fixera ben e que estropeara a madeira. Pero vendo que se daba maña, non solo o deixaron senón que lle puxeron un cepo e déronlle unha aixola para que traballara mentras non lle saíra outra cousa. Pagábanlle o cento a medio peso, dándolle todo. A Manecho déuselle tan ben este traballo, que facía tres e catro centos no día. O malo era que non sempre había venda para todos e tiña que parar. Se non fora por esto o choio no había mellor pra él. Porque Manecho estudaba sempre canto podía, e aquí tiña tempo. Moitas veces non dispoñía dun peso porque os gastaba en libros. No inxenio lera o demo deles anarquistas que lle vendera un "libreiro" que fora por alí. Puxérase tamén en relación cun periódico anarquista que se pubricaba na Habana titulado "¡Terra!", e mandábanlle a feixes libros e folletos que lía con fondo pracer. O que lle faltara hasta daquela fora tempo e libertade. Agora, facendo tapóns tiña canto tempo e libertade quixera. Por eso siguéu con eles, aínda que moitas veces non tivera unha peseta.

A carón da casa do vello catalán había unha tenda. Era o dono un madrileño que estudiara cáseque toda a carreira de abogado, e que deixóu por unha portorriqueña que foi a Madrid de paseo. Namoráronse, casáronse, e veu o madrileño para Portorrico ca súa muller, deixando a Madrid e a abogacía. Chamábase Gorecho. A muller era rica, anque non tanto como coidóu o madrileño. De Portorrico tuveron que salir, eles e moitos máis españoles, pois os americanos perseguíanos canto podían. E viñeron pra a Habana. Puxeron a tenda pra ir vivindo.

Non sei si fará falla decir que o madrileño odiaba a tenda, e a todo canto se relacionase con ela. I eso que él non tocaba a casi nada, porque tiña dependentes. Pero así e todo non a podía ver. Era un home moi culto, moi simpático e moi amargado. Tiña us corenta anos.

Na esquina daquela mesma rúa había outra tenda cun dono das mesmas malas condicións do madrileño para tendeiro. Era cubano, fillo de español. El e máis o pai na guerra de Cuba guerrearan a favor de España. O pai fora capitán de voluntarios, e o fillo teniente. Estaban afincados nun pobo a seis leguas da Habana. Alí tiñan bens, e alí viviran sempre. Pero despois de acabarse a guerra tiveron que salir para a Habana, porque os daquil pobo non lles querían ben, debido a que non defenderan a Cuba. Esta familia compoñíase dun matrimonio con tres fillos, todos maiores de edade. Dous eran varóns e o terceiro femia. Os varóns non tiñan oficio nin carreira. A femia era profesora de piano. Para axudar ao que producían os bens, o pai púxolles unha tenda aos varóns. O encargado dela chamábase Xosé. Era o maior dos irmáns.

Este Xosé tería corenta anos tamén, pouco máis ou menos, como Gorecho, o tendeiro madrileño. Conocéronse axiña. E simpatizaron, Xosé odiaba tamén a tenda. Era un home culto, fino, galante e sentimental. Tiña do Quixote a parte máis bela: o desinterés, a bondade e o altruismo. Dáballe noxo ter que oir ou falar de cousas baixas. Inda que eran dous irmáns para a tenda, tiñan dependente. E eso que sobraba dun para o despacho que habia. Pero eles non poñían man a nada. Xosé, si tiña que tocarlle a algunha cousa, lavábase axiña as máns, e despois aínda as pasaba en alcohol. E como estivera falando con él un que lle agradase, xa podía estar o mostrador cheo de xente: non se movía.

Sempre que podían, Xosé e Gorecho estaban xuntos. Cáseque sempre viña Xosé para a casa de Gorecho, porque si iba Gorecho para a casa de Xosé, o pai rosmaba, con moita razón, porque Xosé non facía caso da tenda. Na casa de Gorecho estaba todos os dias, máis dunha vez sempre.

Manecho tamén pasaba horas enteiras alí. Os tres estaban decote leriando. Xosé e Gorecho falaban arreo de arte, de historia, de literatura, de poesía. Sabían moitas anécdotas. Aquelo era un ateneo permanente. Manecho escoitaba. Cando querían tirarlle da lengua botaban contra o anarquismo, e Manecho poñíase como unha fera. Citáballes unha restra de autores e non coidaba que houbera outra persona tan enterada coma él. Eles deixábano hasta que non podían ca risa. Pero gustáballes Manecho porque era da mesma corda; faltáballe cultura, pero tiña grandes sentimentos e moitos deseos de saber; era franco, leal, xeneroso e humilde. Algunhas veces estaban falando e a xente de pé ao mostrador esperando que lles despacharan.

—A ve si me depacha, señó, que etoi apurá —decía unha negrita.

Non facían caso. Nin oían siquera. Volvía a negrita:

—Señó, que tengo que hasé, y ahorita hase una hora que etoi aquí.

E botaban a andar, algunhas veces no mesmo istante que Gorecho cantaba unha romanza das que vira no Teatro Real de Madrid, e que o entusiasmaba como "naquel" tempo. Cantaba en voz alta cando podía. E tíñaa boa, sabía música canto lle daba a gana.

Unha noite, tanto se entusiasmóu que foron á casa de Xosé para cantar Rigoletto e o adiós á vida de Tosca, acompañado ao piano pola irmá de Xosé, Elba. Alí cantóu máis dunha hora. Parábase a xente a perguntar quén sería aquél. O pai de Xosé, cando os viu entrar saleuse da casa rañando a cabeza. Cando estaba no mellor veulle un recado a Gorecho da dona dicíndolle que lle botaran unha multa por ter a tenda aberta despois da hora. Non fixo caso. Pero todos se negaron o seguir a broma xa. Elba erguéuse do piano e a Gorecho non lle quedóu máis remedio que irse para a casa con Xosé e Manecho que o acompañaron.

A amistade destes dous amigos deulle a vida a Manecho. El, que

tiña tantos deseos de aprender poido saber moitas cousas enseñadas por eles. Manecho perguntáballes cando non sabía, i eles contestábanlle a todo como de igual a igual ampriamente. Prestábanlle libros que lía con moito gusto, e despóis pedíanlle o seu parecer e facíanllo razonar.

Pero máis que eles, aínda axudóu na voluntade de Manecho a amistade de Elba, a irmá de Xosé. Conocéranse e tratáronse porque Xosé levóu a Manecho á súa casa. Esta muller, cos seus falares e co piano enmeigaba a Manecho. Fixo que deixara as ideas e os libros anarquistas a un lado, e que collera todos os de literatura e poesía que lle viñeran a man. Desde que se conoceran, Manecho iba todas as tardes a saludar a Elba e máis á nai, que sempre estaban xuntas. Manecho sintéu axiña por Elba un respeto cariñoso tan grande, que por compracela houbera feito as máis grandes tolerías do mundo. Escoitábaa como a unha diosa. Todos os domingos polas mañáns lle levaba frores, que ela poñía enriba do piano, donde máis lle gustaba velas a Manecho. Cando non tiña cartos para mercalas, íbaas a coller ao xardín do Sanatorio do Centro Galego, "A Benéfica". Tiña que ter moita conta que non o viran, porque estaba prohibido tocar cousa ningunha do xardín. E moito menos coller nada. Fose como fose, él nunca deixaba aos domingos pola mañán de levarlle frores á súa amiga. Pero leváballas como unha ofrenda espritual. Como si fora a un Anxel do ceo. Porque era así como a vía.

Elba era unha muller alta, de gordura regular, cara máis ben bonita, sin ser moita cousa. Pero era moi instruida e dun trato encantador. Educárase nun convento; tiña esa sinxela inxenuidade que algunhas personas, mulleres sobre todo, conservan toda a vida. Era relixiosa, sin ser o que chamamos beata. Iba á misa os domingos e días solenes da igresia, namáis. Vivía recollidiña con seus pais, que, como non tiñan outra, tanto a quixeron gardar que ninguén sabía dela.

¡Que emocións tan grandes e tan engaioladoras lle ten feito pasar a Manecho! Quedábase bobiño escoitando. Ibaselle a alma detrás daquelas notas tenras e doces. ¡Aquelo si que lle facía ver con toda craridade o máis alá que soñara nos montes da súa aldea.

Así siguéu Manecho uns anos de amistade diaria con estas familias. Nese tempo púxose ao corrente de moitas cousas. Lera moito de historia, de literatura, de poesía e hastra de filosofía. A Balmes sabíao cáseque de memoria. O "Criterio" non o deixaba de man. Moitos días non tiña con que pagar a pousada ou a lavandeira. Pero máis que esto preocupáballe encontrar un consonante ou poder redondear un párrafo literario. Así foi salindo. ¡Así chegóu a ver pubricado un conto seu nunha revista que non solo llo colleron senón que llo gabaron nun solto!

¡Qué día aquél para Manecho! Non tiña unha peseta, como decote, nin cáseque de donde lle viñera, e así e todo consideróuse o home máis feliz. Foi á redación a dar as gracias, tembrando de ledicia. O direitor recibiuno moi amabre, e animóuno a que siguira escribindo. Déronlle seis ou oito exemprares do número que pubricaba o seu conto e non paróu non sei en cantos días de enseñalo a todos os seus amigos e conocidos. ¡Pobre Manecho! Amostraba orguloso o seu conto coidando que os demáis íbanlle dar a mesma importancia que lle daba él, e sacando os seus amigos, Xosé e Gorecho, e algún máis que entendía e tiña en algo estas cousas, todos o tomaron por unha cabeza de vento. ¡Non faltóu quen dixera que estaba tolo. As xentes "sensatas" —cousa que se esprica perfectamente ben— non lles cabía na cabeza que un home que non tiña onde caerse morto pensara en artículos literarios antes que en xuntar pesetas.

Pero Manecho non facía caso. Estaba entusiasmado cos seus libros, cos seus periódicos, cas súas revistas e cos seus contos. Sobre todo

porque lle gustaban a Elba a persona de máis importancia do mundo pra él.

Todo o que escribía Manecho era co pensamento posto en Elba. As conversacións que tiñan, os deseos, etc., era o tema dos seus contos. E veu o que tiña que vir nestas circunstancias: Elba e Manecho chegaron a quererse, e decraráronse o seu amor con promesas solenes. Todo foi indo ben mentras non se decataron os pais. Cando o souperon, recibiron un disgusto. Elba fixollo saber a Manecho, e pideulle que non pensara máis no que se dixeran.

Esto foi como un tiro no corazón de Manecho. Que se opuxeran os pais de Elba encontrábao natural. El non tiña personalidade nin outras condicións que debía ter o home que a pretendera. ¡Pero que ela, sin máis nin máis, dera xa todo por morto así, dunha prumada! Non lle cabía na cabeza. E non podía dudar. Alí estaba o papel ben craro e ben insensibre á súa door. Manecho virábase tolo. Para comprendelo ben hai que ter en conta o moito que él quería a aquela familia, e que non tiña alí na Habana outras amistades. Despóis de catro ou seis anos de trato diario e afectuoso, chegando a comer moitas veces con eles, víase solo compretamente, e no mesmo sitio i entre as mesmas personas que o fixeran tan dichoso. Veuse tan solo como náufrago no medio do mar. ¿Quén era capaz de resistir tanto? E moito menos él, tan sentimental, tan romántico, tan inxenuo.

¡Qué revolución produxo na súa alma este revés! Estuvo uns días como tolo. Perdéu a alegría, perdéu a fala, perdéu o conocimento. Chegóu a pasar por diante da xente do seu trato sin se decatar.

Non se atrevéu a presentarse máis diante de Elba nin da familia. Queríalles moito e respetábaos moito para atreverse a darlles un disgusto. Ademáis, Manecho era tímido. Era destes homes que son incapaces de poñerse frente a frente das circunstancias e loitar con elas. Metíase dentro de sí mesmo cando a vida lle era demasiado aspra. Comprendía tamén que era ridículo que un home como él estuvera facendo tapóns, como o probe vello catalán, podendo facer outras cousas de máis proveito e lucimento, e asombrábase que se atrevese a pretender a Elba nestas condicións. Por máis que él na pretendera. El non fixera máis que adorala como se adora a unha imaxen. Nunca o seu pensamento baixara desas alturas. As circunstancias fixeron o demáis.

Dispúxose a buscar outra cousa. Víu a algúns conocidos e falóulles das súas pretensións. Pero estes conocidos eran dos que o tiñan por lixeiro de cascos desde que o veron entusiasmado ca literatura. E escusábanse como podían. A outros xa non se atrevéu a decirlles nada. Nalgúns sitios donde pidéu empreo esixíanlle referencias das casas onde estivera. El non podía dar máis referencias que de onde fixera tapóns. Pero esto nono podía decir. Hastra lle daba vergonza recordalo. Nos tapóns vía él a cousa toda do seu triste estado de abandono en que se atopaba.

Así estivo como dous meses. Cada día era máis grande a door de se ver así, tan solo e despreciado dos que tanto él quería. Enfermóu. Tivo que ir para a Quinta do Centro Galego, de onde era socio. Aos quince días veuse obrigado a salir da Quinta, enfermo e todo, porque non tiña con que pagar o recibo do mes que entrara, e alí, anque un sea galego, e aquelo de galegos, botan fora ao que non poida estar ao corrente no pago... Outra cousa que a Manecho partíulle a alma. Colléu a pruma e fixo un conto que mandóu á revista donde escribía. Gustóu moito. E sobre todo a Elba, que o lera, pois suscribírase á revista dende que Manecho colaboraba nela. Produxólle tanto efecto que non puido deixar de escribirlle a Manecho felicitándoo... Manecho recibéu a felicitación como doutra muller. Como de unha amiga que tivera moitos anos atrás. Aquela Elba que él idealizara como unha diosa xa non existía. Quedóu sepultada nas ruinas do seu cora-

zón o día que recibíu o triste desengano. Porque dende aquel día o corazón de Manecho non foi máis que eso: unha morea de ruinas. Xa nunca nel fronecerían as rosas das ilusións do amor.

Siguéu Manecho escribindo, siguéu a enfermedade coméndoo, e siguéu Elba mandándolle cartas. De vez en cando Manecho atopaba nesas cartas algo da Elba primeira. Quedábase co papel na man fitando pra calquer lado como un tonto. Pero non podía pasar desto. Xa él non se *encontraba* o mesmo de antes. Era outro. Así e todo recibíaas con gusto. Algunhas veces ao rachar o sobre emocionábase un pouco. Pero pasáballe como un lóstrego. E si no fondo se sentía incrinado aínda a esta Elba era polo que tiña para él de recordo da outra, da que él idealizara e lle poñía frores todos os domingos polas mañáns.

Un día, cunha carta, recibéu o retrato dela. Traía unha adicatoria chea de ternuras tristes polo remordimento. Estaba cun traxe que a él gustáralle moito vela con él. Non a vira dende que se separaron, e parece que o fixo revivir... ¡Ai, pero naquel mesmo momento soupo que tiña que virse pra Galicia ou morría alí!

VI

Preparóuse para o viaxe. Pagóulle a sociedade Beneficencia Galega. Outra sociedade á que él pertenecía deulle unhas pesetas para que poidera chegar á casa.

Fixose todo de contado, porque non se podía perder tempo. Cando menos o pensóu recibéu aviso de que se preparara. Non tiña que preparar. Unha maleta pobre con catro pezas de vestir, os libros e artículos era todo o que podía traer. Eso xa o recollía no acto mesmo de salir pra o muelle.

Dous días despóis, ás doce da mañán, chegóu un coche á porta de Manecho. Tiña que estar a bordo ás tres da tarde. O primeiro que fixo foi mandar que lle puxera a maleta no coche onde él non vira para non ter diante nada que lle recordara que se iba. Porque a pesar de todo o que lle pasara e pasaba non podía enfrontarse ca idea de que se marchaba de alí. Cada vez que lle viña ao pensamento esa determinación que lle facía tomar a vida parecía que os pés se lle cravaban no chan e non lle querían salir. Entrara demasiado adentro do seu corazón todo o que lle sucedera para poderse desprender del ao primeiro golpe.

Posta a mala no coche saléu á rúa. Díxolle ao cochero que agardara un pouco, e botóu a andar. Foi á casa de Elba. Coidóu que non tería valor para ir, pero foi. Non podía embarcarse sin despidirse dela e da familia. A súa mesma desgracia doulle ánimo para tanto. Era a primeira vez que os vía despóis de romperen as relacións. Chegóu frío, sereno. Mirándolle para a cara entendíaselle que queria decir: —"Señores, a vida arrédanos para sempre, veño decirlles o último adiós. Eu perdono si algo tivera que perdonar, que non teño nada, e rógollos que vostedes me perdoen a min". Veuno a recibir Elba en canto o conocéu na voz. Manecho tendéulle a man. Ela coidóu que se iría para outro pobo de Cuba. Cando lle oíu decir que se iba para España e amostróulle os certificados que llo mandaban así, quedóuse branca como a neve i empezóu a tembrar. Chamóu pola nai, que xa viña, e non lle púido decir a que iba Manecho. Quedóu sin fala. Manecho deulle á man á nai, despedíronse moi amabremente e saléu a presa. Ao pai e aos irmáns viunos na tenda. Aínda tivo que mirar para tras antes de dobrar a esquina que xa lle ocultaba para sempre aquela casa... E víu a Elba, por detrás da reixa, no mesmo sitio onde estiveran tantas veces falando os dous, cun pano na man cochándose a cara... Manecho sintéu que se lle apretaba a gorxa, acoraba. Pero non había remedio.

Siguéu andando rúa abaixo, resolto como si fora facer un gran feito ou acabara de realizalo. Para non oir os laios da súa alma iba cantaruxando. Entróu na casa a despedirse dos vellos, compañeiros de vida daqueles anos que tanto infruiran nel. Xa lle parecía outra. Xa a miraba con cariño. En cada currunchо vía algo de sí mesmo, e pousaba a mirada en todos os sitios como decíndolles adiós. Sobre todo a mesa onde escribira os artículos e as cartas a Elba. Unha pobre mesa feita dun caixón deses pequenos do gas cravada no tabuado do cuarto e apoiada por diante nun pau. Aos vellos deulles unha apreta forte. Queríalles moito. Eran moi bós. Viviran os fres como amigos. Hastra se aconsellaban cómo iban a facer cando non había venda de tapóns.

Saléu. Os vellos acompañáronno hasta a porta. Xa no coche Manecho deu orde ao cochero de botar andar cando aínda lle decían unhas palabras de despedida que el non tiña valor pra oir.

Ao chegar ao muelle atopóuse con unha amiga de Elba e del que sabía a historia toda dos seus amores. Estábao esperando. Deulle un sobre cativo bordado de fíos e ouro, de parte de Elba. Ao chegar ao barco abreuno. Estaba perfumado co mesmo perfume que lle botaba sempre nas cartas. Traía un rizo grande do pelo de Elba en forma de E, suxeto por unha liña, de ouro. ¡Poida ser que fora un, que tiña a un lado da frente e que lle gustaba moito a Manecho! Tamén traía dúas violetas das que ela coidaba no xardín e unhas liñas de despedida que Manecho non puido acabar de ler porque se lle nubraron os ollos.

Deixóu a maleta tirada na cuberta entre a xente e foise para a proa do barco. Quería estar solo. Empezóu a mirar arredor. A paisaxe agora xa non lle parecía a mesma de cando chegara. Agora sentíaa. Suxestionábao. Aquelas palmeiras direitas cos seus penachos redondos e verdes en forma de grandes paraguas destacándose por riba do horizonte no ceo azul, parecíanlle feitas pola natureza para colgar á súa sombra hamacas froridas e botar sestas de amor. Pasóulle pola memoria a mulata do inxenio. O Morro e a Cabaña víaos agora a través da poesía popular cubana con que os oíra cantar en belas guajiras que xa nunca máis se lle foron do pensamento. Miróu por riba da cidade para o lado onde él vivíra e vivían Elba, Gorecho e Xosé. Foíselle un salaio grande. Pitóu o barco. Sintéu pasar polo corpo un tembror darriba abaixo e subirlle á cara unha nube de calor que lle abrasóu os ollos. Quixo ir para terra. Xa non podía ser. Xa non había un bote por alí.

Empezóu o barco a andar. Manecho veuse para a popa. Quixo ir vendo a Habana hasta que se perdéu na lonxanía, no misterio do máis alá que tanto o engaiolara no monte da súa aldea. Cando xa non se vía máis que eso e mar e as primeiras estrelas da noite, Manecho empezóu a darse conta, infimamente, de que víña para Galicia e de que deixara a Habana xa.

Acomodóuse por alí como puido, na cuberta, ao abrigo. Non podía baixar ao "camarote". Necesitaba ver a ampritude do ceo para alentar e para refrexionar. Sintéuse solo. Alí todos tiñan compañeiros menos él. El era un aparte entre todos como cáseque o fora na vida. Así veu todo o viaxe tumbado ao sol enfermo como estaba, con frío no corpo e na alma, na alma máis aínda que no corpo; sin que ninguén lle preguntase qué tiña nin se precisaba algo. Era "un" de terceira, e xa se sabe que os pasaxeiros de terceira non importan a ninguén. Polo seu lado pasaban arreo compañeiros do barco de toda cras. Víano tumbado e todo encollido como medio morto, pro non lle dixeron nada. Era "un" de terceira.

Despóis de dez días mortales para Manecho entraba o barco na Cruña. Todos os pasaxeiros armaron un barullo que non sei, indo daquí para alí, preparándose para desembarcar. Algúns iban nom-

brando os sitios que se iban vendo según o barco se acercaba. Manecho non se movéu de onde estaba. Cando o barco entróu na bahía sintéu unha inquietude de tristeza como a que sentira ao ver a Habana por primeira vez dende o barco. Inda que sabía o camiño para a súa aldea cos ollos pechos, estaba como quen non sabe por onde ir nin que camiño coller, e ten que coller algún. Sentíase algo estrano, algo en país alleo. Non tiña gana de desembarcar. Si lle ofreceran levalo outra vez para a Habana poida que acetase, aínda que non estivera seguro de poder chegar aló.

Por fin deixóu o barco. Había que facelo. Cando xa non quedaba ninguén de desembarcar na Cruña baixóu él. Vindo no bote que o truxo a terra ollaba para o barco como para a última cousa xa que había de ver da Habana. Sintéu que se lle apretaba a gorxa, que acoraba.

Ao chegar a terra foise escurrindo polo medio da xente, tímido, avergonzado, como si tivera algo que debía ocultar. Viña acabadiño. Xa non foron os das fondas nin os do equipaxe a decirlle nada. Deixárono pasar como cousa despreciabre. Nin siquera na Aduana lle rexistraron a maleta. Fixeron nela unha cruz e entregáronlla. Parecéulle aquelo o pasaporte para o outro mundo.

Chegóu á súa casa nun coche que puido pagar cunhas pobres pesetas que gardara xa pra eso. A xente da aldea ao saber que viñera arremoiñóuse arredor da súa casa. Coidaron, como sempre que ven un da América, que viría bó mozo, ben posto, e con cartos. El xa daba a mostra por vir nun coche. Cando souperon a verdade empezaron a laiarse da súa pobre sorte. Manecho metéuse na cama. Xa non era a que tiña de rapaz. Tampouco a casa era a mesma. Pouco a pouco o crima e o procuro fórono repoñendo. Póidose erguer e pasear por alí, anque con traballo. Non deixaba nin un istante siquera de pensar na Habana. O retrato de Elba e os cabelos mirábaos todos os días. Era o único que o consolaba un pouco das angurias que tiña cravadas no corazón.

A primavera estaba en todo o seu esprendor. A paisaxe tiña os máis belos colores e matices. Cantaban os paxaros como si o sol lles fixera cóchegas no bico. As avellas e os avellóns andaban daquí para alí por riba das frores lucindo ao sol os coores das áas brilantes e zumbadoiras. Hasta as dez ou doce da mañán aínda se vían nas herbas as pingas tépedas do rocío tembrando pola cobiza do sol que as subira ao ceo no vapor azul. Polas rimadas e cortiñas íbase estendendo o sol como sábanas de luz. O aire tiña ese color leitoso que lle dá a evaporación da humedade da terra. A natureza todo estaba envolta nun velo branco e azul onde parecían verse os misterios grandiosos da fecundación.

Manecho quedábase pasmado diante de tanta beleza. Iba sempre polos camiños e carreiros que andivera de pequeno. Cada valado vello, cada pedra cuberta de carriza, cada corredoira, cada cürruncho, cada torrón, cada ortiga, todo tiña pra él unha historia á que estaba unida a súa vida de rapaz. Sentía por todo un amor grande. Faláballes o mesmo que a seres coma él. Se non fora pola xente tumbaríase no chan pra escoitar mellor, pra escoitar co corazón o que a natureza lle decía á súa alma.

Miraba pra o monte adonde fora de pequeno e onde sintéu arelas do máis alá misterioso. Non tiña forzas para chegar hastra él. ¡Cánto deseaba verse alí no alto, ao pé daqueles pinos polos que él aganchara de cativo como un neno polas pernas de seu pai!, parecíalle que o chamaban como vellos irmáns para darlle unha apreta e preguntarlle cómo lle fora polo mundo adiante.

Todo cambio de vida trai un troque de ideas. E se o troque é do bó e deseado para o malo e temido, a nosa alma, por istinto de conservación agárrase ao ben que lle vai e pecha os ollos, para non

ver o mal que lle ven. Cando esto sucede loitan en nós o pasado e máis o presente. O presente trunfa sempre, porque é a validade, ou toleamos; pero entramentres non manda no pasado, a nosa alma vive nel: é o *noso* presente.

Esto sucedíalle a Manecho. Na aldea non podía vivir. ¿Qué iba facer? Ir outra vez ao monte? Traballar co gadaño ou ca aixada? Non podía facer nada desto. Nin valía xa pra elo nin lle gustaba. Ademáis sentíase estrano alí. Estrano no seu pobo i entre os seus, que lle querían de verdade. ¡Qué tráxico é esto! Os do seu tempo tiñan collido xa o seu rumbo na vida, ou desapareceran; os novos que estaban chegando a homes non o conocían, nin podían xuntarse con él, nin él con eles, porque eran dúas formas de vida distintas e lexanas. Por moito que Manecho se degarase por mostrar a todos, novos e vellos, a súa humildade sinxela e querendosa para que lle abriran o seu corazón e falasen con él ca mesma naturalidade que usaban entre sí, non lle foi posibre conquerilo. Mirábano como a un "americano" e coidábanse obrigados a falarlle en castelán, cando él sempre se adiantaba a falarlles en galego. Hasta na súa mesma casa non puido facer que o deixaran de mirar e tratar como a un "señorito". Esto facíao sentirse máis estrano cada día.

Ibaselle a alma decote para a Habana. Tiñaa sempre no pensamento. Algunhas veces cravaba a vista no ceo e decía:

—Por alí está.

Cada mes recibía unha carta de Elba. El contestáballe á casa da amiga que lle trouxera o sobre bordado con fíos de ouro ao caes cando se iba a embarcar. Elba chamábao en todas. Decíalle que o esperaba en cada correo que iba aló. Manecho tamén cobizaba moito verse ao pé dela. Amábaa como nos primeiros días. A distancia, o cambio, e a soedade en que se vía facíanlle esquecer todo o que lle sucedera co rompimento das relacións, e pensaba soomente en podela volver a ver.

Cando podía ir á vila, que era poucas veces, por falta de cartos ou sobra de doas e lle cadraba de oir un piano ¡entráballe unha anguria e un afogamento que non o deixaban alentar! Parecíalle estar vendo a Elba, sentado él a seu pé oíndoa, e véndolle volver a cabeza para preguntarlle:

—¿Gústache?

Algunha vez tanto lle matinaba o pensamento que coidaba tolear, ou acabar de tolear de vez, pois algo tolo xa estaba de maxinar día e noite cómo había de facer para salir daquela situación tan triste en que se vía.

Iba pasando a primavera. Chegóulle unha carta de loito de Elba. Morréralle o pai. Pedialle con bágoas que se fora axiña pra aló, estivera como estivera, que aló se poría ben. Pero Manecho sentíase mal. A melloría que notara nos primeiros meses de vir fora unha cousa pasaxeira. Agora cada día alcontrábase peor. Ademáis non tiña cartos. A familia tampouco.

Foi pasando o vran. Manecho perdía toda esperanza de poder volver á Habana. Xa lle tiñan que poñer morfina para calmarlle a door. Sabía que estaba no principio do fin. De Elba non recibira carta facía máis de dous meses... Xa non contaba con volver a recibir máis. Víase ir. Agora todos os seus degaros eran poder ir ao monte adonde fora de rapaz a ver novamente aqueles sitios que lle encheran a alma de fondas arelas de máis alá. Tiña tantos deseos de velo como si se tratara dunha persoa moi querida de quen a vida o arredara moitos anos.

Chegóulle outra carta de loito. Cando a abreu e a miróu empezóulle a dar remuiños a cabeza como si se lle escapara a vida. ¡Aquela carta traíalle a noticia da morte de Elba! Unha enfermedade súpeta levóuna en quince días. Non podía creelo. Batíanselle as siés.

Tivose que sentar. Non lle era posibre terse de pe. Estivo non sei canto ca cabeza incrinada. Chorou. Afogaba. Tiña ganas de berrar como un tolo. Na morte de Elba choraba a súa mesma morte. Pois inda que perdera xa a esperanza de podela ver, porque se lle iba a vida, tiña a ilusión de que vivindo ela recordariao sempre, i esto dáballe a sensación, doce máis que ningunha no seu estado, de que non morría de todo; de que sempre viviría un pouco no pensamento de Elba.

Volvéu mirar pra o monte. Agora non poido deixar de poñerse en camiño del. Apoiado nun pau de toxo foi andando. Non facía mentes de chegar aló. Non se coidaba con forzas pra tanto. Botóu a andar por un carreiriño moi limpo e moi branco, cas beiras cubertas de herba, por entre leiras e arredores. Cada vez que chegaba a un portelo ou a unha esquina dun valado sentábase un pouco e miraba. Parecíalle estarse vendo de pequeno por alí, descalzo, co pantalón rachado e a corda colgada no brazo para o monte, un pouco atrás do fato. Siguéu. Xa na falda do monte botóu a vista atrás, ao fondal. Todo estaba o mesmo que denantes. ¡Hastra a pedra que servía de afiladoiro, cangada no camiño! ¡Hastra os vellos carballos pequenos onde ataban as cordas pra andar ao xiringol, e levaban boas cuadas o caer, cando caían! Chegóu arriba. ¡Qué forte alentóu cando se viu alí! Abríaselle o peito en ansias de vida.

Sentóuse enriba dun penedo. Descubréuse. Empezóu a mirar todo arredor con ollos moi abertos, moi grandes, que o querían ver todo dunha vez e ao mesmo tempo. Alí estaban os pinos por onde aganchara tantas veces de pequeno. ¡Quén lle dera podelo facer agora! Quedábase bobiño mirándoos. Faláballes como a vellos e moi queridos irmáns. Vía entre eles i él unha mesma triste soedade, un mesmo triste desamparo. ¡Cómo escoitaba Manecho os seus rumores, dándolles un sentido trascendental e subrime! Hastra lle parecía oir neles a voz de Elba. Xa cobizaba ser pino. Xa quería él tamén non ser máis que un rumor.

Todos os sitios de por alí tiñan pra él o recordo dun conto ou dunha hora de xolda. Aínda estaba alí a mesma vella e abrigosa silveira chea de follas, podres polo pé, onde se poñían cando chovía, ou facía frío, ou o sol era moito. Erguéu a vista. Aló por entre os montes de lonxe que chincaban cos cumes no ceo, e onde parecía arrematarse o mundo, víase un anaco de mar. O mesmo por onde Manecho fora tantas veces co pensamento enmeigado en queimantes arelas de ver e conocer o que había máis alá. Tamén déronlle a mesma idea triste e anguriosa que os pinos. Pero atraíano aínda o mesmo que de primeiro, facéndolle promesas de non sei qué. Manecho non se atrevéu a decirlles que o engañaran. Queríalles como se queren dúas persoas que sufren polo mesmo mal.

Empezóu a tocar a ánimas. Esto fixolle botar a vista pra a aldea que estaba aos seus pes. Parecéulle outra. Xa na vía como unha cousa cativa e despreciabre. Agora mirábaa como un anaco do mundo, e mellor que outro ningún. Dende ela sentíase él quen pra velo todo e pra comprendelo todo; pois todo tiña pra él o mesmo principio, a mesma composición e o mesmo ser: a armonía subrime das almas ca alma nai da madre natureza.

Íbase esmorecendo o día. Polos tellados escuros salía o fume do fogar. Subía pouquiño a pouco por riba do campanario da igresia como unha oración da terra ao ceo. A xente iba vindo para as súas casas. Por camiños e carreiros víanse a catro e cinco. Uns cas ferramentas ao lombo, eixadas e gadaños; outros con paxes e feixes de herba na cabeza; algúns con lotes de roupa do río ou do tendal... Un vello traía da corda, entrepostos, unha parexa de bois. O andar calmoso dos bois e do vello parecía que marcaba o rolar da noite sobre todas as cousas. Tocaba a ánimas. Os cómaros e fondales íbanse

encubrindo na evaporación da terra, que os acovexaba como acovexa unha nai aos seus fillos. Xa non se vía ben a xente. Pero Manecho oía falar o mesmo que si a tivera a pé del. Esto dáballe unha sensación de cousa sobrenatural. Parecíalle que os rumores dos pinos fixéranse voces pra darlle mellor a idea de irmandade entre él ca natureza. Sintéuse aloumiñado por ela con tanta tenrura e unha atracción tan fonda que a alma quíxoselle escapar do corpo. Entróulle unha ledicia súpeta dun pracer que nunca sentira: Tembrando de emoción, e como quen bota a man a unha cousa que estivera deseando máis que nada toda a vida, pillóu do peto un canuto de cristal, e sacóu unhas boliñas de morfina. Púxoas na man. Xa de pé botóu a vista polo ceo e todo por alí arredor. Despóis, cheo dun íntimo e inespricabre pracer tragóunas cun pouco de auga do regacho.

E alí quedóu.

XOSÉ LESTA MEIS



A CABRA DO SEÑOR SEGUIN

("La chèvre de M. Seguin". *Lettres de mon moulin.*)

Pra Pierre Gringoire, poeta lírico en París.

¡Ti serálo mesmo de sempre, meu probe Gringoire!

¡Cómo! Seica che ofrecen unha plaza de cronista nun importante xornal de París, e ti tés a frescura de a rexeitar... Pois mira, ¡malpocado! Mira a chaqueta esburatada, os pantalóns esfarrapados e a cara fraca que cría a fame. Ehí tés onde te conducíu a paixón polas rimas belas. Velehí o que che valeron dez anos de servicios leales nas páxinas do soberano Apolo... ¿Non che dará vergonza?

Faite pois cronista, ¡aparvado! ¡Faite cronista! Ganarás bos escudos e comerás en cas de Brébant, e poderás os días de festa campar cunha pluma nova no teu bonete.

¿Qué non queres?... Pretendes quedar libre ao teu xeito deica o cabo... Está ben. escoita unha miga a historia da cabra do Sr. Seguín. Verás o que se gana con querer vivir ceibe.

O Sr. Seguín nunca tivera sorte coas súas cabras.

Perdíaas todas da mesma maneira: unha boa mañá crebaban a corda, íbanse á montaña e alá enriba o lobo comíaas. Nin os aloumiños do seu amo, nin o medo do lobo, nada as retiña. Eran, disque, cabras independentes que querían, polo que fose, o aire libre e a liberdade.

O bo do Sr. Seguin, que non comprendía ren o caráter dos seus animáis, estaba preocupado. Decía il:

—Xa está; as chivas abórrense na miña casa. Non coidaréi máis cabras.

Noustante volvéu ás andadas, e, despóis de ter perdido seis cabras da mesma maneira, mercóu a sétima; sóio que, desta vez coidóu de a coller noviña, pra que se afixera millor na súa casa. Gringoire, ¡qué tan bonita era a chiviña do Sr. Seguín!, ¡qué bonitiña cos seus ollos mansos, a perilla de suoficial, as pezuñas negras brillantes, os corniños asucados e os pelos brancos largos que lle faguían unha hopalanda! Cáxeque era tan bonita coma o cabrito da Esmeralda, ¿acórdaste? —e despóis, dócil, mansiña, déixase levar sin se mover, non mete o pé na escudela. Unha regalía de cabriña...

O Sr. Seguín tiña tras da casa unha leira choída de escambróns. Alí puxo á súa nova cabra. Prendéuna a unha estaca no sitio máis bonito do prado; tendo coidado de lle deixar ben corda, e de vez en cando viña ver se estaba ben. A chiva achábase moi feliz e pacía a herba de tan boa gana que o Sr. Seguín estaba engaiolado.

—¡Menos mal —pensaba o probe home—, veleiquí unha que non se aburrirá na miña casa!

O Sr. Seguín enganábase; a cabra chegóu a se aburrir.

Un día dixo ela, mirando pra a montaña:

—¡Qué tan ben se debe estar alá enriba! ¡Qué placer choutar por entre as uces, sin esta corre maldita que me esfola o pescozo!... ¡É bo pra o burro ou pra o boi o pacere nun eido choído!... Ás cabras cómprelles andar ás ceibas.

Desde aquela a herba do curro parecéulle desaborida. E veulle o aburrimento. Debecéu e fóiselle secando o leite. Daba pena vela tirar decote da corre, coa testa virada pra o lado da montaña, as ventas abertas, faguendo ¡mée!... tristeiramente.

O Sr. Seguín decatábase de que a súa chiva tiña algunha cousa, pro non sabía o qué era. Unha mañá, ao acabala de munxir, a chiva reviróuse e díxolle na súa fala:

—Escoite, tío Seguín, eu esmorezo na súa casa, déixeme ir pra o monte.

—¡Meu Deus!... ¡Tamén ela! —berróu apampado o Sr. Seguín caíndoselle a escudela das mans; e despóis sentándose na herba á beira dela díxolle:

—¿Cómo é eso, Branquiña?, ¡quererme deixar ti!

E a Branquiña respostóulle:

—Sí, tío Seguín.

—¿É que che compre máis herba ca ésta?

—¡Non, ho...!

—Ao millor estás atada moi curta e queres que che alongue a corda...

—Non paga a pena, tío Seguín.

—Logo, ¡qué che compre!, ¿quí é o que queres?

—Quérome ir pra o monte.

—Pro, malpocada, non sabes que anda o lobo... ¿qué faguerás cando veña?

—Daréille cornadas.

—¡Faille bo caso o lobo aos teus cornos! Tenme comido cabras máis cornudas ca ti. ¿Acórdaste da probiña da Reinalda, que estaba eiquí o ano pasado?, unha cabra boa, forte e valente coma un castrón. Baticóuse co lobo toda a noite... e despóis, á mañá, o lobo coméuna.

—¡Qué lástima! ¡Probe Reinalda!... Esto non é nada; vostede déixeme ir á montaña.

—¡Deus Santo!... —dixo o Sr. Seguín—; ¿qué lle faguerán ás miñas cabras? Outra que me vai comer o lobo... Pois ben... aínda que non queiras, salvaréite, ¡badulaque!; e por se callar rómpela corda, voute meter no cortello e estarás alí sempre.

Dito esto, o Sr. Seguín levóu á chiva a un cortello moi escuro, e pechóu a porta con dúas voltas. Desgraciadamente, esquecera un pequeno ventanuxo, e aínda ben non se puxo de cu, alá vai a chiva...

¿Riste, Gringoire? Créocho ben; ti estás da parte das chivas, e en contra do tío Seguín. Xa veremos se vas rir sempre.

Cando a cabra branca chegóu á montaña foi a ademiración de todo o mundo. Nunca os abetos vellos viran algo tan bonito. Recibíuse coma unha raíña. Os castiñeiros abaixábanse rente á terra pra a aloumiñar coa punta das súas polas. As xestas abríanse ao seu paso e frorecían do contentas que se sentían. Todo o monte lle fixo festa.

Pensarás, Gringoire, se estaba contenta a nosa chiva...

Nin corda, nin estaca... nada que lle impedise choutar e pacer ao seu gusto... ¡Alí sí que había herba! ¡Chegáballe deica os cornos, meu home!... ¡E vaia herba! Sabrosa, fina, composta de milleiros

de prantas... Era outra cousa millor có panasco do curro. ¡E as frores!... Grandes campaniñas azules, estralantes de púrpura con largos cálices, ¡toda unha fraga arrecendente de frores montesías!

A cabra branca, media farta, emborcallábase polo medio e andaba ás chimpacarneiras pola costa abaixo, mesturándose coas follas caídas e coas castañas. Despóis, erguéuse súpetamente dun brinco sobre as patas. ¡Alá vai!, a cabeza dediante, por entre o estrume e as matorreiras, ora sobre un pico, ora no fondo dun forxanco, nos altos, nos baixos, por todo el... Xa dixéramos que viñeran pra a montaña seis chivas do Sr. Seguín.

Ésta que non tiña medo de nada era a Branquiña.

Salvaba dun chouto grandes regatos que a barrufaban naquel intre con chisquiñas de auga e de escuma. Logo, toda chorreando íbase estricar nunha laxa e deixábase enxugar ao sol... Unha vez, achegándose á beira nun outeiro, cunha frol de codeso entre os dentes, albiscóu embaixo, alá na chaira, a casa do Sr. Seguín co seu curro detrás. Esto fixoa chorar de risa.

—¡Qué pequerrechiño! —dixo ela—; ¿cómo aturaría eu alí dentro?

¡Miña probe! De se ver apoleirada tan alta coidaba que era, polo pouco, tan grande coma o mundo... Quéroche decir que foi unha boa xornada pra a cabra do Sr. Seguin. Cara a hora do xantar, correndo dun lado pra outro, foise meter nun grupo de rebezos no intre de comeren unha saltasebes cos seus bonitos dentes. A nosa brincadeiriña con vestido branco foi a ademiración de todos. Deixáronlle o millor sitio na saltasebes e tratáronna moi ben... Parecía mismamente —esto debe quedar entre nós— que un rebezo de pelo negro tiña a sorte de agradar á Branquiña. Os dous namorados perdéronse por entre a fraga unha hora ou dúas, e se ti queres saber o que se dixeron vaillo preguntar ás paroleiras fontelas que corren invisibles baixo a carriza do monte.

De golpe o vento refrescóu. A montaña viróuse violada; era á tardiña...

—¡Xa! —dixo a chiviña—; e paróuse moi abraiada.

Alá abaixo, os eidos estaban asolagados de brétema. O curro do Sr. Seguín desaparecía na neboaceira, e da casiña non se vía máis có tellado cun pouco fume. Escoitóu as chocas dun rebaño que o arrecadaban, e sentíuse moi tristeira e esmorecida... Un miñato, que se acochaba, pasóulle razando coas ás. Ela estremecéuse... Despóis foi un oubeo no monte:

—¡Uuh!, ¡uuh!

Pensóu no lobo; a toliña non se acordara dil en todo o día... A un tempo bruóu unha buguina moi lonxe, alá no val. Era o bo do Sr. Seguín, que a percuraba nas últimas.

—¡Uuh!, ¡uuh! —faguía o lobo.

—¡Vulve! ¡Vulve!... —berraba a buguina.

A Branquiña tiña gana de voltar; mais ao se lembrar da estaca, da corda e das sebes do curro, pensóu que xa non se podería afaguer a aquela vida, e valía millor non voltar.

A buguina xa non bruaba...

A cabra oíu tras dela un ruído de follas. Reviróuse e víu na sombra dúas orellas curtas, ben direitas, con dous ollos que relucían... Era o lobo.

Grandísmo, inmóvil, sentado no chan, estaba mirando á chiviña branca e relambéndose. Como sabía certo que a comería, non tiña presa; sóio que, cando ela se revirou, púxose a rir malvadamente.

—¡Ja!, ¡ja!, ¡a chiviña do Sr. Seguín! —e pasóu a súa lingua vermella polos beizos de isca.

A Branquiña víuse perdida... Daquela, lembrando a historia da vella Reinalda, que pelexara toda a noite pra ser comida á mañá, coidóu que preferiría deixarse comer deseguida; mais tivo un trasacordo e púxose nos pentes de oito: a testa baixa cos cornos pra diante coma o que era, unha cabra valente do Sr. Seguín. Non pensaba en matar o lobo —as chivas nunca matan o lobo—; somentes era pra ver se aturaba tanto coma a Reinalda...

Daquela o bicharraco avanzóu, e os corniños entraron en danza.

¡Ah! ¡Qué tan grandes azos tiña a chiviña! Máis de dez veces, e non che minto, fixo arrecuar ao lobo pra tomar folgos. Nestas trégolas aínda a lambona collía de presa algunha herbiña; e despóis voltaba á loita, coa boca chea aínda... Esto levóu toda a noite. Ás veces a cabra do Sr. Seguín vía bailar ás estrelas no ceo craro e decía:

—¡Quén me dera aturar deica abrir o día...!

As estrelas apagáronse pouco e pouco. A Branquiña redoblóu as cornadas; o lobo as trabadas... Un resplandor pálido aparecéu no horizonte... O canto dun galo rouco chegaba desde un lugar.

—¡Acabóuse! —dixo a probe chiva, que estaba agardando ao día pra morrer—; e estricóuse no chan coa súa bonita pelica branca luxada toda de sangue...

Daquela o lobo chimpóuse á chiviña e coméuna.

¡Adéus, Gringoire!

A historia que vés de escoitar non é un conto que xurdín eu. Se che cadra de vires á Provenza, os nosos paisanos falaránche a miudo da *cabro de moussu Seguin, que se battégue touto la neui emé lou loup, e piei lou matin lou loup la mangé* [1].

¿Il entendiches ben, Gringoire?:

E piei lou matin lou loup la mangé.

ALPHONSE DAUDET
Trad. X. BABARRO
Muxía

[1] A cabra do Sr. Seguín, que deu topeñadas toda a noite no lobo, e despóis, á mañá, o lobo coméuna.

TRES POEMAS

FÁLTANOS NERUDA

Ven morte e confusión. Non hai Neruda.
Na rúa rebuligan aínda os coches
mentras ven polos aires a sequía,
mentras Neruda morre nos seus eidos
da mágoa de mirar os ollos do odio
que triunfa coa inxusticia e coa tristura,
mentras cai máis petrolio sobre os peixes,
múrchase a erba, a frol, a vida enteira.

Xa somos habitantes sin espranza,
aves molladas, soias, sin recuncho,
sin folgos prós viaxes i os regresos,
sin espada ou poderes encendidos,
sin forza pra berrar e amar cantando,
sentindo un mal fedor de Apocalipsis,
sin oda elemental, sin quente enfouto,
residindo na terra por costume,
sin canto xeneral nin canto a plazos,
sin barcarola leda nin tristeira.

Morréuse o capitán de verso e xente,
tronada dos volcáns dun longo Chile
agora en armas irtas, en mans duras
que queren sementar o mal i a morte.

É tempo de atopar ao gran Neruda
falando claramente de aire e terra,
dun outo Macchu Picchu ou Valparaíso,
dos trigos ou das ondas de Illa Negra,
dunha chispa real sin coca-cola.

Agora Chile, América i o mundo
agardan outro poeta ergueito en fogo
subindo antre paisaxes e cebolas
cara a ialba do amor e da irmandade
coas cousas naturales e co pobo.

FÁLTANOS O OUTONO DE TIRÁN

Pra Xosé M.ª Castroviejo, leendo as súas *Memorias dunha terra*.

Alá, en Tirán, o Outono era ben doce.
Cantaba unha bubela i algún xílgaro,
sentíase o loureiro coma encenso,

sagrado abraio no aire i, antre as ponlas,
marmurios silandeiros coma pregos,
cadencias garimosas e pequenas
entrando polas veas deica a ialma
cun son ceremonial.

Tan sóio unha gavota ou algún corvo
botaban forte a queixa cara a altura,
i era pergunta todo, lene espera,
homilde declinar.

Alá en Tirán, por Cangas, xunto a Moaña,
os pasos eran case un sacrilexio
i as follas polo chan salmodia e templo
dun intre meditante no repouso
por terra e aire e mar.

As voces, como as núbens, redondeábanse,
vestíase dun ouro vello todo,
queríase chovisca e máis semente
nos sulcos pra o mañán.

FÁLTANNOS MENCIÑEIROS

Pra Álvaro Cunqueiro despóis de repasar
a súa *Escola de Menciñeiros.*

De tódolos homiños do teu libro, bó Cunqueiro,
goréntame o Cordal (nome cordial) de Mondoñedo.
Traguíache algún fento, era piardeiro,
falaba nun galego ben ricaz.
I era cortés cos outros, tolerante, e sentenciaba:
"Non hai xa creto e fe, non hai respeto".
Sabía da melriña, dos seus ovos, dos seus niños.
Facíase, xa vello, dunhas erbas bebedizos.
Creía nalgúns homes e no orde universal...

Agora os menciñeiros, meu amigo, ¿ónde estarán?

¿Quén botará os "coriscos" ou mil trasnos que se chaman,
non Alistán, ou Demo, ou Demachiño, ou Velagullas,
mais sí "Planing', "Consumo", ou "Prospeución Petrolio-Gas"?

Agora baixo o traxe de doutores moi sabidos
decrétanse negocios pra esplotar e pra estoirar.
¿E quén lles saca agora a "sombra íspera"
aos tolos investidos de sabencia e alto cargo?
¿Quén sabe dun ensalmo, unha xenciana ou frol de toxo?
¿Quén lle erguerá a "morteira", ese gran noxo, á Humanidá?

¿Non ves que hai tanto lobo disfrazado de home ilustre
e nin ficamos besgos nin tatexos, tal nos contos, ao miralos,
mais amolece todo ao caladiño, e xa non hai
aquel Perrón de Braña, Osvaldo Jove, Lamas Vello...
sorrintes, calmos, cheos de agarimo pra os doentes,
capaces de adurmirnos cunha espranza de sandar?

Agora non se coida ser sotil o ter agoiros,
ou dar salú cos contos ou pousando sóio a man.

E penso, meu amigo, a pouca vida que lles queda
aos outros que recolles no teu libro: os animales,
os que hai i os que non hai.

Estaba o Gatipedro, que guichaba polas portas
os soños dos rapaces. I el quizáis
era capaz de pór dentro unhas pingas, algún celme
(dicen que daba fontes e na lingua tiña sal).

I estaba o Muligante, que escoitaba nas cociñas...
E tanta fauna máxica e real.

E hi ún, o Bolimarte, o que cheiraba o Apocalipsis,
aquel que tiña medo e daba ouro, moito ouro,
e cantos máis eclipses máis riquezas... Ese, amigo,
seguro que aínda está.

Do libro de prósima aparición *Non vexo Vigo nin Cangas*

BERNARDINO GRAÑA
Zaragoza

DONA TEREIXA, FUNDADORA E RAÍÑA DE PORTUGAL *

A criazón do Estado Portugelense, o mesmo que do de Galicia, co nome de condado, responde por un lado á conceición imperial de Alfonso VI, tan avencellado pola Casa de Borgoña á monarquía imperial dos Capetos, e por ontro á unha viva realidade histórica, que dende os suevos persistía nas terras de antre Douro e Miño. Portugal, inda que *ad mitum*, viña sendo gobernado por condes, e, como se ve polas crónicas e polos documentos privados insertos nos Tombos, en todo o territorio portugalense e bracarense hai unha forte concencia de *patria*. Ansí, cando o noso Xelmírez fuxíu cas reliquias das eirexas de Braga o pobo laiábase de que lle levaran "os santos padroeiros, defensores da Patria" [1], e de cote nas suscricións de documentos do século XII atopámonos con referencias á "patria portugalense": *Regnante rege Alfonso portugalense patria, et rege Fernando legionense privinciae*, di, por exempro, antre outros, un documento do Livro das Datas do mosteiro de Fiaes [2].

Temos, pois, que en Portugal —concretamente nos territorios bracarense e portugalense— había xa un sentimento nacional cando o "imperante en Toledo" crióu nil un Reino-Condado. Moi poucos anos denantes, os portugalenses deran xa vivas mostras dos seus anceios

* Na revista "Bracara Augusta", coma os demáis traballos que foron lidos no "Congresso Histórico do Portugal Medievo", que tivo lugar en Braga do 6 ao 10 de novembro de 1959, inda que con grandes deficencias, foi pubricado este breve estudo encol dos orixes de Portugal (vol. XIV-XV, janeiro-dezembro de 1963).

Ben sei que a epopeia que se fixo arredor do rei Afonso Henríquez, impídelles a moitos sair dos carreiros da historia oficial e negan ou minimizan o papel da infanta pra a cal foi creado o condado que ela tornóu en reino.

O fillo entroques inda que logo conquireu a independencia do seu reino, chegóu a facerse co poder a custa da treición á súa propia nai, o mesmo que fixera o seu curmán ca súa nai dona Urraca. I é de notar que, se non fora pola circunstancia de que o condado de Galicia, creado tamén polo "imperante en Toledo", non houbera recaído na mesma persoa que herdóu os reinos de León, Galicia houbera, polo menos, encetado un camiño semellante ao do condado portugalense.

[1] *Historia Compostelana*, lib. I, cap. XIV.

[2] *Doc.* núm. 18 do ano 1184.

de liberdade, revoltándose sob o mando do conde Nuno Menéndez, escontra do rei don García[3].

Inda que con tídoo de conde, don Enrique é un soberano *pleno iure*, como na Francia o conde de Borgoña ou o duque de Normandía e non coma os que había inda entón i os que foran denantes nas mesmas terras portugalenses. Xunto ca súa muller, "filla do grorio-sísimo emperador das Españas", tén *iure hereditario* o poder do *regnum*: *Regnantes* —como se dí no foral de Tavares— *in Portugal et in Stremature, Colimbria, Viseo et Seia*[4].

Parez afellas estrano cómo dona Tereixa, após a morte de don Enrique, non emprega nos estormentos o tídoo de *comitissa*. Prosigue a chamarse *infans*, como "filla do Emperador Alfonso". E que o poder, de dereito, cómprelle somentes ao seu fillo, xa que o condado fora criado polo Emperador a nome de don Enrique e a "título hereditario". O fundamento do exercicio do poder estaba por un lado na minoridade de Alfonso Enríquez e por outro en que, inda que non de modo espreso, fóralle dado aquil territorio *sub specie dotis*. De eiquí o tidoarse somentes infante e filla do groriosísimo emperador. Emporiso, parez seguro, como dí a Corónica de Alfonso VII[5], que á morte de don Enrique, de contado escomenzaron os portugelenses a darlle o tídoo de Raíña. A mesma Compostelana chámalle *domina totius Portugaliae* —señora de todo Portugal—, cando, en 1116, na campaña do conde don Pedro, aio de Afonso Reimundez, sitia á súa irmá Urraca en Sobroso[6].

A partir de 1118, tódalas Chancillerías, o mesmo reales que ecresiásticas, parecen estar de acordo en darlle o tídoo de Raíña. No documento de préstamo que o arcebispo don Pedro fai no dito ano ao bispo de Salamanca don Xirome do territorio dende a eirexa de Aquedute até o Esla figuran antre os testigos a *Regina Tarasie* e Menendo Feisón, *notarius domine regina*[7]. Mais non hai dúbida de que o metropilitano don Pedro tiña o meirande interés en afastar do primado de Toledo á sede bracarense, polo que xa se gañara noutro tempo a xenreira do emperador toledán. As ciumes antre Braga fixeron máis que de abondo pra asegurar o novo reino, como tamén as pretensións de Compostela a ser metrópoli de Galicia.

Pra o caso tén máis valor un documento da Chancillería Real de León, que se ven datando no devandito ano. Trátase dunha carta de inmunidade dada pola raíña dona Urraca aos frades e ao prior do Convento e albergueiría de Santa María do Monte Sispiazo da Orde

---

[3] *Chronica Gotorum.*

[4] *Portugaliae Monumenta Historica. Leges*, 2.ª pars., páx. 359. O poder do *regnum* era distinto do poder do *imperium*.

Ambos termos son usados entón no senso en que aparecen nas Corónicas: o *regnum* é o poder supremo, o *imperium* é simpremente o poder de mando.

[5] *España Sagrada*, t. 21, páx. 348.

[6] *Lib.* 1.º, cap. CXI.

[7] CONSUELO GUTIERREZ DEL ARROYO. *Privilegios Reales de la Orden de Santiago en la Edad Media*, núm. 6. Copia en papel, do século XVIII e traslado no *Tumbo Menor de León*, lib. II.

Militar de Santiago, na que suscriben dona Urraca co seu fillo, como reises de León e Toledo, e dona Tereixa, como raíña de Portugal: *Regnante regina domina Urracha cum filio meo in legione et Toledo et regina domina Therasia in Portugal.*

Se damos creto ao devandito documento, dona Tereixa naquela data era recoñecida por raíña de Portugal, mesmo pola Chancillería de Toledo.

Emporiso, dous anos despóis, dona Tereixa ve no meirande perigo o seu reino. No seu afán de restituír á "patria portugalense os territorios de alén Miño, que, conforme ao *Parochiale Suevicum,* lle pertencían á sé bracarense, invade a Limia e Toroño na Galicia. As tropas portuguesas, contraatacadas, recúan deica o Douro. O intre foi de veras apurado pra a raíña de Portugal. O arcebispo de Braga, aquil Paio Menéndez —*quidam idiota,* ao decir da *Compostelana*—, corre a pórse aos pés dos leoneses, co gallo de asegurar os privilexios da sé que il ocupaba. Dona Urraca, tidoándose *Regni Spanie Regine,* xuntamente co seu fillo Afonso Reimúndez, confírmalle o couto da Sé [8].

Se temos en conta a confirmación que en 1128 fai de novo o infante Afonso Enríquez, na que dí que a devandita carta de confirmación fora tamén corroborada por il, xuntamente con aquiles, en presencia do arcebispo de Compostela [9], os reises de León non tencioaban acabar co reino de Portugal, senón somentes restituír ao infante na súa herdanza, o que nos confirma tamén na ideia de que o partido do infante xurdira xa entón en Portugal, en contra da raíña dona Tereixa, pro que contaba ca axuda de León, que pretendía restituír a legalidade que quebrantara a mesma dona Tereixa.

Como é sabido, gracias a Xelmírez, daquela poido dona Tereixa salvar a súa coroa. Con razón Herculano [10] sitúa niste intre, perante o sitio de Lanhoso, aquela famosa e inexpricábel concordia antre dona Urraca e dona Tereixa, esquirta nun latín bárbaro, alleo ao estilo das chancillerías, que, en forma inacabada, se acha no *Liber Fidei* [11]. Nil dona Urraca comprométese, coma boa irmá, a amparar e defender a dona Tereixa, dándolle territorios e cidades en terras moi afastadas de Portugal.

Polo feito de atoparse no Cartorio da Sé e en outra parte ningunha podemos supor fundadamente que se trata dunha simpre minuta pra unha proposición de paz, exarada polo mesmo arcebispo don Paio, a quen, pola súa treición, había de pór logo en prisión a mesma raíña.

O partido do Infante, apoiado polos Menéndez e gran número de fidalgos, medraba de día en día. Os ánimos estaban alporizados polo valimento do galego Fernán Pérez. E o goberno da "fermosa raíña"

---

[8] Arquivo distrital de Braga, *Livro das Cadeias,* núm. 92.

[9] Id. *Colec. Cronológica,* caixa 1.ª, núm. 9.

[10] *Doc.* núm. 592, fol. 153. Pubric. BRANDAO, *Monarquia lusitana,* liv. 8 e HERCULANO, *Historia de Portugal,* t. I, páx. 499.

[11] *Port. Mon. Historica,* LXI, *Scriptores,* páx. 55, núm. 8.

—*Venusta Regina*—, coma se lle chama na *Vita Sancti Geraldi* [12] tivo remate definitivo no Campo de San Mamede.

O papel que a Eirexa de Braga tivo no conquerimento da "terra portugalense" por parte do Infante, a custa daquela infanta que dun condado fixera un reino, vese craramente na carta de couto que, a 26 de maio de 1128, lle fai o infante ao arcebispo don Paio: *Et quando habuero portugalensem terram adquisitam civitatem tuam et sedem tuam et ea que ad eam pertinent tibi tuisque successoribus et clericis tuis pro anima patris mei et pro remedio anime mee et ut sis adiutor meus...*

A reinvidicación do poder por parte do infante don Afonso é somentes a tídoo de herdeiro do conde don Enrique. Polo de pronto, non podía tomar tan axiña o tídoo de Rei, aparte de que dende os muros de Guimarães fixéralle menaxen ao rei de León. Non toma, emporiso, o tídoo de conde, que lle non podería abrir camiño nas súas ambicións. Cómprelle intidoarse infante, fillo da raíña dona Tereixa e neto do groriosísimo emperador. Así coma así, non podía ir contra a lexitimidade que il mesmo invocaba. Tiña que agardar un intre máis doado. E cando chegóu, invoca o feito de ser fillo dunha raíña e neto dun emperador.

XESÚS FERRO COUSELO
Ourense

[12] Doc. 415, fol. 117.

CARTA DE BARCELONA: DOUS CINCUENTENARIOS

Neste ano cúmplese o cincuenta cabodano de dúas grandes figuras das letras catalanas deste tempo: Angel Guimerá e máis Joan Salvat-Papasseit. O primeiro morréu o 18 de xulio de 1924, o segundo poucos días despóis: o 7 de agosto. Un tiña 79 anos, o outro —novo coma a súa poesía— inda non cumplira os 30. Un foi nomeado "Mestre en Gai Saber", o outro non foi recoñecido polos "intelectuáis" do seu tempo: os noucentistas. En fin, un de extracción burguesa, outro de extracción proletaria. Mais o tempo é o vengador infalible e mentres Guimerá descansa apaciblemente na súa tumba, Salvat-Papasseit —coma moi ben decía J. Melendres en Tele/Exprés— inda non pode dormir tranquilo, non pode descansar en paz.

Angel Guimerá, que nacéu o 6 de maio de 1845 en Santa Cruz de Tenerife de pais cataláns, chegóu a ser a primeira figura dramaturga da Cataluña da súa época. Guimerá, i esto é indiscutible, é o creador do teatro catalán moderno, e —e tamén esto é indiscutible— o primeiro —e tal vez único— dramaturgo catalán que chegóu ao público do seu país sin distinción de clases sociáis. O seu enterro foi un auténtico dóo popular, miles de persoas acompañaron o seu cadaleito hasta o lugar onde foi sepultado. Un povo recoñecía ao home que o retratóu maxistralmente en obras coma "Terra Baixa" —o persoaxe central desta obra, Manelic, é xa un persoaxe mundial— ou "La filla del mar". Pero o tempo pasóu por Guimerá. Nunha enquisa feita polo "Diario de Barcelona" antre varias figuras do teatro catalán —autores, críticos, actores, etc.—, todos os interrogados estaban concordes en sinalar a pouca viabilidade actual do teatro de Guimerá tal e coma el o escribíu, mais algún dos interrogados propuxo unha actualización dos textos do dramaturgo catalán para poder ser representado hoxendía. Esperemos que así seña. Esperemos que antes do remate do ano, algún director de escena catalán represente —actualizada— algunha das obras do primeiro —e inda non superado— dramaturgo catalán que chegóu ao seu povo [1].

O mesmo "Diario de Barcelona" fixo tamén unha enquisa encol de Joan Salvat-Papasseit antre os máis novos poetas cataláns. Tamén nesta enquisa estaban dacordo os interrogados, pero esta vez no contrario: en afirmar a actualidade da poesía de Salvat-Papasseit. Joan Salvat-Papasseit nacéu en Barcelona, en 1894. Dín que a súa nai era xitana —Papasseit Orobitx— (marxinación). Cando tiña 7 anos —sete— morréu o seu pai ao caer sobre o forno —era fogoneiro— do barco no que viaxaba. Ten que ir ao Asilo Naval (marxinación) do que sae odiando ferozmente á Compañía Transatlántica para a que traballaba o seu pai. Aos 13 anos empeza a traballar

[1] Co gallo deste cincuentenario rematan de aparecer dous libros: "Angel Guimerá en els seus millors escrits" con traballos de J. Miracle, O Saltor, G. Jordi Craells e X. Fábregas, e "Antologia poetica" escolma e limiar de Pere Gimferrer.

nunha droguería e máis tarde nun obradoiro de escultura. En 1910 escomenza a súa formación intelectual sempre de xeito autodidacta. Enceta con Nietzsche (un marxinado), Ibsen, Gorki, Kropotkin (outro marxinado), e todos cantos libros de pensamento social caen nas súas mans. Traballóu en diversas revistas e publicacións: "Los miserables", "Justicia social", "L'enemic del poble", "Mar vella", "Arc voltaic". Usóu varios seudónimos: "Gorkiano", "Aristarco". A súa vocación de poeta, xa en catalán (escribíu os seus artigos en "Los Miserables" e "Justicia social" en castelán) debéu escomenzar alo polo 1917. O ano seguinte foi decisivo para a súa vida: casóu "viva o amor que me deu a amiga/fresca e pulida coma un maio ledo", e comenzan a sair os síntomas graves da enfermedade que o levaría á tumba: a tuberculosis (marxinación): "Agora que estóu no leito enfermo, /estóu ledo abondo/ —Mañá ergueréime cecáis./ E veleiqui o que me espera"...: i espéranlle moitas cousas, cousas que inda perduran, cousas que o tempo borróu: plazas brillantes de sol, balados con frores, a rapaza que leva o leite i é un pouco lixeira de cabeza, o rapaz que venderá os xornáis e correndo e berrando subirá e baixará do tranvía, o carteiro que lle dá anguria si non lle deixa ningunha carta, o avión que lle fai erguer a cabeza, as mulleres que voltan do mercado cos produtos da súa compra, o dono da tenda que lles berra sorrindo ás rapazas que van a mercar, e os rapaces do barrio que estarán xogando porque mañá será xoves e non irán á escola, e os cabalos e os carreteiros que durmen baixo da lona, e o viño, e o pan, e o cocido ben marelo, e os seus amigos que virán a velo e ollaranse felices, todo eso é o que lle espera ao poeta que está enfermo i está feliz porque mañá cecáis se levantará e si non se levante sabe o que lle espera: "Vós quedaredes/ pra ver o bó que é todo:/ e a Vida/ e a Morte". Salvat tiña á morte enriba del, mais eso non lle importaba, estaba na vida pra vivir. Foi, é, e será sempre, un poeta enfermo máis nunca de versos enfermizos. Foi un poeta das cousas sinxelas (coma Francisco de Asís, e por eso algúns intentan facer del un poeta cristián), do amor (ten os máis belos poemas de amor en lingua catalana), foi un poeta social (porque el gardóu madeira no peirao, el que cada vez que o lemos lémbranolo ben: "Vós non sabedes que é gardar madeira no peirao"), poeta dos oficios sinxelos ("O oficio que máis me gusta"), poeta de todas e de ningunha parte inda que escriba nunha lingua determinada ("Percorrer terras non quedarse en ningunha"), foi un poeta, en fin, amante dos xestos inútiles ("Amo o arte e os artistas e as obras inútiles dos artistas"). En 1924, hai 50 anos, morréu Joan Salvat-Papasseit, poeta, tuberculoso, militante da FAI e, ante todo e sobre todo, home. Si enriba deciamos que Guimerá perteñecía ao pobo catalán, de Joan Salvat-Papasseit podemos decir que perteñece a todo aquel que o lé, a todo aquel que se sinta o que era el: un marxinado[2].

---

[2] A marxinación sigue en pé. A derradeira vez que se editaron as súas poesías foi no ano 1962. Por suposto que están agotadas. Dende entón hai que buscalo en escolmas. Este ano inda non se publicóu nada del. De Guimerá, menos actual, xa demos noticia máis enriba, así coma a reedición constante das súas obras completas.

NOUTURNIO PRA ACORDEÓN

Sabédeo: eu gardéi madeira no peirao.
Vós non sabedes
que é
gardar madeira no peirao:
mais eu vin a chuvia
caer a eito
sobre os bocois,
e baixo os tablóns encollerse o precio da anguria;
baixo os flandes
e os melís
baixo os cedros sagros.
Cando os gardas espiaban a noite
e a bóveda do ceo era un tunel
sin luz nos vagóns:
e fixen un lume de estrelas na boca do lobo.
Vós non sabedes
que é
gardar madeira no peirao:
pero todas as maos de todos os golfantes
coma un corro
facían un xuramento ao redor do meu lume.
I era coma un miragre
que desentumecía as maos que estaban ateridas.
E na tebra perdíase o tris-tras dos pasos.
Vós non sabedes
que é
gardar madeira no peirao.
Nin sabedes o prego das luces dos barcos
—que son de tantos colores
coma o mar baixo o sol:
que non lle compren velas.

DEIXARÉI A CIDADE

Deixaréi a cidade que me distrae do amor
a miña barca
o Porto
e o voltámetro aceso que levo no peto—
o autobús zoante
e o máis bonito paxaro
que é o avión
e tentaréi á rapaza que agora chega e xa me arrouba
direille can saudosa a copa está do viño
—e o meu brazo do seu pescozo—
e ollara que agora guindo a pluma e nona collo
e faréi o rostro pálido coma si fora un neno
e diréi laberco:
—coma un piñón é a boca que feitizame.

JOAN SALVAT-PAPASSEIT
Nota e tradución
XESÚS GONZÁLEZ GÓMEZ
Barcelona

A EPISTEMOLOXÍA DE KARL POPPER

> "To say that the aim science is verosimilitude has a considerable advantage over the perhaps simpler formulation that the aim of science is truth."
>
> (Karl Popper, *Objective knowledge; an evolutionary approach*, Londres, 1973).

Sir Karl Popper é un epistemólogo. Nacéu na Austria, co noso século, e a súa obra inicial (principalmente "Logik der Forschung") [1] foi escrita en alemán. O nazismo e a guerra determinaron que emigrase, primeiro á Nova Zelanda, logo á Gran Bretaña (con tempadas académicas nos Estados Unidos), onde se nacionalizóu. Dende entón publica e dá referencias en inglés, e o seu pensamento desenrólase neste idioma, inda que contribúe a publicacións especializadas, en alemán. A vida que leva é monacal, adicada enteiramente ao estudo e ao maxisterio.

A orixinalidade do pensamento de Popper consiste no que poderíamos chamar a súa *versificación negativa*. Noutras verbas: na investigación científica nunca estamos seguros da veracidade dunha teoría (por iso dí Popper que o fin da teoría non é a verdade, senón a verosimilitude), xa que deseguida ven outra desbancala, pra esplicar con máis detalle a mesma realidade e arrombar a teoría vella. E xusto eiquí ven a novedade aportada por Popper: non estamos seguros da súa veracidade, pero sí da súa falsedade.

Isto, que semella de primeiras unha perogrullada, é nin máis nin menos que o proceso polo que pasan os cerebros de máis siso no seu debaterse coa realidade, axudándose cunha hipótese coma cun bastón: dende Newton a Einstein e máis pra acó. É, inda que nos custe crélo, o método científico de enxergar a realidade (en contraposición ao "método" dogmático, por exemplo): un método homilde, que os ingleses chaman "trial and error", e que Popper latiniza como "conxeturas e refutacións".

Popper afirma con toda seriedade que as teorías científicas nacen, desenrólanse e morren como as especies vivintes, i é a competencia entre elas o que as fai eliminarse unhas a outras en sucesión, por seren mutuamente esclusivas, ou millor dito, progresivamente comprensivas unhas das outras; é decir, que a máis moderna abrangue á máis vella coma un caso particular (exemplo: a teoría da relatividade einsteiniá comprende coma un caso particular á teoría gravitacional newtoniá). Eis outra orixinalidade de Popper: as especies sobreviven se están ben adaptadas ao medio ambente, ou sexa, se no seu código xenético incorporan suficente información do entorno pra se ergueren sobre el e dominalo. Cando non é así, morren; podemos decir que pagan coa súa existencia a súa "ignorancia" (=inadaptación á realidade).

Ora: coas teorías científicas sucede algo moi semellante: cada

[1] Publicada logo en inglés co tiduo "Logic of Scientific Discovery".

unha xurde en resposta a certas condicións epistemolóxicas e pódese decir que está adaptada ao seu entorno esplicativo (o meio social, en parte) namentras que sobrevive. Pero cando alguén propón unha teoría máis adaptada, máis "axustada", tíralle o terreo (o territorio da especie) á anterior, que morre. Até aquí, todo igual. Pero a diferencia entre as especies vivintes e as teorías é que aquelas pagan coa estinción a súa iñorancia mentras que os homes pagan a súa iñorancia coa perda dunha teoría, pero gañan outra. O home atopóu o xeito de facer que morran as súas estroituras mentáis en vez del propio. Eis o seu grande avance na evolución, a diferencia entre Einstein e unha ameba, como gosta de decir o Popper: tanto Einstein como a ameba botan tentáculos arredor de sí, fan conxeturas e refútanas; pero se a ameba se trabuca na súa conxetura págao coa súa morte, namentras que Einstein aprovéitase do trabucamento e, inda máis, góstalle esaminar teorías trabucadas pra deprender delas.

Todo isto non é máis que outro xeito de formular o que chamamos esprito crítico: unha das funcións máis importantes da linguaxe, segundo Popper. Popper dí que as linguaxes animáis son *semánticas,* son códigos de símbolos. A linguaxe humá é, ademáis, *descritiva,* é decir, xa leva nela un xerme de hipótese sobre o mundo (Popper sostén que a descrición máis inxenua que poidamos maxinar está "carregada de hipóteses" incoscentes: non existe a descrición pura, sen punto de vista); *crítica,* é decir, non aceita endexamáis unha esplicación pola autoridade de quen a dá; e, o que é máis, *argumentativa,* ou sexa propiamente social. Isto lévanos a outro aspecto importante do pensamento popperián: sendo función social os achádegos feitos gracias á lingua (por tanto os da cencia) teñen unha realidade de seu, independente da dos seus primeiros descobridores, pero abranguéndoos a todos eles e a tódalas posíbeis mentes humás vindeiras: son patrimonio común da humanidade, sabedoría amoreada, ouxetivada, pra todos partillar nela.

Esta sabedoría ouxetivada, descoberta pola mente humá, forma parte do que Popper chama o *terceiro mundo.* Popper dí que hai un primeiro mundo, físicoquímico, que abrangue a imensidade do universo; logo hai un segundo mundo suxetivo, sicolóxico, de estados de concencia, emocións, ledicias e desesperacións; e hai, por fin, un terceiro mundo, das ideas científicas, o mundo da lóxica, da matemáticva, mesmo da metafísica. Popper arreponse contra os que lle chaman suxetivista, confundindo o 2.º e 3.º mundos. As emocións dun ser humán non existían denantes de nacer; pero o teorema de Pitágoras, poñendo por caso, sí, nun senso ouxetivo, que a intelixencia descubre coma se descubre un continente novo: xa estaba ahí denantes de o descubrir (pra Popper non val o "esse est percipii" berkelián); a intelixencia o que fai é descobrir este terceiro mundo, cartografiándoo, é decir, percurándolle as propiedades e as leis que podemos verdadeiramente chamar eternas, pois ningún "materialista" podería apoñelas á mera fenomenoloxía.

Popper pon o exemplo dos números primos. Calquera que se poña a facer un reconto de números primos atopa a "irregularidade" matemática con que van saíndo, sen se atér a unha lei (inda que se teñan atopado fórmulas empíricas). Os números primos "están ahí" denantes de seren descobertos: non veñen dun anaco de rocha, nin de debaixo dun microscopio, senón dun papel e un lápiz e a intelixencia humá, que os vai tirando, ún a ún, "experimentalmente", da serie dos números naturáis. Ninguén pode negar que a súa existen-

cia é independente de nós. Igual que as demáis "realidades" matemáticas estaban ahí denantes de descobrilas. E, posto que nós non as creamos, teñen unha realidade distinta, a realidade (sen comillas) do terceiro mundo.

Haberá quen diga que se trata do Logos eterno, de Deus a se manifestar mínimamente. Ese era o mundo das Ideas e das Formas de Platón: ou sexa, o mundo dos universáis, que non se poden reducir ao nominalismo. Popper recoñece que Platón foi o primeiro cartógrafo deste terceiro mundo, inda que metía nel tamén ao segundo mundo popperián.

Einstein adoitaba decir: "o meu lápiz é máis intelixente ca mín", querendo decir que, cun simples lápiz e papel podía facer cálculos e descobrir leis que non podía doutro xeito. Todo saía da súa cabeza, porque, dalgún xeito, estaba alí en potencia. El "inventaba" (ou sexa, descobría) realidades do terceiro mundo. Pero sen o lápiz e o papel, sen esa estensión do seu organismo, non podería efectuar os cálculos. Parece que a evolución do ser humán, en vez de ir polo vieiro da mutación biolóxica, vai polo da estensión do cerebro, afora, en ausiliares, o derradeiro dos cales é o computador. É unha evolución exosomática, extrapersonal (ou sexa, social), na que o instrumental está á par das institucións sociáis. O terceiro mundo de Popper é fascinante. Pra o que sexa capaz de concebir as grandes abstraccións do tempo e do espazo, da eternidade, éste é o mundo verdadeiramente real, porque ademáis domina ao outro. Se un ser intelixente poidera esaminar ouxetivamente a terra dende o espazo esterior, non tería que ver homes pra saber que o esprito é dono dela: ollaría grandes redes de estradas e camiños de ferro, pontes, edificios, presas, avións, cohetes á Lúa, e decataríase de que todo isto é a interacción do terceiro mundo co primeiro, igual que nós nos decataríamos da existencia de vida intelixente extraterrestre se víramos parecidas probas.

Unha maravillosa maneira de comprobar esta interacción positiva é ouservar o fenómeno da entropía, que podemos considerar como a medida da desorganización dun sistema. De dous sistemas coa mesma enerxía, o que tén menos entropía ten algo máis que o outro: tén organización, orde incorporado, encarnado en sí; o sistema está informado de orde, e por iso tén un sinificado que non tén o outro. A relación entre información i enerxía está na vangarda da investigación contemporá. Hai algo que os glóbulos de enerxía non teñen de seu, pero que poden incorporar: unha certa orientación, unha disposición tanxencial, un certo ordeamento sinificativo, un artellamento pra formar unha pauta: ese é o terceiro mundo. En 1929 Szilard propuxo a hipótese de que temos que pagar pola información suxetiva coa entropía física, o que se interpretóu como proba de que a entropía física é a carencia de coñecimentos ou información (entropía significa en grego confusión). Hai algo tanxencial e bulideiro, susceptíbel de combinación, con valencia, informático, que informa, conforma ás cousas e dalles sinificado e intención, orientación. Ese algo é a magnitude que disminúe ao aumentar a entropía: é o orde. Hai, logo, un traballo de ordeación, no consumo de enerxía dirixido polo terceiro mundo.

"Propoño que un día teremos que revolucionar a sicoloxía considerando á mente coma un órgao pra a interacción cos ouxetos do terceiro mundo, pra entendelos, contribuir a eles, participar neles, e pra facelos aituar sobre o primeiro mundo", escribíu Popper. Pra el,

unha proba da existencia independente e ouxetiva deste terceiro mundo é que nel hai verdades eternas: unha proposición é verdadeira ou falsa intemporalmente: era así denantes e independentemente da existencia do home; logo o home non a puido crear, somente "inventar", é decir, descobrir, coma un cón se descobre ao baixar a marea, inda que estaba alí coa marea alta tamén. A mente é o instrumento cartografiador deste terceiro mundo, e mensaxeiro del pra o primeiro.

O terceiro mundo é feito polo home, pola mente humá, pero ao mesmo tempo é autónomo, e, por iso, sobrehumán: trascende ao seu facedor. Logo é posíbel ao home traballar co trascendente. Os seus contidos están feitos de imaxes virtuáis, pero o seu poder guiador é tan grande coma o dos ouxetos "reáis" do pensamento. Pódese considerar ao terceiro mundo coma unha dimensión do mundo real total, que non se percibe sen certa preparación. O problema central das disciplinas humanísticas é a comprensión dos ouxetos pertencentes ao terceiro mundo, ou sexa, a hermenéutica: a cencia da interpretación; e o intérprete é a mente humá.

Pra Popper, as obras de arte en xeral participan do terceiro mundo, pois, inda que feitas polos homes, teñen realidade de seu e crean as súas propias interrelacións ouxetivas. E logo inflúen no primeiro mundo ("a natureza imita ao arte").

O xeito de influir o terceiro mundo nos outros dous é plástico, coma o computador dunha nave, servíndose do principio da retroalimentación negativa (reforzar o que inhibe un proceso). Popper fai a comparación co organismo, que el considera coma un sistema xerárquico de controles plásticos. Os subsistemas controlados fan movementos de tanteo que son en parte suprimidos i en parte restrinxidos polo sistema controlador. No organismo as hormonas (estimulantes) e as chalonas ou calonas (inhibidoras) representan este esquema. Na técnica, o piloto automático dun avión, por exemplo, que o guía estimulando e inhibindo procesos en marcha no aparato.

Esta preocupación pola bioloxía en Popper refléxase no seu concepto das teorías científicas ("todas as teorías son hipóteses"): segundo el, o desenrolo das teorías é similar ao das especies, por seleición natural, na loita pola adaptación á realidade. Popper mesmo compara as teorías e as persoas (o proieito vital dun home é a súa hipótese vital).

Resumindo, poderíamos decir que a doutrina de Popper é, según el mesmo dí, *esencialismo modificado*. Recomenda, ao se plantexar un problema, facer uso pleno das dificuldades e do que pode parecer negativo, pois, coma nun cliché, comprendendo o negativo, logo se dá co positivo. O seu método é achegarse ao problema facendo unha conxetura, por descabelada que pareza, e logo criticala, comprender a dificuldade e replantexar, máis perto, o problema. Así, pouco a pouco, decatámonos do que verdadeiramente queremos atopar, que pode ser distinto do que coidabamos ao comenzar este proceso de tese-antítese-síntese, pois o xogo crítico da mente esculcadora e das dificuldades que arrodean ao problema, vano identificando e definindo, ou sexa, dando solucións parciáis, que se achegan cada vez máis á verdade.

Cecáis a verdadeira solución non se atope endexamáis, pero a ciencia pode achegarse a ela asintóticamente.

CARLOS DURAN
Londres

"A REVOLTA E OUTRAS FARSAS", DE MARIÑAS DEL VALLE

> "O íntimo das xentes é o centro do universo, éo por ser o cerne mesmo do individuo. Nese carozo acochador das sementes da vida converxen o inmenso grande e o inmenso pequeno, remata o caos e nasce o cosmos. Quen profanar ese recóndito sagrado serve ás forzas do Mal por máis protestos que faga a prol do ben común, do orde, da raza ou da patria: tudo é un intento valdeiro de tapuxar o rabo peludo e as poutas de cabrón.
>
> Defender ese reducto é conservar as chaves da libertade. As cadeas dos servidores do trasno poden apenas enferrollar o barro; pero a verdadeira libertade consiste máis que en non estar aferrollado en posuír a chave dos ferrollos."
>
> J. Mariñas del Valle: Prólogo de *Pequena farsa dos amores desencontrados* [1]

I. A PROCURA DUNHA FILOSOFÍA

As verbas arriba reproducidas, amósannos certos pensamentos do autor moi útiles para acometer o estudo da ideoloxía presente na súa obra. Non hai dúbida de que o escritor fai constantemente un análise do comportamento do home dende un plano metafísico e intelectual, no que máis que persoaxes de carne e óso emprega conceptos abstractos.

Dentro dun esquematismo convencional, aparecen amiudo situacións dramáticas con incidencia na vida humana, xa sexa por conflictos filosóficos, psicolóxicos ou sociáis. A dúbida, a falta dun camiño a seguir, a miseria ou inxusticia serán os aguillóns que atormentan aos persoaxes, no seu peregrinar por uns vieiros a medio camiño entre a terra e o caos.

No prólogo da edición que seguimos, dinos o autor, que polo menos *A Revolta* —cicáis tamén algunha outra peza— foi escrita nun clima bélico, e diante dun futuro incerto.

O ambiente de guerra ou posguerra transparéntase sobre todo no carácter totalitario da autoridade, tal como vemos en *A Revolta*, en *A Obriga*, e máis tarde na *Pequena farsa dos amores desencontrados*. En efecto, os axentes da autoridade son instrumentos mecánicos de represión, vestidos dunha cómica marcialidade de espantallo.

De todos xeitos, o pesimismo é moi claro no desenlace das dúas pezas principáis: *A Revolta* e *A Obriga*. Tamén en algúns dos Monifates, como: *A chave na porta* ou *A Redención*. O que se nega a admitir o autor é a que a súa obra sexa negativa.

Cando se trata dun desenlace tráxico, imputable a inxusticia so-

[1] Jenaro Mariñas del Valle, "Pequena farsa dos amores desencontrados", *Grial*, núm. 21, 1968, páx. 295.

cial, como no caso de *A Revolta,* pódese admitir a opinión do escritor, pois o único que queda claro é a impotencia do protagonista. Pero en último termo, o fracaso non é sóio imputable á patoloxía dos persoaxes, sinón tamén ás circunstancias do medio; polo tanto queda en pé a esperanza.

Moi distinto é o caso de pezas como: *A Obriga* ou *A Redención,* nas que os seres humáns son necesariamente víctimas do fatalismo das súas pasións.

Pero, como veremos máis de perto, o verdadeiro protagonista do teatro de Mariñas del Valle é a alma humana en loita —ás veces sóio en posición interrogante— frente ás cadeas metafísicas ou ás cadeas sociáis. En último termo frente ao problema da súa propia existencia.

II. ¿FARSA, TEATRO...?

Si nos preguntamos en qué xénero ou subxénero se poden encadrar as pezas que comentamos, temos que convir que non é fácil pronunciarse. Nembargantes teñen características formáis dabondo para vencellalas ao teatro: forma dialogada, sucesión de escenas.

Por outra banda, o título de farsas con que circulan impresas, sóio cadra ben para as menos delas: *A Serpe,* por exemplo.

Compre tamén rexistar a insistencia do autor en que as súas obriñas son simplemente exercicios, xogos e bonecos en movimento, aínda que a teima do creador sóio se cumpla literalmente en *Escaparate de Baratillas.*

Polas combinacións de espacio e tempo, así como pola precisión de matices que conteñen os pretendidos escenarios parece que o escritor está a seguir unha técnica máis cinematográfica que teatral. O decorado non é esclusivamente de elementos estáticos, senón que incorpora animáis, paisaxe, e mesmo os elementos atmosféricos en movimento. Pero ante todo, estes anacos de prosa destinados a suxerir o decorado teñen verdadeiro valor literario, polo seu lirismo e pola súa forza.

Comprobemos as derradeiras afirmacións ao traveso de exemplos:

> "Un feixe de luar ven se pousar nun grande albre resequido..." [2].
>
> "Volta a bramar a ramaxen da fraga con aquel son de vento e mar..." [3].
>
> "Aluma o sol bermellicio por ambas fenestras" [4].
>
> "Nas tebras noitesías, as lumergas simulan nas frondas espellos dos ceos, e a serra dun rato esmigalla na madeira e no silencio" [5].
>
> "Ouvean os cans nalgures como navíos perdidos nas brétemas do mar" [6].
>
> "É dunha alta pola que o cuco deita o seu brinquedo sonoro como estribelo de solista na paisaxe" [7].
>
> "Un bafío xeado de vento que arrandea as ramaxes esperidas tira as derradeiras follas dun bidueiro" [8].

---

2. Idem, *A revolta e outras farsas,* Edit. Galaxia, Vigo, 1965, páx. 46.
3. *Ibidem,* páx. 64.
4. *Ibidem,* páx. 67.
5. *Ibidem,* páx. 79.
6. *Ibidem,* páx. 101.
7. *Ibidem,* páx. 104.
8. *Ibidem,* páx. 109.

Esta mezcla da acción coa descripción literaria do ambiente sería máis propia da novela. De ahí que haxa a posibilidade de chamar ao xénero narrativa dialogada, como o propio autor tén apuntado.

III. ANÁLISE DE "A REVOLTA"

Os persoaxes de *A Revolta* teñen un valor simbólico. O Fillo e a Noiva non son individuos singulares, sinón conceptos universáis: o Home e a Muller.

A Revolta é, pola espresión, un drama simbólico, polo tema un drama social, polo pensamento un drama filosófico[9].

Na primeira escena, o Fillo tén constatado dun xeito empírico, considerando a vida dos seus antepasados, o triste destino que lle espera. Nacéu na miseria, producto da inxusticia social, e ao mesmo tempo decátase da falta de sentido da súa existencia. Esto esplicará as sucesivas formas de revolta que concibe, todas as cales foron xa precedidas dun certo escepticismo.

Mentras tanto, a Nai trata de facerlle comprender a necesidade da resignación. Do mesmo modo, máis tarde, a Noiva defenderá a inexorabilidade de seguir as leis da natureza.

Estes feitos abondan para considerar a muller —ao través de dúas calificadas representantes— como ser sumiso á corrente da vida frente ao home, que matina revoltas e máis revoltas até desintegrarse.

Esta escena dos comenzos da obra, que presenta á nai intuindo os camiños, que constituirán o drama da vida do fillo; e tratando de sustraelo aos mesmos, tén abundantes paralelos na literatura universal. Entre eles o *Parsifal* de Chretien de Troyes, ou nas letras hispánicas *Doña Bárbara* e *Bodas de Sangre*.

Pero o certo é que o Fillo non vai ser nunca un suxeito pasivo como a "Muller" frente á situación que lle cadróu vivir. Actuará até perecer na loita.

A solución máis frecuente, e práticamente a única por tráxica que sexa, non sóio na obra, senón en calquer medio semellante é a emigración. É ésta unha solución relativamente pasiva, pois unha vez establecidas as primeiras rutas síguena como autómatas as xentes que non se revoltan, que non pensan, ou que teñen que satisfacer necesidades vitáis primarias. Esta solución, que é de seu tráxica para calquer home, constitúe un drama especial para o protagonista, toda vez que é consciente de que supón unha traición á terra. Os seus ancéios tencioan unha solución "aquí e agora". Ao final da peza, cando xa está condenado, insistirá neste punto, recalcando que a deserción da terra é peor que a morte.

Admitida a necesidade de ficar nos eidos natáis, ocúrrenselle sucesivamente dúas formas de revolta: contra a natureza e contra o orde social.

A primeira consistirá en non se axuntar con muller para non prolongar a vida en posibles descendentes. Esto supón a súa sumisión, pero o protagonista contentaríase con non transmitir a miseria a outros seres. Emporiso esta resolución será imposible porque con-

---

[9] Ricardo Carballo Calero, "A revolta e outras farsas de Mariñas del Valle", en *Sobre lingua e literatura galega*, Edit. Galaxia, Vigo, 1971, páxs. 144-148.

tradice a natureza humana, e chegado o momento é incapaz de resistir o amor.

A revolta en contra do orde social establecido vai ser o último desencanto, e fracasa sobre todo porque a revolta esixe, entre outras cousas, o sacrificio da Fraga que é parte de esa terra concreta que el ama e non pode traicioar.

O fracaso do revoltado é evidente, polo menos no plano persoal. Terminará aforcado, sumiso ao señor, e confiado na caridade de aquél co seu fillo.

A parte positiva da obra haberá que buscala en que suliñóu varios feitos importantes na procura da verdade: a inxusticia da situación social, aos que se aproveitan da revolución, como o Capitán, pretendendo ser o sabedor da ortodoxia revolucionaria para explotala en propio beneficio. Tamén queda denunciado o totalitarismo da autoridade que non tivo piedade co máis inocente dos revoltados, que efectivamente cai prisioneiro por salvar a Fraga.

A idea central, no plano filosófico, pode estar na traxedia das vidas humanas —velahí unha influencia de Unamuno como apunta o autor—, condenadas á morte e ao desacougo espiritual, apesares de seguir sempre o dictamen da propia conciencia. Haberá que matinar en todo caso encol do porcentaxe de responsabilidade que corresponde aos protagonistas persoalmente, ás estructuras sociáis, ou ás posibles forzas metafísicas que condenan ao home por natureza.

IV. A OBRIGA

Esta peza rezuma un contido cáxeque esclusivamente filosófico, no que a idea central é o determinismo ou o fatalismo. Cada persoaxe tén que cumprir a súa "obriga" neste teatro do mundo, no que os papéis non son distribuidos por un Deus xusto, sinón todo o contrario.

Cada persoaxe tén que cumprir a misión que lle asignóu a Natureza ou o fatalismo inexorábel, como conclúi o Trasno cando se ve irremisiblemente condenado, tanto se compre o seu papel de Demo, porque entón fará malas accións; como se quere ser bon, pois neste caso será reprobado por non desempeñar a súa obriga.

Os protagonistas representan entes arquetípicos, cos seus tópicos característicos: o Alquimista en busca da verdade; o Chefe e o Letrado son políticos idealistas, en procura da libertade; o Gran Sacerdote representante de Deus; o Trasno que cumple a súa obriga de tentar aos homes.

Logo hai unha serie de persoaxes que podemos chamar populares: o criminoso (sin prexuicio do seu papel de primeiro plano na obra) e os representantes da autoridade —cabo, soldados, guardas, policía—, que se guían por relacións primarias ou vitáis. Son estes os máis seguros do seu comportamento, e en consecuencia non teñen problemas filosóficos, aínda que como veremos o Criminoso, nun momento dado, é víctima dos remorsos e suicídase.

Os verdadeiros protagonistas da obra, tanto pola súa presencia ao largo dela, como por esa contraposición que representan entre a búsqueda da verdade e o fatalismo son o Alquimista e o Criminoso.

O Alquimista, pola súa condición de filósofo, vive angustiado por atopar a verdade, e ante a insuficiencia das súas artes quer que o Gran Sacerdote lle revele o que descubríu na outra vida.

O Criminoso é un claro exemplo de persoaxe condenado polo determinismo. Por eso o Alquimista reconocerá que "non lle cadróu boa estrela". As circunstancias e o azar zarandéano para que tope co crimen. Por eso o que debía ser somentes un roubo termina coa morte do Gran Sacerdote; baixo a presión dos sacerdotes terá que matar ao Tirano como precio da súa libertade; un impulso fatal lévao a matar á nai. Por fin é víctima de algo superior á xusticia dos homes: dos remorsos. Entón xa non acha máis solución que o suicidio.

V. OS MONIFATES

As pequenas pezas incluidas baixo o epígrafe de monifates son de dous tipos bastante diferenciados, en canto ao tema e ao tratamento.

No primeiro grupo podemos incluir dúas pezas de concentrada intensidade e de asunto tráxico: *A chave na porta* e *A redención.*

Un pouco diferente é *A Serpe,* obriña esta que se axusta plenamente á denominación de farsa.

Quedan *O triángulo ateo* e *Escaparate de baratillas,* protagonizadas por elementos deshumanizados, aos que o autor fai asumir papéis, sentimentos ou ambicións antropolóxicos.

A Serpe.—Trata o tema da moza que vai ser casada cun vello petrucio gracias ao intermedio dunha vella alcaiota. O posible clímax dramático desaparece pronto. A moza enamórase dun mariñeiro e entre os dous noivos saben conxurar o peligro. Ao final a víctima é o bon do vello. O humor da derradeira escena fai esquencer as malas artes da casamenteira, tópicas nas da súa profesión: invocacións ao diaño, bebedicios, meigallos; xuntamente con esperencia e desenvoltura no oficio.

A chave na porta.—Esta vez o tema é o da viuda que asiste ao enterro do home, facendo o pranto en compaña das veciñas. Logo chegan os fillos emigrantes a reclamar a herencia, e abandonan a nai aducindo pasaxeiras razóns para xustificar a súa actitude.

Nesta breve peza, máis importancia que o tema en sí tén a forma de tratalo. Queda ao descuberto a psicoloxía dos persoaxes para terminar nun triste caso do que pode ser a vida humana: unha vellez maltratada pola viudez, o abandono dos fillos, e o presentimento das desgracias da filla ausente, desgracias conseguidas por tolerías e méritos propios. Todo elo remata coa chochez e desesperación da vella.

A redención.—Trátase de outro intenso drama en poucas páxinas, no que os persoaxes se traicionan mutuamente, debido á diacronía dos seus sentimentos. Os erros que hoxe comete un, outro seguirá mañán.

Matilde abandonóu ao vello, o Zoqueiro creba os amores con Matilde; e cando ela torna, anegada e arrepentida, para servir ao seu primeiro home, este xa non pensa máis que na vinganza. Outro ciclo igualmente dramático se abrirá coa moza que pensa partir para a vila. Todo elo cun transfondo do rápido transcurrir do tempo, que murcha as vidas humanas.

O triángulo ateo.—Constitúi unha pequena obra humorística e satírica. O primeiro por traguer a escena uns altos representantes

do cósmos da xeometría. A sátira está na bulra que se fai dos falcóns da burocracia social, cuias cobizas quedan abafadas pola incertitude do seu devenir. Os piares de hoxe poden desaparecer, se cadra á menos hora, pois non son nada máis que pezas dun sistema.

Escaparate de baratillas.—Esta vegada pode tratarse sinxelamente dun concerto de dibuxos animados. Noustante, a peza, tamén pode invitarnos a profundar encol da farsa da vida humana. Agora os bonecos son imaxinados comportándose como homes, facendo filigranas e teimando uns cos outros. Pero, ¿non se adiantarían os homes en plaxiar o mecanismo daqueles? Ou, ¿por qué os vemos decote movéndose como bonecos sin ter o miolo en ningures?

SERXO LÓPEZ CASTRO
Santiago



"LO GALLEGO" EN LA PRIMITIVA POESIA POPULAR URUGUAYA

Porque yo canto opinando,
que es mi modo de cantar
JOSÉ HERNÁNDEZ, *Martín Fierro*

La poesía popular: verbo independista.

Cuando a partir del pronunciamiento bonaerense del 25 de mayo de 1810, el Virreinato del Río de la Plata siente el sacudón profundo de la gesta revolucionaria, comienzan a cristalizar nuevas formas expresivas que se nutren del vigorizante aire de libertad que inunda el ambiente, aventando viejos prejuicios y actitudes de mimetismo cultural respecto de la metrópoli.

Es quizás en el ámbito de la literatura, donde este fenómeno adquiere mayor significación de cambio. Surgen allí y entonces, formas poéticas populares que implican un cuestionamiento revolucionario de la producción literaria al uso, ahogada por el auge del neoclasicismo. Esta poesía popular recoge viejas tradiciones peninsulares, adecuándolas a la situación y al medio. Se trata de "una poesía política y revolucionaria, producto de la primera integración del creador con un público popular, a cuya conducción y al servicio de cuyos intereses sociales se entrega, ofreciéndole la primera imagen artísticamente válida de su quehacer histórico, o sea situándolo vivamente como el protagonista y promotor de la historia de su tierra" [1].

Esta poesía popular que ha de servir de apoyo propagandístico a la empresa independentista, toma —preferentemente— las formas de *cielitos* y *diálogos*. Los *cielitos* se componen sobre la base de estrofas octosílabas de cuatro versos cada una, asonantados generalmente en el segundo y en el cuarto. El *diálogo* adopta en ocasiones la fórmula de la décima, aunque no desdeña la del *cielito*, que reconoce su origen en el romance castellano.

No fueron ajenos a estas expresiones de la poesía popular, ni el sarcasmo, ni el insulto, ni la grosería, ni la burla, como que se trataba de verdaderas armas de lucha, en ocasiones más destructivas para la moral de los combatientes, que un encuentro de partidas guerreras mal equipadas y peor alimentadas.

Tal fue la eficacia de estas creaciones poéticas, que su arraigo popular dificultó notablemente la determinación de su autoría. El pueblo recogía los versos de combate, los hacía suyos, los alteraba —por errores de memoria u otras circunstancias supervinientes— y los volvía a la circulación como producto anónimo.

---

[1] ANGEL RAMA, *Introducción* a *La poesía política* [Antología]. Montevideo, Editorial Arca, 1968, p. 243.

"Lo gallego" en los "cielitos" y otros poemas revolucionarios.

Tres *cielitos* y una canción satírica, pertenecientes a los años 1813 y 1814, hacen referencia a los gallegos, a la gaita y al *fungueiro,* constituyendo, quizás, las primeras menciones poéticas de "lo gallego" en el Río de la Plata.

Dice así un *cielito* cantado en la madrugada del 2 de mayo de 1813, por los revolucionarios que sitiaban la plaza fuerte de Montevideo, en la que ejercía funciones de Capitán General —luego de la abolición del Virreinato del Río de la Plata— el Mariscal Gaspar de Vigodet:

Los chanchos que Vigodet
Ha encerrado en su chiquero,
Marchan al son de una gaita
Echando al hombro un *fungueiro.*

Cielito de los gallegos
Ay! Cielito del Dios Baco,
Que salgan al campo limpio
Y verán lo que es tabaco [2].

La burla campea en las dos estrofas, pero se hace particularmente incisiva en la referencia al *fungueiro,* que no sólo destaca las carencias en la provisión de armamento, que sufría la plaza sitiada, sino que alude a la incapacidad militar de los defensores de Montevideo, hábiles tan sólo —según el verso patriota— para empuñar una estaca.

En la madrugada del 4 de octubre de 1813, los sitiadores patriotas se acercan a la muralla montevideana, defendida por las fuerzas leales a Fernando VII y entonan una canción satírica, que remeda la liturgia de las letanías. Nuevamente, la referencia a lo gallego, en el primer verso de la primera cuarteta:

Vigodet con sus gallegos
Murieron de consunción,
Y este responso les cantan
Los libres de la Nación.

Kirie eleisón, Kirie eleisón

El escorbuto y la sarna
Causaron su destrucción,
Y detrás iban llorando
Mil godos en procesión.

Kirie eleisón, Kirie eleisón [3].

---

[2] MARTINIANO LEGUIZAMON (*El primer poeta criollo del río de la Plata.* 1788-1822. *Noticias sobre su vida y su obra.* Buenos Aires, Talleres Gráficos del Ministerio de Agricultura de la Nación. 1917, pp. 43-44) atribuye este *cielito* al uruguayo Bartolomé Hidalgo. También opinan de este modo: MARIO FALCAO ESPALTER, en su obra *El poeta oriental Bartolomé Hidalgo* (Montevideo, Instituto Histórico y Geográfico del Uruguay, 1918, p. 69) y NICOLÁS FUSCO SANSONE, en *Vida y Obras de Bartolomé Hidalgo. Primer poeta uruguayo* (Buenos Aires, Pellegrini Impresores, 1952, p. 4). En cambio, dudan respecto a la identidad del autor: ANGEL RAMA, en la antología *La poesía política,* ya citada (p. 249) y ARTURO SERGIO VISCA, en la edición de las obras de Bartolomé Hidalgo que prepara bajo el título de *Cielitos y diálogos patrióticos* (Montevideo, Universidad de la República. Departamento de publicaciones, 1969, p. 7).

[3] Transcripto por FRANCISCO ACUÑA FIGUEROA: *Diario Histórico del Sitio de Montevideo en los años* 1812-13-14. Tomo primero. Montevideo, Imprenta de Vázquez Cores, Dornaleche y Reyes, 1890, p. 352.

La canción alude con cruel ironía a las circunstancias de verdadera angustia, creadas a los pobladores de la ciudad sitiada, por la falta de abasto normal de alimentos, que sólo podía efectuarse por mar y al amparo de la flota realista surta en el puerto montevideano. En tal situación, las condiciones sanitarias de la plaza configuraron, por momentos, un estado de mayor peligrosidad que el que derivaba de las acciones guerreras.

Otro *cielito* entonan los patriotas —quizás por boca de Victoria *la cantora*—, el sábado 27 de noviembre de 1813, junto al foso de la ciudadela montevideana. Ocasión propicia para nuevas burlas, que se refieren principalmente a la pretendida carencia de valor militar, que se atribuye a los sitiados:

Vigodet en su corral
Se encerró con sus gallegos,
Y temiendo que lo *pialen*
Se anda haciendo el chancho rengo.

Cielo de los *macarrones*
Ay! cielo de los potrillos,
Ya brincarán cuando sientan
Las espuelas y el lomillo [4].

El autor usa en estas cuartetas dos voces americanas: *pialar* (acción de echar el lazo a las patas de un animal para derribarlo) y *mancarrón* (caballo flaco, de mal paso y con mataduras). Se trata de una de las características distintivas de estas formas poéticas, la de incluir expresiones del lenguaje vernáculo, ajenas al académico y convencional de los poetas cultos.

Al caer la noche del 22 de abril de 1814, a dos meses escasos de la rendición de la plaza —acaecida el 20 de junio—, una patrulla revolucionaria canta este *cielito* junto a los muros:

No hay miedo, pues los macetas
No han de atropellar el cerco,
Que Artigas anda a las yeguas
Y dejó a los potros dentro.

Cielito de los reyunos,
Ay! cielo de los porteños [5],
Que al decir: Viva la Patria!
Se ca... en los gallegos [6].

Esta procaz producción poética, destinada a exacerbar los viejos enconos que enfrentaban a patriotas y realistas, contiene una de las primeras referencias literarias del General José Artigas.

---

[4] Como en el caso del *cielito* a que nos referimos en la Nota, 2, Leguizamón y Fusco Sansone atribuyen esta producción a Bartolomé Hidalgo, en tanto que Rama y Visca, plantean dudas respecto a la autoría de la misma.

[5] Se refiere a las fuerzas provenientes de Buenos Aires, que junto a las comandadas por Artigas, integraban el contingente sitiador de la plaza, al mando superior del Coronel Carlos María de Alvear.

[6] Transcripto por Acuña de Figueroa, ob. cit., Tomo II, p. 221. Angel Rama en la Antología citada lo considera anónimo, señalando que "sin mayor fundamento, fue atribuido a Bartolomé Hidalgo" (p. 249). También lo transcriben como anónimo, DANIEL HAMMERLY DUPUY y VICTOR HAMMERLY PEVERINI, en su obra *Artigas en la Poesía de América* (Buenos Aires, Editorial Noel, 1951, Tomo I, p. 113).

La circunstancia y el recopilador

Los *cielitos* y la canción satírica transcriptos, fueron escritos durante el llamado "Segundo Sitio" de Montevideo, iniciado por la avanzada patriótica al mando de José Eugenio Culta el 1º de octubre de 1812 y formalizado el 20 del mismo mes por José Rondeau, comisionado a tal fin por el General Manuel de Sarratea, Jefe del Ejército enviado a la Banda Oriental por el Triunvirato revolucionario de Buenos Aires.

Este "Segundo Sitio" culminó el 20 de junio de 1814, con la rendición de la plaza a manos del nuevo Jefe del Ejército revolucionrio Carlos María de Alvear, habiendo abandonado el 20 de enero de ese mismo año las líneas sitiadoras, el General José Artigas, con la mayor parte de las fuerzas orientales a su mando, como consecuencia de las serias desavenencias que lo enfrentaban por entonces con el gobierno oligárquico de Buenos Aires.

¿Quién fue el recopilador de estas canciones patrióticas? Quiso la casualidad, que un hijo de gallego [7], joven de veintiún años en 1812, con vocación de poeta —Francisco Acuña de Figueroa—, fuera quien recogiera directamente, desde lo alto de las murallas montevideanas, los versos con que los vates revolucionarios zaherían la causa de su padre y la suya, en esa época. Acuña de Figueroa, que al caer la plaza, se exilara en Río de Janeiro donde desempeñara funciones de Secretario Consular de la Embajada de España, sería con el correr del tiempo, funcionario de la Hacienda Provincial bajo la dominación luso-brasileña, y ya constituido el Estado independiente, Tesorero General, Director de la Biblioteca Nacional, Censor de Teatro, Miembro del Instituto de Instrucción Pública, del Consejo de Estado y de la Asamblea de Notables, así como autor de la letra del Himno Nacional uruguayo.

Acuña de Figueroa escribe durante el sitio, un *Diario* rimado, en el que consigna jornada a jornada, los sucesos —importantes o triviales— de la prolongada contienda. Es gracias a esta paciente labor de testigo atento del acaecer revolucionario, que han llegado hasta nosotros estas producciones de la incipiente literatura política rioplatense. Señala Acuña de Figueroa en diversos pasajes de su *Diario,* que los sitiadores se acercaban a las murallas para entonar agresivos e irónicos cantos, dirigidos a sus enemigos. Dice, por ejmplo:

Ellos entre sombras
Al muro se acercan
Y en cantos prodigan
Insultos y befas... [8].

Así, cuando transcribe el primer *cielito* a que hemos hecho referencia (el que comienza: "Los chanchos que Vigodet... etc""), el cronista poético, dice en la anotación correspondiente al 2 de mayo de 1913:

---

[7] Francisco Acuña de Figueroa era hijo del funcionario de administración colonial Jacinto Acuña de Figueroa, nacido en San Martiño de Salcedo (Provincia de Pontevedra) y de la criolla Jacinta Bianqui Bertelar. El gallego Jacinto Acuña de Figueroa fue Oficial de Recaudación del Ministerio de la Real Hacienda durante la dominación española, y ministro de Hacienda de los gobiernos artiguista, cisplatino e independiente (desde 1815 hasta 1829).

[8] *Diario Histórico... etc.,* ob. cit., Tomo I, pp. 349-350.

Anoche a cantar *cielitos*
Acércase a las murallas,
Al favor de oscura sombra
Una patrulla contraria.

Y consigna en una nota en prosa, al pie de página, que precede a la transcripción del *cielito*, la siguiente indicación ilustrativa: "Solían los sitiadores en las noches oscuras acercarse a las murallas, tendidos detrás de la contraescarpa, a gritar improperios, o a cantar versos" [9].

La canción satírica que remeda la liturgia de la letanía, es transcripta por Acuña de Figueroa, precedida de las siguientes aclaraciones en verso y en prosa.

Las guerrillas no salieron
Y a la noche nos vinieron
A gritar
Junto al muro los contrarios
Y cánticos funerarios
A entonar.

Agregando que: "Tres o cuatro de los sitiadores escondidos detrás de la contraescarpa hacían el burlesco coro, y uno solo cantaba el responso" [10].

Sobre quienes eran los improvisados cantores revolucionarios, nos informa el mismo Acuña de Figueroa, poniendo de relieve la presencia de una mujer —Victoria *la cantora*— que integraba el bullicioso conjunto de patriotas, que alegraban las noches del vivac con danzas y canciones:

Danzando en coros festivos
Mujeres y hombres se mezclan.
Otros, y hasta la victoria,
Que de cantora ponderan,
Llegando a rastras al foso,
Repiten sus cantilenas.
Ya entonan patriotas himnos,
Ya satíricas exequias,
Y ya a los del muro insultan
Con voces, tiros y piedras [11].

Este cronista versificador, de proteica producción y de también inestables fidelidades políticas, que fue Francisco Acuña de Figueroa, escribió alguna página en que recurrió —aunque incidentalmente— a dos símbolos gallegos: la gaita y el pote. Se trata de un extenso poema jocoso, compuesto de diez décimas, escrito bajo el título de *La Metro-Manía*, en el que se glosa una famosa décima satírica [12] y en el que alternan personajes históricos (Clodoveo, Car-

---

[9] Ibidem, p. 228.
[10] Ibidem, pp. 351-352.
[11] Ibidem. p. 36.
[12] Esta décima decía así:

Tocando la lira Orfeo
Y cantando Jeremías,
Bailaban unas folías
Los hijos de Zebedeo,
En esto el Dios Himeneo
Viendo a la casta Susana
Que asomada a una ventana
Se rascaba la mollera,
Exclamó: oh! quien te viera
Gran Duquesa de Toscana!

los V, Nebrija), con personajes mitológicos (Himeneo, Patroclo), literarios (Don Quijote) y bíblicos (Susana, Asuero). Las décimas quinta y sexta, son las que nos interesan, y dicen así:

Tuvieron grande debate
Carlos quinto con Patroclo
Sobre si es mejor el *choclo*
Que la *cuajada* o el *mate;*
Vamos jugando al uñate,
Gritó entonces Clodoveo;
Y volviendo al regodeo
Tocó la gaita gallega,
Cuando de repente llega
En esto, el Dios Himeneo.

Frunció Cupido el bigote,
Y echando al hombro su aljaba,
Se fue a jugar a *la taba*
Con el sin par Don Quijote.
Resonó entonces el pote
Que hacía oficios de campana,
Y Asuero con su macana,
Dio un garrotazo a Nebrija
Que estaba por una hendija
Viendo a la casta Susana [13].

Se trata, por supuesto, de un ejercicio de ingenio, proclive a la erudición, propio del gracejo de los salones patricios que el poeta frecuentaba, totalmente ajeno al sarcasmo directo de los *cielitos,* alimentado por las pasiones de los fogones revolucionarios.

Otro "cielito" y un "diálogo patriótico"

El 5 de abril de 1818, en los llanos de la banda norte del río Maipo —en Chile— el General José San Martín derrotó a las tropas realistas del General Osorio, asegurando de este modo la independencia chilena. El acontecimiento fue celebrado largamente en Buenos Aires, escribiendo Bartolomé Hidalgo [14] un *Cielito* que apareció impreso en hoja suelta, sin fecha, por las prensas de los Niños Expósitos, bajo el título de *Cielito patriótico que compuso un* GAUCHO *para cantar la acción de Maipú.*

En una de las estrofas —la tercera de las que transcribiremos—, se hace referencia a *los gallegos,* parodiando el autor, además, la expresión gallega del castellano "haya":

.....

Se reúnen los dispersos
Y marchan las divisiones,
Y ya andaban los paisanos
Con muy malas intenciones.

Allá va cielo y más cielo
Cielito de la cadena,
Para disfrutar placeres
Es preciso sentir penas.

---

[13] *El Parnaso Oriental ó Guirnalda Poética de la República Uruguaya.* Tomo I. Montevideo. Imprenta de la Caridad, 1835, p. 217.

[14] Falcao Espalter plantea dudas sobre la autoría de Hidalgo, que sin embargo, no discuten Leguizamón ni Visca.

Pero ¡bien *ayga* los indios!
Ni por el diablo aflojaron,
Mueran todos los gallegos,
Viva la Patria, gritaron[15].

Con la métrica del verso octosílabo y con la estructura de cuartetas asonantadas en el primer y el tercer verso, y en el segundo y el cuarto, hay un *diálogo patriótico,* de autor anónimo, que bajo el título *La payada y contrapunto de Las Piedras,* exhumaron, en forma fragmentaria, Hammerly Dupuy y Hammerly Peverini[16], en 1951. Se trata de un diálogo —motivado por el triunfo obtenido sobre las tropas españolas por el General Artigas en Las Piedras, el 18 de mayo de 1811—, y en el que intervienen un *Patriota,* un *Gallego* y un *Castellano.* La calidad literaria es mínima, pero el producto interesa por lo que aporta al conocimiento de los argumentos esgrimidos por los bandos en pugna, que son —en definitiva— los justificativos de la dominación española en América, por un lado, y los del derecho a la insurrección de los patriotas, por el otro. Pasan así ante el lector, las referencias a los derechos de vasallaje de la monarquía peninsular, en boca del *Gallego,* y al derecho de resistencia a la opresión de los americanos, objetivada en el recuerdo de la gesta de Tupac Amaru, en la expresión del *Patriota.* Dicen así las estrofas de nuestro interés, en las que el *Gollego* asume personería por la monarquía fernandina:

Patriota

¡En esta noche de guardia
Solito me pongo a cantar
Porque el godo en su guarida
Ya no me podrá encontrar!

Gallego

¡Olé! ¿Con que esas tenemos?
¿Con qué pulsarás guitarra?
¿Con que así no te veremos?
¡Vaya hombre con la farra!

Patriota

¿Qué haces allí en el muro
Como perro acorralado?
¿No es grande y ancho el mundo
Para que estés así encerrado?

Gallego

Pues, todos estos bastiones
Son de nuestro Rey de España,
Así como los cañones...
¿Por qué combatís con saña?

.....

Gallego

Vosotros, los insurrectos,
Seguiréis siendo vasallos,
Caminando en lo que es recto:
Ya no seréis tupamaros...

Patriota

¿Tupamaros? ¡No lo nombréis!
Su cuerpo fue descaurtizado
Porque así como hoy no veis,
Tampoco visteis al Pueblo...

[15] LEGUIZÁMON, ob. cit., pp. 45-56.
[16] *Artigas en la Poesía de América,* ob. cit., Tomo I, pp. 112-113.

Gallego

¡Vaya con aquellos indios
Como charrúas en plumas!
¿Cuáles son vuestros indicios
De vuestro Mayo de espumas?

Génesis y significado de un agravio

¿A qué obedecen tan reiterados ejemplos de burla, desprecio y agravio contra los gallegos, en estas primeras manifestaciones de la literatura de combate rioplatense?

Los gallegos habían nutrido, hasta entonces, los contingentes pobladores de numerosos núcleos urbanos en la Banda Oriental. Desde la Colonia del Sacramento hasta la Villa de Nuestra Señora de los Remedios de Rocha, pasando por las villas y pueblos de San Juan Bautista, de la Concepción de Minas, de San Carlos, de San Fernando de Maldonado, de Canelones, de Mercedes, etc., todas las tierras habitadas del territorio oriental conocían de la presencia, el esfuerzo y el procrear de los gallegos. No existían motivos auténticos de rechazo para estos inmigrantes, que los destacaran respecto de los provenientes de otras regiones de la metrópoli, como para objetivar en ellos el agravio literario a que nos referimos.

Por lo que tiene relación con las fuerzas realistas que participaban en la contienda, existían algunos importantes oficiales gallegos al servicio de la causa española, cuya acción adquiriera especial renombre en la época. Entre otros: Pedro Manuel García, natural de San Pedro de Soriano en la provincia de Coruña; Benito Chain, jefe de la caballería montevideana, de origen lucense; José Neira, comandante del Batallón de Emigrados de Buenos Aires; Joaquín de la Sagra y Periz, coruñés de nacimiento y oficial del Batallón del Comercio.

Pero la identificación global que hacen los vates revolucionarios, del dominador que se combate, con los gallegos, no obedece al reconocimiento de la presencia de hombres de aquella procedencia en el seno de las fuerzas realistas. Los poetas patriotas debían —para lograr eficacia en su labor— insultar al enemigo, desprestigiarlo, herirlo moralmente. De allí que lo identificaran con un pueblo, cuya denominación era sinónimo de ordinariez, vulgaridad o bastedad, según los patrones culturales impuestos hegemónicamente por Castilla.

No puede asombrar que para agraviar a los españoles fernandinos, un criollo los identificara con los habitantes de aquel Reino que Luis de Góngora había estigmatizado así dos siglos antes:

.....

Oh, montañas de Galicia
Cuya, por decir verdad,
Espesura es suciedad,
Cuya maleza es malicia,
Tal, que ninguno codicia
Besar estrellas pudiendo,
Antes os quedáis haciendo
Desiguales horizontes;
Al fin, gallegos y montes,
Nadie dirá que os ofendo

En la consolidada acción de la *leyenda negra* gallega, hay que rastrear pues, esos desvíos patrióticos de la realidad, que encarnan en nuestra primitiva poesía popular un sentimiento de agravio incorrectamente objetivado. Los *cielitos* revolucionarios que atacan *lo gallego*, en medio del clima de tensiones políticas del proceso independista rioplatense son, si se quiere, pobre reflejo de otros versos anónimos, que corrieran por la península en los siglos anteriores, y en los que Galicia era así maltratada:

Reino infeliz, país desventurado,
De España muladar, rincón del mundo,
Entre tinieblas siempre sepultado,
Aspero, duro clima, templo airado,
Infeliz, bárbaro trato, signo inmundo.

Las jornadas posteriores a las guerras de la Independencia, vieron el fluir permanente de inmigrantes gallegos que buscaban en las tierras nuevas del Nuevo Mundo, el solar de promisión, adivinado desde el *finis terrae*. En el sentir popular, el *gallego* pasó a ser la síntesis y el símbolo del trabajo tenaz, del ahorro a contramano de cualquier adversidad. Los *gallegos* nutrieron entonces los esquemas caricaturescos del sainete rioplatense. La burlona actitud del exponente ciudadano de ambas capitales del Río de la Plata, mezcla de guaranguería vulgar y de ironía sutil, hizo al *gallego* objeto de chanzas no siempre soportables con indiferencia, aunque casi siempre inspiradas por una inconfesada simpatía. Por el sentido agraviante de aquellas referencias primitivas de la poesía popular, fue desapareciendo, quizás superado por la influencia del intenso trasiego de sangre gallega en las venas de un porcentaje no desdeñable de mis compatriotas.

CARLOS A. ZUBILLAGA BARRERA
Montevideo

ENCOL DA PUBLICACIÓN DO "LÉXICO DE LA COMARCA COMPOSTELANA"

A filoloxía galega empezóu sendo obra dun aficionado, como era o bacharel Olea, no século XVI; e continuóuse co labor de xente preocupada polo noso idioma, pro que non tiña suficiente formación lingüística, como son o P. Sarmiento, no século XVIII, Mirás, Cuveiro Piñol, Pintos, Valladares... no XIX. A gramática de Saco e Arce, editada no 1868 marca un fito importante na historia da filoloxía galega, por sé-la primeira obra que se fixo con carácter científico encol da nosa lingua. En adiante, relevantes lingüistas, cada ún pola súa banda, irán estudiando parcelas do galego, contribuindo cos seus traballos a que a lingua do NO. da Península Ibérica poida ser tida en conta no contesto filolóxico da Romania. Destaquemos entre eses autores, por máis recentes, a García de Diego, Dámaso Alonso, Carballo Calero, Zamora Vicente..., ademáis de romanistas estranxeiros, como Schneider, Krüger, Piel...

A creación, a comenzos da década dos setenta, do Instituto da Lingua Galega (I. L. G.), institución parauniversitaria dirixida polo Dr. Constantino García, catedrático de Filoloxía Románica na Universidade de Santiago, ven a supoñer un paso decisivo pró estudio da realidade lingüística de Galicia. Hai uns anos encetóuse ese estudio con tesis de licenciatura que atendían a puntos da nosa xeografía, nos que se recollía a morfoloxía, lésico, etnografía..., pra seguir cunhas cantas tesis de doctorado, nas que se estudiaban a fondo aspectos do galego. E asemade o I. L. G. iniciaba a publicación dun método práctico pró ensino da lingua do país, algo que compría facer pra tratar de unificá-la escrita, ademáis de aprender a falá-la lingua, ou a perfecionala.

O labor do I. L. G. maniféstase na revista VERBA, *anuario gallego de filología*, na que se quere dar a conocé-la lingua galega en tóda-las súas manifestacións. A revista acompáñase duns anexos, dos cales o primeiro é a obra *Léxico de la comarca compostelana* [1], do Dr. Constantino García.

Este traballo consta dunha breve introducción na que o autor, nunhas condensadas palabras, nos presenta: a) a situación do galego frente ó castelán, lingua oficial; b) cómo se enceta a castelanización no século XV e continúa hastra o primeiro tercio do XX, sin desfacé-la estructura fonomorfosintáctica do galego. Pro a partir de ahí, destácanos o profesor García cómo a castelanización dá grandes alancadas, consecuencia da tecnoloxía moderna traída a Galicia, que a inza de cousas novas e dos nomes correspondentes, deixando de lado as voces patrimoniales, xa na fala dos vellos, xa nos lugares que de momento están illados.

Sigue unha consideración sociolingüística do falante galego na comarca compostelá, facendo fincapé na maior aceptación dos castelanismos por parte da xente moza, por seren mellores receptores dos avances tecnolóxicos; pro esto non quere decir que hoxe as novas xeneracións estean do todo castelanizadas, xa que nos barrios da misma Compostela os cativos falan galego.

---

[1] Constantino García, *Léxico de la comarca compostelana*, Verba, Anejo 1, Publ. Univ. Santiago, 1974, 191 páxs.

O método na recollida do material foi o tradicional, a base de enquisas e conversacións con falantes de toda a zona de Santiago, que ven a corresponder cos límites do municipio. Pro o traballo ten unha elaboración distinta ós que estamos afeitos a ver. Non é o diccionario clásico referido a unha porción pequena da rexión, nin unha simple relación de palabras, como ben poidera pensarse, arquivadas nunhas follas de papel. O profesor García quere mostrá-la fala viva, vivísima deses lugares. Metodolóxicamente, empeza por facer un traballo cáxeque fonético, no que as vocales tónicas *e, o* levan marcado o seu timbre; no que a *geada* vai sinalada, sin ter en conta prexuicios cultistas ou castelanizantes de algúns autores, que rexeitan a súa representación na escrita, e que se contentan con rexistrá-lo fenómeno, pro sin logo marcalo. Por eso mesmo as voces encabezadas polos grafemas *qu* englóbanse coas de *c* /k/ ; o grafema *v* non se ten en conta; e tampouco se rexistran os grafemas *c* /θ/ e *z* /θ/ .

Este *Léxico...*, anque aparentemente é unha cáxeque interminable sucesión de vocablos, presenta ó estudioso da filoloxía un riquísimo material polo que respecta á fonomorfoloxía da zona, e non digamos xa pra vé-la loita entre os castelanismos e as voces patrimoniales do galego, os vulgarismos, as espresións familiares e xocosas... todo o que saíu espontáneamente dos beizos dos falantes, e que con sinxeleza e craridade se nos presenta neste traballo.

1. Plano f o n é t i c o

1.1. Vese a variación e riqueza de formas en voces como *aurella, ourella, orella,* todas elas meras variantes. Ou en dobletes como *bautismo* e *boutismo, aumentar* e *oumentar; aixada* e *eixada, aixola* e *eixola*. Todo elo dá idea do non estaticismo da lingua nesta comarca.

1.2. Hai rotacismo do *l* ante consonante sonora (*arbañil, armallo* frente a *albañil, almallo*) e ante xorda (*carcañal* por *calcañal*). Tamén de *s* ante *f* (*arfisiar, derfaser* por *asfisiar, desfaser*), ante *m* (*ermajar, dermaiarse* por *esmajar, desmaiarse*), ante /x/ (*berjo, erjanar* por *besjo, esjanar*).

1.3. A *geada* é total (*jato, jrilo*), xa que tamén se rexistra no grupo *—ng—* (*dominjo, canjrexo*), e ás veces incluso no grupo *—lc—* (*aljasén* alterna con *alcasén*). Pro a vacilación naquél grupo é moi grande, de ahí que se rexistren dobletes, onde unha forma ten *geada,* méntra-la outra presenta unha velar xorda: *desanjrar / desancrar, junjar / juncar, xunjo / xunco.* Voces como *chanqueiro* non presentan doblete, de momento. Hai *geada* tamén en castelanismos como *juerta, jueso, juebo,* que alternan con *ueso, uebo.* Incluso en casos de *c* /k/ (*juspir* por *cuspir*).

1.4. O /š/ despalatalízase, tanto en posición inicial (*sabrón, sarampón*), como en posición medial (*asentes, ensibas*), formas elas que conviven coas correspondentes palatalizadas (*xabrón, xarampón, axentes, enxibas*). Outras veces dáse o fenómeno contrario, en formas como *andaxe, morxejo,* que alternan con *andasio, morsejo.*

1.5. A inestabilidade na pronuncia das palatales vese na alternancia *—ll—/—ñ—*, en *ambrulleiro / abruñeiro, apoupillar / apoupiñar* e na alternancia *—nll—* / *—ñ—*, en formas como *espunlla, unlla,* frente a *espuña, uña.*

1.6. O *l* tende a facerse *r* cando vai agrupado con *bl* (*branco, nubrado*), con *pr* (*prato, apracar*), con *cl* (*crabo, ecrís*), con *fl* (*fremón, froxo*), con *jr* (*jrixario*).

1.7. Nos grupos cultos con *bs, cs* hai tendencia á vocalización en *u* do primeiro elemento (*ouserbar, próusimo* por *obserbar, prócsimo*). No grupo *ct* hai redución ou a dita vocalización: *defeto / defeuto, dotor / doutor.*

1.8. Son frecuentes os castelanismos fonéticos do tipo *conexo, larjo, lexos, manoxo,* que alternan con *coello, lonjo, lonxe, monllo.* E por castelanismo pérdese o *—d—* en *bocao, arrabatao, remuiñao,* e en outras máis formas rematadas en *—ado.*

2. Plano m o r f o l ó x i c o

2.1. Rexistrase o doble resultado dos sufixos *—anu* (*berao / bran, chao / chan, irmao / irmán*) e —ana (*ventá / ventán, mañá / mañán, irmá / irmán*).

2.2. Por castelanismo un sustantivo cambea de xénero (*leite, naris,* que poden ser femeninos); ou un verbo, de conxugación (*batir* por *bater*). Outras veces ó castelanismo lésico engádeselle un sufixo galego (*loquemia,* formado sobre *tolemia*).

2.3. Hai vitalidade en canto á derivación verbal, como se ve en formas do tipo de *estrellear, jotexar, lajrimexar,* creadas sobre *estrella, jota, lájrima,* castelanismos que van deixando de lado as galegas *estrela, pinga, bágoa.*

3. Plano l é s i c o

3.1. Os VULGARISMOS:

3.1.1. Unhas voces sono por dislocación do acento (*périto, paralisis*). Tamén se rexistra alternancia acentual (*péxejo, pexejo*), en formas patrimoniales normales.

3.1.2. Por armonización vocálica de *e* ante *i* (*beliscar, bexija,* que pasan a *biliscar, bixija*) e de o ante u (*curtiña, furmija,* no lugar de *cortiña, formija*).

3.1.3. Por metafonía do *a* ante *i* tónico (*emídolas, estilla,* que alternan con *amídalas, astilla*).

3.1.4. Por disimilación, xa vocálica (*romendar* por *remendar*), xa consonántica (*beleno, mimbio,* por *beneno, bimbio*).

3.1.5. Por asimilación (*anana, farramenta* por *enana, ferramenta*).

3.1.6. Por prótesis dun *a* (*alandra, alostrejar, asalar, asoplar*), en especial nas palabras que empezan con *r* (*arrabuñar, arrodeo, arromedar,* que alternan con *rabuñar, rodeo, romedar*). Tamén se rexistra a presencia dun *i* protético (*iditeria* por *difteria*).

3.1.7. Por anaptisis dunha vocal (*rinjoleira* por *rinjleira*) ou por epéntesis dunha consonante (*faldra* por *falda*).

3.1.8. Por paragoxe (*fréxole*).

3.1.9. Por aféresis vocálica (*sotea, lasena* por *asotea, alasena*).

3.1.10. Por síncopa de vocal (*intrés, frida* por *interés, ferida*). Este fenómeno produce a aparición de grupos consonánticos estraños, como pode verse en *sreixa,* que alterna con *sereixa.*

3.1.11. Por metátesis (*cadabre, apetrenar* por *cadáber, apenetrar*), en especial no grupo *—rl—* (*chalratán, bulrar* por *charlatán, burlar*).

3.1.12. Por elisión da sílaba final en voces como *autoridá, caridá,* sin duda por castelanismo, frente a voces patrimoniales como *bide, parede,* que a conservan.

3.1.13. Os cultismos adáptanse á fonética dos falantes das formas máis insospeitadas .Así, pra *eucalipto* rexístrase *alcolito, ancolito, arcolito, aucolito, colito, encolito, eucolito, oucolito.* O sufixo *—itis* pasa a *—ites* (*bronquites, colites*). O sufixo *—isis* consérvase (*paralisis*) ou se reduce (*paralis, parales*).

3.1.14. Tampouco faltan os hipergaleguismos, como *romeiría, toubo* (por *romaría, romería, tobo*), incluso en castelanismos (*louco* por *loco*).

3.2. Os castelanismos:

Na nosa opinión, o máis elaborado do traballo citado é o rexistro de castelanismos. Se no caso dos vulgarismos o profesor García parece limitarse a constatalos, engadindo somentes o equivalente correspondente en castelán, agora váisenos introducir nunha batalla de palabras na que a forma da lingua oficial leva camiño de ganar.

3.2.1. No enfrentamente dos castelanismos *ajua, aier* coas galegas *aúja, onte,* a situación neste momento parece estar en táboas. Unha voz como *amarillo* leva xa camiño de ter suplantado a *amarelo.*

Outras veces a voz galega perde forza, como pasa con *anxinas,* que ten menos frecuencia que *anjinas.* Formas como *abǫ, abǫa, estrela,* van sendo sustituidas de forma xeral polas castelás correspondentes (*abuelo, abuela, estrella*).

O galego *adro* úsase menos hoxe ante o empuxe da forma oficial *atrio,* pro créase a voz *atro,* que en parte lémbranos a que se está a perder.

Hai formas perdidas de todo (*frade,* sustituido por *fraile*), pro que reaparecen en espresións feitas (*cadęla de frade, sirijuęla de frade*). Ou o verbo *por,* que se conserva en *por do sol.*

No caso de *semana* o castelanismo deixóu anticuáda-las formas *semá, semán.* Formas como *quinta* e *sesta feira* non deixaron o menor rastro ante os castelanismos respectivos (*jueves, viernes*). Voces como *anelo, cabesal* desapareceron do todo ante*anillo, almohada...,* anque ás veces as formas galegas quedan na fala dos vellos, como pasa con *martęlo.*

A voz *juebo,* que entróu designando *testículo,* agora entróu en colisión con *ǫbo.*

3.2.2. A convivencia do castelanismo e da forma patrimonial dá orixe a cruces, como as voces *abellaneira* (sobre *abellano* e *abeleira*), *cuchilo* (sobre *cuchillo* e *coitelo*), *mansán* (sobre *mansana* e *masán*) e *nębla* (sobre *niebla* e *néboa*).

3.2.3. Nos nomes de paxaros o castelanismo está a entrar con grande forza e vitalidade. Exemplo de esto son *jolondrina* e *pomba,* que alternan con *anduriña* e *paloma.* O mesmo pasa no lésico das albres, que se está a castelanizar cada vez máis (*alcarnoque, siruęlo...* por *sobreira, sirijueleiro*).

3.2.4. En canto ós nomes dos meses do ano, se ben algúns castelanismos están a suplantá-las formas galegas, como pasa con junio, julio, setiembre, noviembre, o falante bota man do santoral pra crear un novo lésico. Así, o mes de S. Xuan será xuño; Santiago, xullo; Santa María, agosto; San Lucas, outubre; San Andrés, Santos ou San Martiño, novembro; Nadal ou Navidá, desembre.

3.3. A língua espresiva:

3.3.1. O estudio da lingua espresiva nesta obra permite ver voces festivas, como *bacoia* ('muller moi gorda'), *enchufar* ('casar unha filla'), *fandanjo* ('órgano xenital da muller'), *jambrona* ('fame'), *pucha* ('cabeza') *señorita* ('feixe de palla no cume dun palleiro'). Ou as distintas formas que designan ó fillo de solteira: *fillo bravo, fillo de palleiro, f. de peta á porta, f. de tralas silbeiras, f. de raposo...*

3.3.2. Recóllense formas familiares, como *mamái, papái* ou *napia* ('narís').

3.3.3. E tamén se rexistran vocablos, que sin duda son creacións espontáneas dos falantes, compostos de sustantivo e adxetivo: *bocaberta* ('tonto'), *bocapodre* ('deslenguado); ou de verbo con sustantivo: *birachaquetas* ('home falso'), *lambecricas* ('mullereiro'), *lambecús*

('adulador'), *papafilloas* e *papabrevas* ('aparva-do'); ou por repetición: *bulebule, fuxefuxe* ('inquieto'), *toutoroutóu* ('aparvado').

3.3.4. Interesante é o enorme caudal lésico que se rexistra pra designar un mesmo concepto, en especial con senso perioratívo. Así, pra 'aparvado', *aparrulado, apolominado, atoallado, lapebroas,* entre outros.

Nomes de paxaros emprréganse pra atribuir peiorativamente cualidades ó home. Así vemos que *laberco* designa a unha persona pícara; ou *lajarta,* a unha muller pícara e desvergonzada; *palomo,* a un aparvado; *paspallás,* a un chalratán.

3.3.5. O lésico interxectivo recollido é moi abundante e variado. Esto vese nas voces pra espantar un animal: *baite, pasa,* pró can; *ajach, jache, pse,* pró gato; *chis, isca, iscato, ixa,* prás pitas; *coch,* pró porco.

Pra chamá-lo can, *cus, tisto, tǫ;* pró gato, *bis, bis, mico, mis;* pró gando, *ei;* prá ovella, *bęlla;* prá porca, *quina;* pró porco, *quin;* prá vaca, *toma;* prás personas, *oę.*

Pra deté-lo gando, *xǫ, jo, joo;* pra espantá-los cabalos, *arre.*

3.4. En ocasións ó significado castelán dunha voz en galego sigue algunha esplicación de carácter etnográfico. Tal é o caso de *abelaíña* ('mariposa'), da que se nos di que a de cor negro trai mala sorte, e a de cor branco indica que chegará carta.

4. Estamos, pois, en presencia dun traballo lesicográfico no que se intenta facer ver ó lector a complexidade que acompaña a esas sucesións de soídos que son as palabras, se as ouservamos illadamente. A fala dunha zona está a cambear constantemente ó par que cambea o home que executa esa fala e as condicións de vida que o envolven.

Cecáis se bote de menos a non constatación de cómo está distribuida a frecuencia dos castelanismos, se éstes e as voces galegas correspondentes se dan por igual nas xentes de distintas xeneracións, se os mozos rexeitan os castelanismos ou se son os máis novos quen rexeitan as voces dos máis vellos, por considerar que a homónima castelá é máis "culta"..., e outros aspectos sociolingüísticos, que serían de grande interés.

Esperemos que esta obra do profesor Constantino García marque o comenzo de outros traballos similares, que sirvan pra acercarnos á realidade viva do galego das distintas comarcas de Galicia, o que poderá lograrse coa obxetividade, rigor e ausencia de prexuicios "cultistas" que observamos neste *Léxico de la comarca compostelana.*

FRANCISCO FERNÁNDEZ REI
Santiago

AO MARXE DUNHA ESCOLMA DE XAN VICENTE VIQUEIRA

A Academia Galega escolléu este ano á figura de Xan Vicente Viqueira como ouxeto de celebración no Día das Letras Galegas. Como ven facendo outros anos, a Cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago pubricóu un opúsculo que contén unha escolma de prosa e verso do devandito escritor [1].

O opúsculo, de cuarenta e dúas páxinas, consta de dúas partes:

Introducción, cun primeiro apartado tiduado *Limiar* de Ricardo Carballo Calero, no que nos presenta a vida e obra de Viqueira, con algúns comentarios sobre a súa prosa e verso en galego, pois, como se sabe, foi un escritor bilingüe. Hai un segundo apartado, *Bibliografía,* no que figuran os traballos consultados para a realización do opúsculo.

A segunda parte, *Escolma,* contén igualmente outros dous apartados, un chamado *Prosa* e outro *Verso,* nos que se insertan os testos que se consideraron máis interesantes polo seu contido ou pola súa calidade literaria. Son —segundo lemos no *Limiar*— anacos de artigos, conferencias, poemas, unhas veces; e outras, aparecen as pezas completas.

Nos testos en prosa latexa unha fonda preocupación polos problemas de Galicia ou polo seu futuro, como en "Miña Galicia", "Diálogo transcendental", "Nosos problemas educativos", etc. Os testos en verso son poemas de exaltación da paisaxe —"Piñeiro", "Carballo", "Outono"— ou de tipo amoroso, como "Lonxe", "Cantar do berce".

A língua de Viqueira seméllanos unha língua culta, sin chegar a ser rebuscada. Non se atopa, como en outros escritores, un fondo popular, unha base dialectal. Para el, a língua escrita debía ser distinta da língua falada.

Canto ao galego por el empregado, non segue unha determinada variedade dialectal. É, a súa, unha fala que adopta diversas solucións, como veremos máis adiante, e que está enclavada, xa que logo, nun área interdialectal.

Imos suliñar brevemente algúns rasgos que nos teñen chamado a atención e que aparecen con maior ou menor frecuencia na súa língua:

De tipo fonético:

— *a protético*: pouco frecuente. Somentes temos atopado dous casos: *amostra, apreséntase.*

— *i epĕntético*: *cadeias, creio, ideias, feios, seio.*

En fonética sintáctica: *a ialma, da ialma*

— *e paragóxico*: rexistrados tres casos, *daquele, labore, intentare.*

Máis frecuente é a *vacilación vocálica.* Temos recollidos os seguintes exempros: *inteiro, lerismo, somellanza, soavísimo, criadora, várea, cubizosos, iles, isto* (*ista, iste*), *hestoria, surrisa.*

— *Crase*: *ás* frente a *aas*
cor frente a *coor.*

[1] Cátedra de Lingüística e Literatura Galega, *Xan Vicente Viqueira, Escolma de prosa e verso,* Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Santiago, 1974.

Morfolóxicos:

— Dúas solucións para o sufixo latino -ANU ao: *castelao*
an: irmán, man, humán

— O mesmo sucede ca forma femenina deste sufixo

-ANA á: *humá*
ana (solución castelanizante): *humanas*

Na formación do plural dos nomes hai fluctuación. Atopamos, como imos ver, varias solucións.

Nomes rematados en *-l*:

a) Solución antiga: elisión do *l* e mantimento do hiato sin asimilación das dúas vocáis: *raciaes, vendavaes, individuaes, normaes.*

b) En outras verbas desfáise o hiato e as dúas vocáis redúcense a unha sola, pois a vocal do sufixo *-es*, é asimilada pola tónica: *aqués, daqués, papés.*

c) Atopamos finalmente a solución castelanizante pero con relaxamento da vocal: *esencials, laranxals,* plural que tamén é utilizado por Rosalía.

Nomes rematados en *-n*:

a) Perda do *n* intervocálico e asimilación das dúas vocáis en hiato: *exaltaciós, algús, corazós, impresiós, costruciós,* etc., solución do galego central e noroccidental.

b) Plural en *-ns* con mantimento, por tanto, da nasal: *mans, humáns, cuestións, algúns,* etc., solución do galego suroccidental. Ambas formacións son utilizadas por Viqueira na mesma proporción.

Flesión verbal:

— *Formas contractas*:
pór (contracción de poñer);
espor (contracción de espoñer);
tén (contracción de teñen);
decí (contracción de decide);
facé (contracción de facede);
cre (contracción de cree). Neste verbo, como ocurre con *leer,* cando concurren o *e* desinencial co *é* do radical, redúcense a unha sola vocal.
críase (contracción de *creíase*). Tamén *e* seguida de *i* pode reducirse a *i*.

Formas con vacilación da vocal:

— *sobe, soben,* vacilación producida pola influencia do *e* desinencial que actúa abrindo a vocal do tema.

— *dicir, dicindo, sintindo,* vacilación debida á influencia do i tónico final que pecha o *e* inicial.

— outras formas do tipo, *converter, escreber, escreban,* con apertura da vocal do radical e da vocal desinencial.

Outras particularidades da flesión:

— o verbo *ouvir* aparez na 2.ª persoa do singular do presente de indicativo ca forma *ouces,* partindo dun infinitivo *ouzar.* É un único caso, pois as demáis formas parten do infinitivo *ouvir.*

— o verbo *saber* aparez conxugado na maioría das formas con *b* en lugar de *p*: *saiba, saibades, saiban.*

Sintácticos:

O rasgo máis sobresainte na prosa de Viqueira é a colocación do pronome átono na frase. Por un afán diferencialista aparez, na maioría dos casos, dislocado. Hai numerosos exempros:

endexamáis fatigaréi*me* de espor os motivos
sempre esvaíu*se* entre as brétemas
mentres non reúnan*se*
isto non abrangueráse

non podo pretender que meu plan lévese á práctica. Todos estes casos, debían —segundo as normas gramaticáis— levar o pronome proclítico: os catro pri-

meiros exempros por ir precedidos de adverbios e negacións respectivamente; e o derradeiro por ser unha oración subordinada.

O caso contrario: nas oracións principáis o pronome debe ir enclítico. Viqueira colócao diante do verbo:

o canto e a poesía... *se* desleixaban, e as prazas de touros *se* lixugaban
as cousas nela van como perdendo a súa realidade esterna e *se esván* en puro sentimento.

Un rasgo que utiliza abondo, é o infinitivo conxugado. Temos atopado dez exempros nesta *Escolma*:

soñaréi hastra que a mín *chegares* (2.ª p. de singular)

...é preciso que se faga para non *perdermos* o verdadeiro camiño (1.ª p. do plural)

si alá *cantardes* / decí que morro de soidades (2.ª p. do plural)

as rosas paseniño van murchando / para *naceren* en novas primaveiras (3.ª p. do plural).

No caso dos infinitivos rexidos coloca o pronome dependente do infinitivo en posición proclítica:

houberon de *se* contentar

o primeiro é *se* erguer. Esta colocación do pronome, pertece, máis ben, á língua culta, o mesmo que a intercalación de algunha verba antre o pronome e o verbo, característica que tamén atopamos na súa prosa:

estivo un tempo que lle *non* parecéu moi longo
atopóuse que ninguén o *alí* coñecía.

Lésico: o emprego de verbas como *diáfano, plúmbeo, varudos, albeo, naos, levianas, aureomitrada, deviña,* etc., veñen a testemuñar unha vez máis, o que xa fica dito con respecto ao carácter culto da súa língua.

Ortografía: a Cátedra de Lingüística e Literatura Galega, modificóu a ortografía que utilizaba Viqueira —a etimolóxica—, adaptándoa ao momento actual, segundo as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego,* pubricadas pola Real Academia Galega. O único que mantivo foi o *x* co sonido de *cs*, como en castelán. Así atopamos verbas como *éxito, exuberante, exquisito,* que hoxe escribimos con *s* para evitar a confusión co *x* palatal.

AURORA MARCO

LETRAS DO NOSO TEMPO, por Francisco Fernández del Riego [1]

Este xeitoso libro (o leitor atópase ao abrilo coa agradábel solpresa dunhas láminas coas fotografías dos autores comentados, algúns dos cales xa veñen perfilados nas capas) contén unha presada de ensaios cortos adicados aos principáis representantes das literaturas contemporáns máis destacadas, coas soias esceicións da rusa e da xaponesa. En particular a abondosa parte (case a mitade do libro) adicada á literatura en inglés e francés é do millor que se pode atopar hoxe en calquera língua culta e podería mesmo servir pra un curso de introdución a esas literaturas. Digo isto porque houbo tempos en que os estudantes da seición de inglés das Facultades de Filosofía botaron de menos un texto introdutorio en castelán. E penso que contar cun libro así en galego préstalle un prestixio indubidábel á nosa língua e ao seu espallamento editorial (eu sei positivamente de casos nos que ensaios de "Grial" en galego serviron pra galegos e non galegos faceren traballos universitarios).

Como fixera, por exemplo, a meiados do século en *Cos ollos do noso esprito* e *Galicia no espello,* o ávido e incansábel leitor que é Fernández del Riego vai caletrando na persoalidade de cada escritor representativo e tíralle

[1] Editorial Galaxia, Vigo, 1974.

o sentido á súa obra con penetrantes caraiterizacións, sempre coa verba xusta e sen aforrar o xuicio mordaz e ferreño cando compre. "O que importa é a obra e sóio a obra. O intento de esplicación da obra literaria por criterios de gosto coleitivo esixe recurrir a obras menores ou de segundo orde", dínos atinadamente dende o limiar, deixando esposto o seu criterio endiante da moda da literatura de compromiso, así coma das téinicas anovadoras da forma pero non do fondo. "A meirande parte deses socialistas preocúpanse tanto pola mensaxe que esquecen o arte de novelar, i en consecuencia as súas obras perderon todo atraitivo pra o leitor e crítico", escribe máis adiante analizando a novela de protesta, que nacéu nos Estados Unidos e veu desembocar na "novela-verdade" que en Truman Capote, por exemplo, dexenera en reportaxe xornalístico (tal é a manía polo dato e a documentación), chegando por ahí a un calexón sen saída na novela norteamericana.

Hemingway, Dos Passos, Faulkner, Steinbeck pasan por diante nosa coa súa biografía literaria e persoal, deixando un recendo anovador e distintivamente americán na novela. Como son distintivamente ingleses Greene e Durrell, inda que tan dispares. E moitos máis escritores en inglés, que non hai espacio pra comentar eiquí. Abonde decir que a literatura en inglés, se cadra máis que outras, dá a sensación da vida mesma, coa súa abundancia, contradicións, o sentir e a vitalidade, xa que logo; de evolución máis que de revolución.

Vímos logo tér á literatura francesa da posguerra, con Céline, do que nos dí Del Riego que "máis que narrar o que fai é esclamar", dándonos así o tón desesperado destes escritores esistencialistas, típicamente franceses. Camus xurde deseguida, co seu problema filosófico único: suicidarse ou non suicidarse. Sobre *O mito de Sísito* dísenos que "o seu arrufado conceito da vida achégase ao conceito cristián da aceitación da dór sin esperanza de recompensa humá". De Sartre dános o xuicio certeiro: "a súa obra está viciada polo apriorístico".

Despóis da desfeita da literatura esistencialista asistimos ao nacemento da "nova novela" e do estruturalismo. "A literatura anda a se finar e o novo ídolo chámase escritura". A mente retírase do esistencial e dexérgao a distancia: os tropismos de Nathalie Sarraute, os ouxetos duros e fríos de Robbe-Grillet, a transtemporalidade de Michel Butor. ¿Qué tén pasado pra que se deshumanice a literatura francesa? Se cadra esa frialdade do pensamento xa estaba ahí dende sempre, na língua de Descartes.

En Italia Moravia e Pavese madurecen no neorrealismo i en Alemania xurde o "Grupo 47" (Heinrich Böll, Günther Grass, por exemplo), que reata a literatura alemana dende o "punto cero" que foi o fin da Segunda Guerra Mundial. Estes dous países, que sofreron o feixismo na carne propia, precisan da sicoterapia que lles arranxe estas neuroses, e unha chave sobre a orixe das neuroses xa nola dera o alemán Robert Musil nunha das súas novelas: "só a alternativa de participar nestes tempos infames... ou trocárense en neuróticos. Ulrich, o protagonista, escolle o segundo camiño". É a teoría clásica da formación da neurose como resposta a un desaxuste familiar ou social.

Nunha reviravolta da rosa dos ventos pasamos á literatura hispanoamericana, onde xurde a pléiade de Miguel Angel Asturias, Borges, Vargas Llosa, Carpentier, García Márquez, Cortázar: sobre éste dínos Del Riego que "o intento máis cobizoso do escritor ven ser como unha serie de formulacións posibles do 'libro imposible' que suplantaría radicalmente á vida", dándonos así unha nova conceición da novela, que poderíamos chamar típicamente suramericana, xa que o portugués americán dá o talento fortemente anovador de Guimarães Rosa, que "pode calificar cunha frase onde xa nin adxetivo nin sustantivo teñen función específica".

Tornando á Europa, o autor pasa unha ollada penetrante polo teatro nas diversas *línguas*: "*a palabra,* a linguaxe case deixaron de contar. O teatro, como quererría Artaud, convírtese nunha liturxia xestual baseada no escándalo e a provocación", non só nos "xovens irados" (os cabreados Osborne, Pinter, Wesker ingleses) ou os neosurrealistas barrocos (os alemáns Weiss e Hochhuth), senón,

e sobre todo, no teatro do absurdo, feito en francés e, apropiadamente, por eisilados (o irlandés Beckett, o rumano Ionesco e o caucasiano Adamov, principalmente). Inda queda o "living theatre", o "off-off-Broadway", que viven do herdo de Piscator e Brecht. Os nomes multiplícanse e o leitor abráiase da vastedá do panorama abranguido polo inesgotábel Del Riego que non perde ao longo de todo o libro a súa incisiva capacidá de solpresa.

CARLOS DURÁN

LA ECONOMÍA GALLEGA EN LOS ESCRITOS DE PEDRO SÁNCHEZ [1]

É este o segundo volume da coleición "Os precursores" na que a Editorial Galaxia reedita aportacións fundamentáis no noso pasado cultural ao análise da realidade social galega, á denuncia dos seus problemas e máis á defensa dos seus intereses económicos, políticos e culturáis. No volume anterior e primeiro reeditárase a *Descripción económica del Reino de Galicia*, de Lucas Labrada. Agora, cos *Escritos* de Pedro Antonio Sánchez continúase na volta á lus da obra dos ilustrados galegos do XVIII, e corrobórase a vixencia aitual do interés que suscitan os prantexamentos que daquela fixeran e o valor que teñen os seus testemuños pra o coñecemento da sociedade galega daquela época crucial.

Pedro Antonio Sánchez, que nacera en Curtis no 1749, foi cadeirádego de Retórica na Universidade compostelá, xuez eclesiástico da diócese nomeado polo arcebispo Bocanegra, e coengo dende 1788. En 1784 fundóu, co que logo sería bispo de Lugo, D. Antonio Páramo y Somoza, a Sociedad Económica de Santiago.

Dos seus escritos, recóllense neste volume os cinco que se refiren a problemas económicos ou sociáis da Galicia de entón: un encol das fábricas de curtidos, outro sobor da mendicidade, un terceiro relativo á economía gandeira, o carto "sobre los abastos y policía de la ciudad de Santiago", e máis, en quinto lugar, a "representación" a Carlos III encol da navegación do Miño.

En todos eles reloce a aguda intelixencia deste coengo progresista, que non dubidaba en espoñer por escrito as súas preferencias por unha forma republicán de Estado frente á forma monárquica, por considerar á primeira socialmente máis avanzada, e que non tiña reparos tampouco en someter a crítica os tradicionáis, e convencionáis, principios de conduta da Eirexa tocantes ao problema da mendicidade —unha das formas de gasto improdutivo que, combinadamente, esterilizaban o escedente económico, reproducían a mendicidade en vez de remediala e contribuían ao mantenemento da estrutura social e máis dos presupostos ideolóxicos do antigo réxime. Solprendente e abraiante coengo da S.M.I. Catedral de Santiago á altura do lusco fusco do XVIII galego —máis solprendente aínda se o poñemos en comparanza coa mentalidade preponderante na curia desa mesma S.M.I. douscentos anos dempóis. O Pedro Antonio Sánchez era sin dúbida un coengo ilustrado e, a xulgar por todos os puntos de referencia dispoñíbeles dende a perspectiva dos nosos tempos, moito máis o segundo que o primeiro. O leitor non perderá de ningún xeito o tempo se lé o conxunto de traballos recollido neste volume. Mais se cadra non estará de máis ofrecerlle eiquí algúns retrincos desa lúcida obra.

"Nun Estado republicán, onde polo común o pobo é menos probe, será menor o número dos que abracen a mendicidade; mais nun Estado monárquico, no que a meirante desigualdade dos bens é causa de que o ínfimo pobo sexa máis probe e conseguintemente de pior condición, serán xa que logo máis os que antepoñan a condición de mendiños á do exercicio do traballo". "Calquera magoaráse menos de que se lle bote en cara que o seu pai foi lacazán, luxurioso, mentirán, adúltero, en fin, luxado polos delitos máis vergoñentos e máis perxu-

[1] Editorial Galaxia, Col. Os Precursores, Vigo, 1973.

diciáis á sociedade, que de que se diga que exerceu o oficio de coireiro". "Todo o mal nace, pois, da persuasión vulgar estabelecida sobor dos estatutos gremiáis e das diferentes constitucións de comunidades, que refugan a eses homes, coma xente vil e capaz de inficcionalos". "Non me parece terme apoiado sobor de raciocinios abstraitos ou sobor de noticias vagas, senón sobor dunha esperencia moi prolongada e sobor de cálculos abondo dilixentes. Con todo non podo gabarme de ter levado (os meus proieitos) á práitica: ...topei contra deles un atranco invencíbel nos esforzos dos poderosos, que se interesan en que se non efeitúen". "As ordes relixiosas, aquelas que foron fundadas pra exemplo de humildade e pra ensinárennos a desbotar mesmamente os honores que as infamias do mundo, creríanse avergoñadas se ademitisen no seu número a un desta familia (os coireiros). Os prelados eclesiásticos crerían ter deshonrado ao clero ademitindo a ún destes aos sagrados ordes". As vinculacións: "encadean a industria, atrancan o comercio; ...manteñen (as terras) en mans dos ociosos, van desposuíndo lentamente da propiedade aos colonos, ou cando menos asobállanos cun xugo que endexamáis poden sacudir; e o que é máis aínda, producen sin cesar a peste do Estado e a corrución de costumes... Fundadores de maorádegos: reparade no infeliz estado ao que polas fundacións perpétuas chegóu España: estando xa cáseque todas as terras estancadas, non resta nin ao labrego a espranza de redimir as cárregas nin ao home industrioso terra algunha en que empregar os frutos da sua industria".

Dos traballos do Sánchez agora reeditados coidamos que os máis importantes e de meirande interés aitual son, sin dubida, os tres que se refiren de maneira imediata a custións de economía: os curtidos, o gando, e a navegación do Miño —que contén de feito un estudo encol dos problemas de comercialización dos viños do Ribeiro. Son tres temas capitáis da economía galega da época. Nos tres adouta Sánchez unha postura totalmente coherente coa ideoloxía da ilustración máis progresista e revela, de esguello, o seu pouso cultural de home que está ao día das aportacións centíficas fisiocráticas e smithiáns. Se engadimos unha evidente capacidade analítica do Sánchez pra atopar as formulacións dos problemas que con máis acuidade penetran no sustrato deles, teremos coma resultados uns textos de enorme interés non soio pra os estudosos da nosa historia económica senón tamén pra quenes sintan curiosidade polos antecedentes de tántos dos nosos problemas contemporáns.

A edición vai precedida, a maneira de limiar, dun traballo de Xosé M. Beiras, cadeirádego de Estrutura Económica da Universidade compostelá, tiduado "Notas previas para una Economía Política de la 'Ilustración Gallega'", que permite situar axeitadamente a obra do Sánchez no contexto que lle confire o seu máis pleno siñificado.

A. G.

EL PROBLEMA NACIONAL DE GALICIA, por Carlos A. Zubillaga Barrera[1]

O número de traballos sobre o movimento nacionalista galego publicados despóis da guerra até os nosos días é ben cativo por certo. Por outra banda, na maior parte dos casos trátase de artigos parciáis de carácter descriptivo, máis que interpretativos ou explicativos, das súas orixens e posteriores desenvolvimentos.

No caso de Galicia, por riba das posicións que se asuman de frente ao seu movimento reivindicativo, non atopamos nada semellante ás esculcas que se veñen facendo para o caso catalán, nen aínda na liña en que foron feitas por García Venero as historias dos nacionalismos basco e máis catalán, hai xa trinta anos. A única "Historia do galeguismo" da que temos noticia non

1 Edicións do Patronato da Cultura Galega, Montevidéu, 1974.

pasóu de anuncio ao sair *Vicente Risco na cultura galega* de Ramón Lugrís, quen andaba a traballar nela por eses anos. Neste panorama o estudo de Carlos Zubillaga ven encher un valeiro considerábel, apesares das limitacións que poda ter. Limitacións das que ten consciencia o autor, e que deben de atribuirse ás condicións de traballo, lonxe das fontes documentáis e con incomenentes para acadar a bibliografía necesaria, esparexida en bibliotecas particulares e nas sociedades galegas de ambas as beiras do Prata ou ausente nos alzadoiros das librerías.

En *El problema nacional de Galicia* analízase fundamentalmente a xénese do estatuto autonómico do 36 e a estruturación xurídico-política que el estabelecía dacordo cos diversos artigos da Constitución republicana que determinaban os límites das autonomías rexionáis.

Encétase a devandita análise na época da invasión francesa seguindo a evolución ideolóxica do movimento galeguista dacordo co esquema: provincialismo, federalismo-rexionalismo, agrarismo, nacionalismo.

Nas futuras pesquisas sobre este tema sería comenente procurar recuar máis no tempo —cousa parcialmente feita— pra recoller as reivindicacións do setecentos, indicadores do grau de desenrolo da moderna consciencia da particularidade do país, conformando deste xeito unha sorte de prehistoria do movimento que colle pulos crescentes desde meados do século pasado. En todos os casos coidamos necesario, pesie ás carencias monográficas que aínda padecemos, vencellar eses desenrolos ideolóxicos ás estruturacións clasistas que asume o galeguismo e tamén á situación económico-social de Galicia.

Os límites temporáis do estudo fíxanse, entón, entre 1808 e 1936, namentras que o recoñecemento do feito diferencial galego constitúe o alicerce ideolóxico da análise que se fai, sen que esto signifique unha perda no rigor metodolóxico e técnico e muito menos o escurecimento dos erros políticos nos que puido cair o galeguismo ou figuras de destaque dentro del.

Canto á bibliografía usada bótase de menos a consulta de algunhas boas contribucións realizadas nos derradeiros anos desde a Socioloxía á Historia Social —referidas a España, en xeral, e a Cataluña, en particular— e que poderían ter contribuido ao esclarecimento de algúns feitos galegos ou á formulación de novas hipóteses.

O primeiro capítulo "Las vertientes del galleguismo" segue a evolución que sofre a reivindicación galega —ou pra decilo na linguaxe décimonónica a rexeneración de Galicia— como introdución aos acontecimentos políticos que se desenrolan nos finái s da Monarquía e durante todo o período republicano. Lapso que constitúe o miolo do estudo, no que se atopan os maiores aportes de sistematización e interpretación, e que deica hoxe contaba como única bibliografía de bulto o *Sempre en Galiza* de Castelao e a *Hestoria sintética do autonomismo galego* do mesmo autor, que sen sinatura serve de introdución á edición comentada do Estatuto que en 1948 saíu do prelo en Buenos Aires.

No segundo capítulo Zubillaga analiza a formulación política do galeguismo a partir das primeiras xuntanzas republicanas, a constitución da ORGA, pra seguir coa formación da Federación Republicana Galega, o Partido Galeguista, a súa fractura e o seu posterior ingreso no Frente Popular. Nas vésperas da proclamación da 2.ª República celébranse en Galicia dous pactos: o de Lestrove (16/3/30) e máis o de Barrantes (25/9/30); ambos os dous representan dúas posicións diverxentes respeito da inserción política do autonomismo galego e son antecedentes das indefinicións e postergacións que sofrirán despois as arelas galegas.

Encol do Pacto de Barrantes —no que participóu Castelao— Zubillaga recolle os conceitos de Alberto Vilanova e vai alén deles ao considerar que foi "un paso atrás na afirmación republicana como condicionante dunha efectiva autonomía integral pra Galicia". Afirmación que non parecería errada vistas as ulteriores posturas de absoluta adesión republicana de muitos dos asistentes a Barrantes. Sen dúbida habería que aprofundar o esclarecimento deste episodio —e dalgúns outros— nos que acarón de prantexamentos políticos encontrados parecería que tiveron un papel nada pequeno diverxencias personáis. Pásase logo a reseñar a longa tramitación para chegar á votación do 28 de xuño de

1936, partindo da Constitución do 31. Coidamos que a parte máis feble da obra é a que neste terceiro capítulo adícase aos diversos movimentos nacionalistas e rexionalistas que conquistaron un estatuto autonómico ou estaban nos inicios para cumprimentar as esixencias legáis. O soporte bibliográfico é fraco demáis por non se botar man dos traballos bascos e cataláns, nen tampouco da única obriña —*Los separatismos*, de Santiago Montero Díaz editada por "Cuadernos de Cultura" en 1931— na que se dá unha visión de conxunto —aínda que non mui artellada— dos principáis nacionalismos e rexionalismos españóis.

Verbo dos conceitos de Valle-Inclán como indicadores do estado da opinión pública española, non-periférica, encol da custión das nacionalidades e as autonomías, pensamos que a súa escolla foi desacertada, pois hai testemuños seus de apoio a esa solución e outros máis en contra.

No derradeiro capítulo examínanse e coméntanse os artigos do Estatuto dacordo coas edicións pontevedresa (1933) e bonaerense (1948) denantes mencionada.

A obra que comentamos remata cun longo e valioso apéndice no que se recollen o anteproieto de Estatuto elaborado polo Seminario de Estudos Galegos e o texto do que foi plebiscitado. Inxírense tamén o Manifesto da Asamblea Nacionalista de Lugo (santos, 1918), o programa do Partido Galeguista (Nadal, 1931) e dous discursos de Castelao máis un de Nóvoa Santos, todos eles ditos nas sesións das Cortes Consituintes.

Unha serie de documentos gráficos de xuntanzas co gallo da xestión estatutaria, portadas dos estatutos e afiches usados na campaña autonomista enriquecen este novo fruito do labor de Carlos Zubillaga que chega ás nosas mans gracias ao inquedo Patronato da Cultura Galega de Montevidéu.

RICARDO PALMÁS

O BOSQUE DE OURIOL, por Arcadio López-Casanova [1]

No mes de abril do 1973 a Editorial Galaxia engadía ás súas publicacións infantiles un novo libro de contos premiados no "V Concurso de Contos pra Nenos", que organiza e convoca a Agrupación Cultural "O Facho", dentro desa loubable tarefa en col da formación, xa dende os primeiros anos, da nosa mocedade.

A distancia cronolóxica que media dende a publicación deste libro de Arcadio López-Casanova e máis a saída desta glosa cecáis non veña ren máis que a representar ese chisco de temporalidade que tantas veces, por non decir que todas, élle necesario ás obras de creación literaria pra iniciar a súa permanencia. Neste senso coidamos non arriscarnos ao afirmar que *O Bosque de Ouriol* poderá ser lído e comprendido anque pasen moitas xeneracións e sempre que o devalar histórico, cando menos, non persista na súa sistemática actuación destructora sobor da nosa ancestral Cultura.

Esta narración de López-Casanova é sinxela e fermosa tal e como nola conta. Axiña bótase de ver que está escrita por un bon conocedor da linguaxe poética e das formas máis esenciáis da espresividade. Tendo en conta ao tipo de lector a quen vai dirixida, o autor desplega un mundo de pequenas cousas solprendentes, miúdas e simples, reales, e váinas nomeando, describíndoas apenas, pro abranguéndoas case totalmente nese mundo primixenio que agarda ser descoberto alá polo segredo adiante das aldeas ultramontanas.

Nunha liña argumental esquemática e con certos antecedentes xa no cósmos literarios, a estructura do noso conto básase na presencia súpeta dunha criatura referida misteriosamente ás fonduras mariñas que se aparez no status narra-

[1] Editorial Galaxia, Vigo, 1973.

tionis nunha circunstancia de terra adentro e vai tecendo unha historia ao longo do seu retorno —en certo xeito máxico— a os seus orixens.

O mundo da realidade está tinxido polo acento dunha feble lumiosidade de pantasía máis pola maneira en que está descrito que pola integración no fío do conto de elementos irreáis. A historia que nos entrega López-Casanova pode ser propiamente un anaco escollido dunha realidade sublimada polo seu autor. De calquer xeito *O Bosque de Ouriol* está ehí pra que se poida contar tantas veces que incruso se chegue a borrar a memoria de quen o escribíu como, dende o comenzo do mundo, tiveron por servidume aqueles contos que xa escoitamos cando nenos na voz rouca dos nosos abós.

Arcadio López-Casanova, máis prósimo —supoñemos— espritoalmente á súa terra e ao que tén de compromiso que xeográficamente dende o instituto de Valencia no que imparte o seu saber literario, se nos amostra no *Bosque de Ouriol* a lembrar —estamos certos— a súa nenez no Páramo, a enumerar nunha radical nostalxia ese mundo que sínte lonxe e que fai inmediato salvando tantas estepas e tantas follas de almanaque caídas inútilmente, pois a terra sempre chama a quen leva e sínte á terra.

Hai unha moi especial detención en cada palabra de cada cousa, en cada nome en definitiva, na medida na que o propio autor camiña pola narración adiante "ao longo, cara ao fondo do horizonte" e recorda "era chao de gándaras, e campás, e chaira, e riscos, e cumios" "e ceo de nubens grisallas, grosas, coma cabalos grañós que agalloparan en greas polo teito azúl, polas estrelas...". ¿Qué é senón esto e sóio esto ao Páramo? Eu fún viaxeiro tamén naquela parameira, naquela chaira aberta e sin fronteiras onde a perdiz vai aínda ceibe e machadiana facéndolle o camiño aos perdigóns. ¿Ónde, senón, esa feira case esquencida, ese escaparate de roloxos, esas cousas de pequenos nomes que talmente semellan irse cando se lles dá o nome...?

Esta enumeración saudosa acada na narración unha notable riqueza espresiva e formativa pra os lectores infantiles que atopan un espléndido vocabulario animado no *Bosque de Ouriol* e, ao mesmo tempo, unha historia máis dina de ser contada.

S. G. B.

SILVIO PELLEGRINI

GRIAL non pode menos de rexistrar con sentimento a morte de Silvio Pellegrini, ilustre romanista italián, mestre dun fato de brillantes investigadores que, como el mesmo, teñen realizado aportacións de singular valor ao estudo da literatura galega antiga.

Pellegrini, como varios dos seus discípulos, representa unha actitude de agudo criticismo cara o postulado —típico da escola hispánica, anque orixinariamente formulado por estudosos italiáns, como Monaci— segundo o cal unha poesía indíxena pretrovadoresca —anterior, por tanto, á introducción en España dos tópicos occitánicos— tíña funcionado como base principal das cantigas de amigo, os refráns das cales, como as gharchas das muwuasahas árabes e hebreas compostas na España musulmana, serían reliquias, miragrosamente conservadas, dunha lírica románica herdeira dunha poesía latina vulgar.

Non podemos, nesta breve nota, matizar a doutrina de Pellegrini, esposta con grande precisión, e rigor se cadra escesivo, no seu memorábel estudo *Intorno alle "Cantigas d'amigo"*, que complementado coa *Postilla* engadida logo da descoberta das cobras mozárabes, constitúe un documento moi ilustrativo, ergueito —e replicado oportunamente— perante as hipóteses tradicionalistas de Menéndez Pidal. O positivismo de Pellegrini —se queremos, abogado do Diabo— foi sumamente saudábel, en canto unha crítica aguda, baseada firmemente nos dados da esperiencia, non pode menos de depurar as teorías e pór a proba as razóns que se aducen por inferencia, e non por consecuencia inmediata de feitos materialmente rexistrados.

Pode ser que, se poñemos antre parénteses certos resaibos románticos persistentes nalgún padín da escola hispánica e certa teimosía hipercrítica de non poucos investigadores da escola itálica, non achemos unha contradicción fundamental antre ambas posturas, senón máis ben as resultantes de dous métodos de traballo distintos: un de base empírico-radical e outro de base empírica simplemente.

Os *Studi su trove e trovatori della prima lirica ispano-portoghese*, de Pellegrini, iluminan moitos aspectos da nosa poesía medieval.

No número 27 desta revista adicamos algunhas páxinas ao comento do seu Cancioneiro de Don Lopo Lías, trovador tamén editado por Rodrigues Lapa. Don Lopo Lías, que, segundo Joan Romeu, visitaba Lugo, se non habitaba normalmente na cidade, é agora, por iniciativa nosa, titular dunha rúa na capital miñota. Nun rótulo provisional lemos *Lopo Lías*, sin *Don*. É moi democrático; pero moi anacrónico. Na edade media, o cabaleiro era cabaleiro, e ninguén houbera dito, nin escrito, se houbera lugar, o mestre zapateiro *don Xosé San Luis* ou o ministro *Nicomedes Díaz*, como agora lemos a cotío. O Concello de Lugo, que rectificóu axeitadamente os nomes de algunhas rúas, dará proba de cultura e bó gosto mantendo o *Don* de Don Lopo.

Mais abandonemos o camiño das digresións, que nos suxeríu a edición de Lías —para el *Lians*— por Pellegrini, e rematemos rendindo o noso tributo de admiración a quen con tanta asiduidade e pulo, con tanta erudición e intelixencia, aportóu a súa contribución á filoloxía galega.

C.

ARREDOR DA XENEALOXÍA DO MESTRE MATEO

O Prof. Filgueira Valverde que tén adicado asisados estudos ao autor do Pórtico da Groria compostelán, fixo recentemente as seguintes manifestacións conxeturáis:

Mateo puido ter sido fillo de un dos máis sonados arquiteitos do románico no Noroés hispánico: Petrus "Deustambén", que, á súa vez, pode sélo de Esteban, mestre das Praterías e da Catedral de Pamplona, si é o mesmo "Petrus Stephani", "regem operam Dominis Sanctis", que traballa en Sahagún no 1157. Petrus "Deustambén" podería ser identificable cun Petrus Petri (Pedro de Pedre), natural de Castro, que fixo a Ponte de Salime, si val a transcrición dunha lápida que anotóu Jovellanos e copióu Vigil. Pero quezáis Petrus Petri seña irmán de Mateo.

"Deustambén" acadóu sona tanto pola súa virtude como polas súas obras. Foi estimadísimo por Alfonso VII. Refixo a Ponte Miña, en Portomarín, según testemuño do "Calixtino", traballóu en Santa María de Tera e reedificóu San Isidoro de León, onde está enterrado.

Así, Mateo podería resultar fillo e neto de construtores de pontes e non estraña que a súa primeira obra conocida seña a da ponte de Cesures, nin que teña aplicado en cripta e pórtico técnicas de "Ponteador".

Inda que coido que o vello Petrus tivo morada en Lugo, Mateo podería ter nado en calisquera dos lugares nos que traballase o seu pai; non vexo admisible a hipótese de que fose un estranxeiro.

No 1155 un Mestre Mateo aparez poseendo terreos en Lugo ("terminus de Magistro Matheo"); quezáis fose este dato o que inclinóu a Murguía a supoñelo fillo de Mestre Raimundo. No 1161 atopámolo na obra de Ponte Cesures. No 1168 concédelle Fernando II como Mestre da Obra de Santiago, unha pingüe pensión. Do 1188 é a importantísima inscrición dos sobrelumes do Pórtico da Groria, en que aparez dirixindo e edificación dende os seus cimentos, "a fundamentis". O epígrafe é, según Bertaux, o testemuño máis auténtico e máis solene que a historia posee encol dunha obra escultórica do século XII. No 1189 menciónase nun documento santiagués de venda. Figura suscribindo, como testigo, outros istrumentos compostelans de 1192, 1200 e 1217. A súa memoria perdura e aínda no 1352 lembraranse as "casas que foron de Mestre Mateu".

A documentación luguesa ofrécenos a un Mateus Petri (1184, 1191) e os seus posibles fillos: Mateus Mathei (1184, 1235?), Johannes Mathei (1202, 1207) e unha María Mathei, serodia (1267). Tres anos despóis vivían en Santiago, María, Stephano i Elvira Mathei.

De Petru Deustambén ou Stephani poderíamos conocer seis fillos: Froila, mencionado no 1155, Mestre Mateo, Michael (1184), Petrus, que podería ser o Petrus Petri, Vilielmus (os dous o mesmo ano). Aparte os serodios Matei compostelans podemos identificar catro fillos de Mestre Mateo: Mateus Mathei (1184), Didacus, casado con Dulcia (1189), Petrus (1200) e Johannis (Lugo, 1202-1207).

É moi curioso que os nomes respondan á mentalidade neotestamentaria no Pórtico i evoquen a escena da Trasfiguración, preferida pola iconografía xacobea. Si nos desen a imaxinar os que tivera podido poñer Mateo aos seus fillos non percuraríamos outros, escluídos os persoaxes do Antigo Testamento, que el non preferiría a éstes.

De Johannes Mathei poden ser identificados conxeturalmente seis fillos, catro netos e dous bisnetos. Tamén temos identificado tres posibles fillos de Froila Petri, un de Guillermo, dous de Petrus Petri e cinco netos, fillos dun novo Petrus Petri.

De toda a pescuda e da xenealoxía hipotética resulta o conocimento de trinta e catro posibles familiares de Mestre Mateo. Pode aventurárese unha conclusión: o xenio meirande da escultura románica era un home non advenidizo sinón radicado aquí. O seu arte incomparable tamén o decrara.

XORNADAS GALEGAS EN BUENOS AIRES

Como en anos anteriores, o Centro Gallego de Buenos Aires celebróu con diversos actos a conmemoración do "Día de Galicia". Figuróu como convidado de honra o catedrático de Língua e Literatura galega na Universidade compostelá, profesor Ricardo Carballo Calero, quen pronuncióu catro lecciónes:

No Instituto Popular de Conferencias do xornal "La Prensa", sobre *Pasado, presente y futuro del idioma gallego;* no salón Castelao, co tíduo de *Desenrolo da cultura galega no século XX;* na SADE, do Uruguay, encol do tema *Gallego y castellano en la expresión lírica española;* e no Centro Lucense de Buenos Aires, sobre *Quince anos en Lugo.*

No programa de actos, destacaron tamén os seguintes: Misa patronal en língua galega, oficiada polo P. Villamarín Saavedra; banquete homenaxe ao periodismo bonaerense, ofrecido polo Dr. Corbacho Monteagudo; unha exposición de artistas galegos e de estirpe galega no Museu Eduardo Sívori; e homenaxes a Castelao e Rosalía, con intervención do presidente do Centro Gallego, o convidado de honra e o Dr. Álvarez Alcaro.

Tamén se celebróu un homenaxe ao Inmigrante, unha gran velada no Teatro Colón, o estreno da obra inédita "Sinfonía en las montañas de Galicia", do maestro Andrés Gaos, un festival folklórico galego e unha función infantil.

Ás xornadas conmemorativas sumáronse a Radio Nacional, a Radiodifusión Arxentina ao Exterior, e a Radio Ciudad de Buenos Aires, con audicións especiáis galegas.

A TENDENCIA DO TEATRO CONTEMPORANEO

En Galicia empeza a se sentir a necesidade de crear un teatro novo que, con senso universal, esteña arraizado nas nosas propias esencias. Algo se anda a intentar neste senso, e por eso compre sinalar certos feitos do que, no orde escénico, se está manifestando arestóra fora de nós.

Si quixéramos resumir nunha fórmula a tendencia predominante no teatro contemporáneo, poderíamos decir que estamos asistindo ao esforzo de volver da acción contemplada á acción efeituada. Ou sexa, que se nos propón arrastar ao espeitador ao circo máxico da emoción berrada, danzada, acompañada de movimentos.

Esto é certo verbo do chamado teatro político, de protesta ou de denuncia. Pénsase, en xeneral, que as tales son vías pra que o teatro retorne ás súas oríxes. En realidade, trátase dunha verdadeira disolución. O ouxetivo que se propón a nova xente de teatro, de inxerir ao espeitador na acción escénica, falla sin ningunha dúbida. No teatro non se pode refugar a ficción. Antre a eshibición dun acto e un acto verdadeiro hai un abismo imposible de salvar.

O teatro, según o concebiron dramaturgos coma Shaw, Pirandello, Ionesco, Beckett, Gênet, ou mestres como Stanislavski e Dullin, está a sofrir unha trasformación que asume polo de agora efeitos destruidores. A destrución semella causada principalmente polo encontro de dous faitores: dunha banda, o progresivo predominio da posta en escena sobre doutros elementos do espeitáculo teatral. E da outra, a necesidade de atopar o fundamento primeiro do teatro: o deus, unha sociedade unida por creencias e aspiracións comúns.

Ao fin e ao cabo, no teatro se non trata de escandalizar á policía ou aos burgueses, sinón de comunicar sinificados espirituáis a traveso de accións simbólicas craras e ben compostas. A esto renúnciase cando se convirte ao escenario nun lugar de actos e de xestos escitantes máis ben que espresivos.

O dito non quita que o trastorno social que se alcontra tras das diversas tentativas actuáis do teatro político —ou como se adoita decir, desacralizador— teña chegado a nos persuadir, en sustancia, de que o teatro, tal como o herdamos do século pasado e de máis lonxe aínda, decaira espritual i estéticamente. Non se trata xa de "modernizalo", sinón de reconstruílo dende os cimentos.

Compre voltar á creación dun teatro que no noso tempo, chegue a ter na sociedade a parte importante que tivo, non digamos na Atenas do século V, sinón na Europa dende a segunda mitade do século dezanove deica onte, con Ibsen, Strindberg, Shaw, Chejov e Pirandello.

Un verdadeiro anovamento do teatro provirá de quen seipa precurar a novedade. Pero non a traveso da rompedura coa tradición, sinón máis ben a traveso do esforzo de atopar o vencello coa esencia antiga e primeira do teatro.

S. L.

NOTAS

ACABA de se crear no Castro-Sada a Fundación do Museu de Arte Galego "Carlos Maside". O seu principal ouxeto é o de soster este establecimento, que viña xa funcionando naquela localidade. Nel recóllese toda a obra plástica, gráfica e bibliográfica e toda a documentación referente ao movimento anovador do Arte galego a partir de Castelao deica os nosos días, custodiándoo, estudándoo e divulgándoo. A Fundación contará con edificio propio, obra do arquitecto Albalat, con estrutura modular hexagonal, que representará en sí mesma unha lección de imaxinación nas formas construtivas de hoxe. Ademáis das diversas salas de exposición da obra típica do Museu, o edificio contará con sala de exposición periódica, auditorio, biblioteca, restaurante, venda de libros, etc.

A DERRADEIRA obra de Italo Calvino tidúase *As cidades invisibles*. As cidades que aquí se nos contan teñen nomes de mulleres sonoros e máxicos, i encerran mil maravillas. Marco Polo nárralle a Kubial Jan, emperador da China, a faciana oculta o doble invisible de cada vila, modelado en función das súas relacións co orde celeste, co pasado e o porvir. Trátase dunha pequena obra maestra, pola súa poesía, a súa imaxinación e a súa reflexión encol do home de hoxe. Xogo de lembranzas, de sombras, de verdades. Cada quen atopará neste libro o que busque.

NO "Teatro Stabile di Roma" presentóuse por primeira vez en Italia *Divinas palabras*, de Valle-Inclán. A crítica estendeuse no análise da obra, a traveso do seu esprito telúrico, máxico, abigarrado e místico. O certo é que *Divinas palabras* causóu unha grande sorpresa e admiración, polo seu contido i, en especial, polo seu expresionismo dramático, moi alonxado do que xeneralmente o teatro ofrece.

EN "The Graduate Center" da "City University of New York" tivo lugar un emotivo acto, no que profesores e alunos do Programa de Doutorado en Español daquela Universidade tributaron un homenaxe de despedida ao noso colaborador, Prof. Emilio González López. Cumpridos os setenta anos, o ilustre galego poñía fin, por xubilación, a unha longa vida académica, emprincipiada moitos anos atrás en Universidades de España.

O ESCRITOR i etnólogo Rolf Italiaander incentiva "pintores leigos" e "pintores inxenuos" de todo o mundo, colecionando os seus traballos dende hai corenta anos. Fundóu e dirixe o "Museu Rade" perto de Hamburgo. Alí presenta, actualmente, polo periodo de un ano, a exposición "Pracer na Alegría", a súa coleción de arte alegre. Deste tema ocúpase tamén o seu derradeiro libro, editado co mesmo tiduo. Os 54 autorretratos de "pintores leigos" e "pintores inxenuos", xurdidos baixo a orientación de Rolf Italiaander constitúen, no ambente da exposición, —según os críticos e historiadores do arte— unha pequena sensación artística.

CO tiduo de *La antigua Galicia* publicóuse un libro de Magdalena Stork, no que figuran seis cadros históricos: "Galicia celta", "Un periplo griego", "Los romanos en Galicia", "Galicia Romana I", "Galicia Romana II" e "Santa Marina". O volume vai precedido dunha consideración a xeito de carta, que é unha xustificación do traballo, pro tamén unha ardente decraración de amor a Galicia por unha estranxeira que conoce, vive e gosta do país e da xente. Trátase dun libro no que se contan, con bó feitío e vivacidade esenciáis, aconteceres do noso vivir antergo.

NO Museu de Belas Artes de Béziers celebróuse unha exposición da literatura en lingua d'Oc, baixo o rubro "Mil anos de literatura occitana". Presentáronse nela vintecinco manuscritos e trescentos volumes impresos, pezas rarísimas, ciumosamente gardadas polos museus, arquivos e bibliotecas. Coma o "Petit Thalamus de Montpellier", da segunda mitade do século XIII. Antre as grandes "pezas", un fragmento dun poema sobre Boecio: ao remate dun

manuscrito latino, o autor, no ano mil, escribíu en 258 versos unha biografía do filósofo. Trátase do máis antigo monumento conocido en lingua d'Oc. A escolma trovadoresca meieval iniciaba unha sala que ía rematar nos escritores occitanos de hoxe.

O ESCRITOR e poeta Enrique Badosa publicóu na revista "Jano", de Barcelona, un artigo tiduado "Literatura gallega". Refírese nel á importancia da Editorial Galaxia. E dun xeito especial ás traducións ao galego de obras estranxeiras, coma *O principiño*, de Saint-Exupéry, o *Macbeth* de Shakespeare, *Morte na catedral*, de Eliot, etc. "Traducir —dí Badosa— é un grande exercicio literario pra o mesmo autor de creación. Trátase dun medio óptimo pra levar a cabo o aprendizaxe, un aprendizaxe moi profundo da lingua literaria propia. Non hai cousa millor que poñerse a traducir pra saber si ún conoce ou non a lingua na que pretende escribir".

E. M. CIORAN nacéu en Rumanía no 1911. O seu primeiro libro, *Sur les cimes du désespoir*, outivo o Premio dos Xóvenes Escritores Rumanos. No 1949 istalóuse definitivamente en París e dende aquela escribe direitamente en francés. O seu libro máis recente é *De l'inconvénient d'être né*. Dí Cioran que é nos intres de insostible plenitude cando comprendemos a catástrofe do nacimento. Os nosos pensamentos vólvense entón cara ese mundo no que nada consinte actualizárese, adoitar unha forma, escoller un nome, e onde, abolida toda determinación, era doado acceder a un éxtase anónimo. Atopamos esta esperiencia extática cando, a prol dalgún estado estremo, liquidamos a nosa identidade e rompemos os nosos límites.

VEN de aparecer en Madrid unha *Literatura gallega*, de Guillermo Díaz Plaja. Despóis dun prólogo xeneral do autor, a obra aparece dividida en diversos capítulos: Periodo medieval, O renacimento do XIX, A prosa galega nese mesmo século, a narrativa do XX, A lírica dende os movimentos de vangarda, A narrativa no mesmo periodo, A primeira promoción da posguerra, A narrativa actual, O teatro, O ensaio. Tamén figura no libro unha escolma de cada periodo estudado, na que se procuróu dar un amplio espello de cada tempo.

En cumplimiento de lo dispuesto en el art. 24 de la vigente Ley de Prensa e Imprenta, y para información de nuestros lectores, se consignan a continuación los nombres de las personas integrantes del Consejo de Administración u órgano rector de la *Editorial Galaxia*, Sociedad Anónima, como empresa editora de la presente publicación:

PRESIDENTE: D. Ramón Otero Pedrayo.

VICEPRESIDENTE: D. Domingo García-Sabell.

VOCALES: D. Alvaro Gil Varela, D. Sebastián Martínez-Risco, D. Jesús Ferro Couselo, D. Agustín Sixto Seco, D. Marino Dónega Rozas, D. Salvador Rey Rodríguez y D. Manuel Caamaño Suárez.

CONSEJERO-DELEGADO: D. Jaime Isla Couto.

SECRETARIO: D. José Luis Franco Grande.

Asimismo se hace constar que ninguno de los accionistas de esta Sociedad es poseedor de una participación que alcance al diez por ciento del patrimonio social, a que se refiere el precepto legal referido.

Editorial Galaxia, S. A., fue fundada por escritura pública de tres de noviembre de mil novecientos cincuenta, ante el Notario don Miguel Hoyos de Castro, con el número 2.909 de su protocolo, con un capital de 500.000 pesetas, dividido en acciones de mil pesetas cada una, en la actualidad enteramente suscritas y desembolsadas.

ÍNDICE DO TOMO XII

Xaneiro-marzo, abril-xunio
Xulio-setembro, outubro-decembro
1 9 7 4

	N.º	Páx.
A. G.		
"La economía gallega en los escritos de Pedro Sánchez"	46	503
Alfaya, Xoan Xulio		
Poemas pequenos	45	343
Álvarez Val, Laureano		
"Relixión e Libertade"	43	118
Arias, V.		
"La agricultura y el estancamiento económico de Galicia en la España del antiguo régimen"	43	117
"Viaje por las escuelas de Galicia"	45	375
Babarro, X.		
Trad. de "A cabra do Señor Seguín"	46	461
Barreiro Fernández, Xosé R.		
Federalismo e rexionalismo galegos no século XIX	43	49
Barreiros, Cosme		
"As impurezas do branco"	45	379
Barros, Fernando		
O diabo na obra de Valle-Inclán	43	10
Barros, Tomás		
La imagen espacial en la poesía de Luz Pozo Garza	44	222
Bustelo, Francisco		
Introdución ao estudo cuantitativo da poboación galega no século XVII	45	257
C. G.		
"Et Dieu créa la femme"	43	121
C. M.		
O arte de Luis Seoane	44	219
C(arballo)		
"Catálogo de voces y frases de la lengua gallega"	44	249
Silvio Pellegrini	46	508
Carballo Calero, R.		
Figuras representativas da literatura galega actual	45	269
Casado Nieto, Manuel		
Trad. de "Os laios de Xeremías"	44	198
Castro, Plácido R.		
Laios gaélicos	43	104

	N.º	Páx.
Daudet, Alphonse		
A cabra do señor Seguín	46	461
Durán, Carlos		
Entre o sí e o non	44	238
A epistemoloxía de Karl Popper	46	475
"Letras do noso tempo"	46	501
Estravís, Isaac		
Un novo libro do Prof. López Quintás	43	99
Feldman, David		
Consideraciones sobre la identificación lingüística de la lengua gallega	43	38
Fernández Ferreiro, X.		
O rally	44	209
Fernández Rei, Francisco		
Encol da publicación do "Léxico de la comarca compostelana"	46	494
Ferreira da Cunha, Celso		
No decenario da revista "Grial"	43	78
Ferro Couselo, Xesús		
Dona Tereixa, fundadora e raíña de Portugal	46	468
Ferro Ruibal, Xesús		
Trad. da Carta aos cristiáns da Galacia	43	34
Franco Grande, Xosé Luis		
Cronología gallega de Federico García Lorca y datos sincrónicos	45	280
García, Constantino		
A lingua galega hoxe. A súa situación no ensino	44	148
García Martínez, Manuel Carlos		
"Historia de Galiza, III. Prehistoria"	44	243
García Rodríguez, M.ª do Carme		
Sobre a poética de Manuel Antonio	45	356
Gil, Álvaro		
Jesús Corredoyra, o pintor arrebatado	45	354
González Gómez, Xesús		
Carta de Barcelona: Dous cincuentenarios	46	472
González López, Emilio		
Fray Martín Sarmiento e a concencia da persoalidade cultural de Galicia	43	1
Graña, Bernardino		
Tres poemas	46	465
Huerga Fidalgo, Xosé Gonzalo de la		
Comentos sobor do libro "Estudos do Dereito Civil de Galicia"	45	364
Landeira Yrago, José		
Cronología gallega de Federico García Lorca y datos sincrónicos	45	280
Lesta Meis, Xosé		
Manecho o da rúa	46	442

	N.º	Páx.
López Castro, Serxo		
"A revolta e outras farsas", de Mariñas del Valle	46	479
Lorenzana, Salvador		
"Ramón del Valle-Inclán: Luces de Bohemia"	43	110
"Influencia de algunos matemáticos y universitarios en el renacimiento cultural de Galicia"	43	116
"Da épica na Galicia medieval"	43	120
O fado tráxico dun artista	44	173
"Fr. Martín Sarmiento, testigo de su siglo"	44	245
"Poesía gallega contemporánea"	44	250
A obra máis recente de Luis Seoane	45	374
"Crónicas, I: agitadores, poetas, caciques, bandoleros y reformadores de Galicia"	45	378
A tendencia do teatro contemporáneo	46	510
Lourenzo, M.		
"Teatro pra a xente"	45	377
Mariñas del Valle, Xenaro		
Dúas pezas de teatro inerte	44	186
Marco, Aurora		
Ao marxe dunha escolma de Xan Vicente Viqueira	46	499
Martínez Barbeito, Carlos		
García Lorca, poeta gallego. Un viaje a Galicia del cantor de Andalucía	43	90
Moreiras, Eduardo		
Unha constante na obra de arte: O tempo interior	44	181
Murguía, Manuel		
Discurso nos Xogos Froráis de Tui, do 1891	43	83
Palmás, Ricardo		
"El problema nacional de Galicia"	46	504
Paradela, Álvaro		
Novas sabencias	45	372
Pena Trapero, B.		
"O atraso económico de Galicia"	44	247
Pensado, J. L.		
"El Monasterio de San Pedro de Rocas y su colección documental"	43	106
"Catálogo de los documentos privados en pergamino del Archivo de la Catedral de Orense (888-1554)"	43	113
Piñeiro, R.		
"Dialéctica existencial y psicoanálisis"	43	108
"Contos da néboa"	43	115
Xohán Vicente Viqueira	44	215
Prado Coelho, Jacinto do		
No centenario da revista "Grial"	43	80
Risco, Vicente		
Encol do simbolismo do Grial	46	426
Rodríguez Pampín, X. M.		
O Neno	45	327
S. G. B.		
"O bosque de Ouriol"	46	506

	N.º	Páx.
Seoane, Luis		
Encol da miña aportación ao arte mural	45	308
Siro		
A caricatura como arte	44	129
Snaidas, Adolfo		
"Aura" e a nova novela hispanoamericana	46	434
Stegagno Picchio, Luciana		
No decenario da revista "Grial"	43	79
Taboada Chivite, Xesús		
"Cantigueiro popular da Limia Baixa"	43	111
Torres Queiruga, Andrés		
A traducción da Biblia ao galego	44	233
Trebolle Barrera, Xulio-César		
Polos camiños da galega Egería no Sinaí	45	347
Vázquez, Lois		
A estrela do emigrante	45	340
Vázquez Cuesta, Pilar		
Curros, os escritores portugueses e o Ultimatum	46	385
Veiga Arias, Amable		
Fonología gallega. Fonemática: La sílaba	44	157
Vilas Nogueira, Xosé		
Carta a don Ramón Piñeiro	44	221
Yeats, William B.		
O país da saudade	45	319
Zubillaga Barrera, Carlos A.		
"Lo gallego" en la primitiva poesía popular uruguaya	46	485

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

Precios de venta e suscripción

Número solto	100 ptas.
Estranxeiro	150 "
Suscripción anual, 4 números	360 "
Estranxeiro	540 "

Redacción e Administración

Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — V i g o

Impreso nos talleres de ARTES GRAFICAS GALICIA, S. A.
Segovia, 15 — V i g o — Dep. Legal: VG - 99 - 1963

4 800.000 pesetas

PREMIOS DA EDITORIAL GALAXIA

Novela, Teatro, Lingüística e Socioloxía

En 1950 creóuse a Editorial Galaxia co fin de promover e difundir a cultura galega. Ao servicio desta finalidade leva publicados dous centenares de libros de materia diversa —narración, ensaio, poesia, teatro, literatura infantil, economía, filoloxía, historia, etc., así como traduccións de importantes obras de outras culturas e dúas revistas, unha de economía ("Revista de Economía de Galicia") e outra de cultura ("Grial"). Pódese decir que, tomado en conxunto, este labor editorial representa un dos meirandes impulsos recibidos pola nosa cultura.

Cadrando cos 25 anos da súa fundación, Editorial Galaxia convoca un concurso literario con arreglo ás seguintes

BASES

Primeira. Será fallado o Día das Letras Galegas (17 de maio) de 1975.

Segunda. Este concurso consta dos catro premios que siguen

1 — Premio de novela, dotado con 200.000 pesetas.

2 — Premio de teatro, dotado con 200.000 pesetas.

3 — Premio para unha obra que estudie a lingua galega na súa evolución histórica —lingüística e cultural— e na súa realidade presente, con especial referencia aos problemas da súa unificación normativa como lingua común de cultura. Dotado con 200.000 pesetas.

4 — Premio para unha obra que estudie a sociedade galega, ora na súa realidade presente, ora no seu proceso histórico moderno, podendo abranguela na súa globalidade ou analizala ao traveso de algún fenómeno relevante da súa problemática económica ou social. Dotado con 200.000 pesetas.

Terceira. Os traballos deberán estar escritos en galego e mecanografiados a doble espacio.

Cuarta. De cada traballo concursante deben enviarse a Galaxia (Reconquista, 1, Vigo) tres copias con lema e plica.

Quinta. O prazo de admisión remata o 31 de marzo de 1975.

Sexta. Galaxia resérvase o dereito a publicar as obras premiadas, en opción preferente durante un prazo de 18 meses a contar do fallo do xurado. No caso de que se faga uso deste dereito os autores suscribirán coa Editorial o oportuno contrato, de acordo coas normas establecidas polo INLE a tal respecto.

Sétima. Editorial Galaxia designará o Xurado que teña de fallar os diferentes premios de que consta este concurso.

EDITORIAL
GALAXIA, SA

Esta edición facsimilar
da revista GRIAL,
rematouse de imprentar
no obradoiro de
Artes Gráficas Galicia, S.A.,
na rúa Segovia, 19 de Vigo,
o día 15 de setembro do 1988